

# PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

## Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
15025268	IES As Telleiras	Narón	2023/2024

## Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Educación secundaria obrigatoria	Lingua galega e literatura	1º ESO	3	105

## Réxime

Réxime xeral-ordinario

<b>Contido</b>	<b>Páxina</b>
1. Introducción	3
2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias	4
3.1. Relación de unidades didácticas	6
3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas	9
4.1. Concrecións metodolóxicas	32
4.2. Materiais e recursos didácticos	34
5.1. Procedemento para a avaliación inicial	35
5.2. Criterios de cualificación e recuperación	35
5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes	37
6. Medidas de atención á diversidade	37
7.1. Concreción dos elementos transversais	40
7.2. Actividades complementarias	41
8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a práctica docente cos seus indicadores de logro	41
8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora	43
9. Outros apartados	44

## 1. Introducción

A finalidade da materia de Lingua Galega e Literatura na educación secundaria obrigatoria oriéntase tanto á eficacia comunicativa como a favorecer un uso ético da linguaxe que poña as palabras ao servizo da convivencia democrática, a resolución dialogada dos conflitos e a construción de vínculos persoais e sociais baseados no respecto e na igualdade de dereitos de todas as persoas. Desta maneira, a materia contribúe ao desenvolvemento de todas as competencias recollidas no perfil de saída do alumnado ao remate do ensino básico. Estes obxectivos supoñen unha progresión respecto dos formulados na educación primaria, dos que haberá que partir, para pasar dun acompañamento guiado a outro progresivamente autónomo.

O currículo da materia de Lingua Galega e Literatura de ESO establece, ademais de obxectivos, os criterios de avaliación e os contidos que se deben abordar no nivel. Aparecen distribuídos en catro bloques:

O primeiro bloque, «As linguas e os seus falantes» incide no recoñecemento da diversidade lingüística do alumnado, de Galicia, de España e do mundo, en especial do ámbito lusófono. O segundo bloque, «Comunicación», integra os contidos implicados na comunicación oral e escrita e na alfabetización mediática e informacional. O terceiro bloque, «Educación literaria», recolle as experiencias e os contidos necesarios para consolidar o hábito lector, conformar a propia identidade lectora e desenvolver habilidades de interpretación de textos literarios. O cuarto bloque, «Reflexión sobre a lingua», propón a construción guiada de conclusións sobre o sistema lingüístico usando unha metalinguaxe específica.

Nesta proposta didáctica de 1º de ESO os catro bloques concréntanse en nove unidades didácticas identificadas con expresións alusivas a algún dos seus contidos. Cada unidade iníciase cunha lectura que servirá de introdución do tema a tratar, á vez que se empregará para traballar cuestións lingüísticas e extralingüísticas relativas á materia.

Tocante á distribución dos bloques por unidades, o primeiro bloque desenvolverase nas tres primeiras unidades. Nas restantes traballarase os contidos de todos os demais bloques. Cada tres unidades inclúense algúns proxectos didácticos sobre distintos aspectos salientables do nivel.

Alén dos contidos lingüísticos, sociolingüísticos e literarios que inclúe a programación da materia de Lingua Galega e Literatura deste curso, cómpre tamén salienta a incorporación de nocións básicas das linguas da Península Ibérica, particularmente, da portuguesa.

Este fomento do ensino-aprendizaxe do portugués está en consonancia coa Lei 1/2014, do 24 de marzo, para o aproveitamento da lingua portuguesa e vínculos coa lusofonía, e coas directrices da Unión Europea relativas ao coñecemento das variedades lingüísticas próximas e, de modo especial, ás transfronteirizas que presentan vínculos históricos e estruturais tan evidentes como acontece co galego e o portugués. A coñecida tamén como Lei Valentín Paz Andrade incide nesta idea ao establecer que «a lingua propia de Galicia, polo feito de ser intercomprensible co portugués, outórgalle unha valiosa vantaxe competitiva á cidadanía galega» e prosegue, «por iso debemos dotarnos de métodos formativos e comunicativos que nos permitan desenvolvernos con naturalidade nunha lingua que nos é moi próxima e nos concede unha grande proxección internacional».

Tendo en conta este marco, unha das propostas para o primeiro trimestre relacionarase coa conmemoración do día europeo das linguas e consistirá nun proxecto que partirá do achegamento ao plurilingüismo europeo e á realidade de España para centrarse na nosa comunidade e a relación coa lusofonía.

Outra proposta poñerá o alumnado en relación cos medios de comunicación e as redes sociais e serán investigadores e autores dalgunha sección dun xornal. Ao ser o inicio da adolescencia unha etapa especialmente vulnerable, é moi importante que o alumnado destas idades desenvolva o seu espírito crítico e sexa consciente dos riscos da Rede e do uso dalgúns destes medios.

No segundo trimestre teremos tamén dúas propostas: nunha delas o alumnado partirá da lectura de poemas e levará a cabo a creación dalgúns propios que posteriormente recitará. Así, espertamos a creatividade e fomentamos a oralidade con este xénero literario. Na outra, o alumnado será transmisor dun conto popular, o que permitirá traballar as diferenzas entre o conto popular e o conto literario.

No terceiro trimestre, dada a correspondencia no tempo coa festa dos maios, o alumnado investigará sobre esta celebración e aportará as súas creacións a través de gravacións. As últimas semanas do curso destinaranse a preparar unha representación teatral, entendida esta como unha actividade lúdica que axudará a presentar os trazos do xénero dramático e a mellorar a competencia comunicativa do alumnado. Ademais, ambas as dúas propostas servirán para potenciar a súa creatividade e o seu talento artístico.

Por último, cómpre salienta que os libros de lectura propostos para cada trimestre abordarán temáticas diferenciadas e corresponderanse con distintos xéneros literarios. No primeiro e segundo proporase unha obra narrativa e no terceiro, unha peza teatral.

## 2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1 - Describir e apreciar a diversidade lingüística do mundo a partir do recoñecemento das linguas do alumnado e a realidade plurilingüe e pluricultural da Península Ibérica, analizando a orixe e o desenvolvemento sociohistórico das súas linguas (e, máis concretamente, a do portugués, catalán e éuscaro), e as características das principais variedades dialectais do galego, para favorecer a reflexión interlingüística, combater os estereotipos e prexuízos e valorar a devandita diversidade como fonte de riqueza cultural.	1-5	2-3		1		1-2		1-3
OBX2 - Comprender e interpretar textos orais e multimodais recollendo o sentido xeral e a información máis relevante, identificando o punto de vista e a intención do emisor e valorando a súa fiabilidade, a súa forma e o seu contido, para construír coñecemento, formar opinión e ampliar as posibilidades de gozo e de lecer.	2-4	2	1	2-3	4	3		
OBX3 - Producir textos orais e multimodais con coherencia e fluidez e co rexistro adecuado, atendendo ás convencións propias dos diferentes xéneros discursivos, e participar en interaccións orais con actitude cooperativa e respectuosa, tanto para construír coñecemento e establecer vínculos persoais como para intervir de maneira activa e informada en diferentes contextos sociais.	1-3-5	2	1	2-3	5	2	1-3	
OBX4 - Comprender, interpretar e valorar textos escritos, con sentido crítico e diferentes propósitos de lectura recoñecendo o sentido global e as ideas principais e secundarias, identificando a intención do emisor, reflexionando sobre o contido e a forma e avaliando a súa calidade e fiabilidade para dar resposta ás necesidades e aos intereses comunicativos diversos e para construír coñecemento.	2-3-5	2	4	1	4	1-3		
OBX5 - Producir textos escritos e multimodais coherentes, cohesionados, adecuados e correctos atendendo ás convencións propias do xénero discursivo elixido, para construír coñecemento e para dar resposta de maneira informada, eficaz e creativa a demandas comunicativas concretas.	1-3-5		1	2-3	5	2		

<b>Obxectivos</b>	<b>CCL</b>	<b>CP</b>	<b>STEM</b>	<b>CD</b>	<b>CPSAA</b>	<b>CC</b>	<b>CE</b>	<b>CCEC</b>
OBX6 - Seleccionar e contrastar información procedente de diferentes fontes de maneira progresivamente autónoma, avaliando a súa fiabilidade e pertinencia en función dos obxectivos de lectura e evitando os riscos de manipulación e desinformación, e integrala e transformala en coñecemento para comunicala desde un punto de vista crítico e persoal e, ao mesmo tempo, respectuoso coa propiedade intelectual.	3			1-2-3-4	4	2	3	
OBX7 - Seleccionar e ler de maneira autónoma obras diversas como fonte de pracer e coñecemento, configurando un itinerario lector que evolucione en canto á diversidade, complexidade e calidade das obras e compartir experiencias de lectura para construír a propia identidade lectora e para gozar da dimensión social da lectura.	1-4			3	1			1-2-3
OBX8 - Ler, interpretar e valorar obras ou fragmentos literarios do patrimonio galego, portugués e universal, utilizando unha metalinguaxe específica e mobilizando a experiencia biográfica e os coñecementos literarios e culturais que permitan establecer vínculos entre textos diversos e con outras manifestacións artísticas, para conformar un mapa cultural, ampliar as posibilidades de gozo da literatura e crear textos de intención literaria.	1-4					1		1-2-3-4
OBX9 - Mobilizar o coñecemento sobre a estrutura da lingua e os seus usos e reflexionar de maneira progresivamente autónoma sobre as eleccións lingüísticas e discursivas, coa terminoloxía axeitada, para desenvolver a conciencia lingüística, aumentar o repertorio comunicativo e mellorar as destrezas tanto de produción oral e escrita coma de recepción crítica.	1-2	2	1-2		5			
OBX10 - Pór as propias prácticas comunicativas ao servizo da convivencia democrática, da resolución dialogada dos conflitos e da igualdade de dereitos de todas as persoas, utilizando unha linguaxe non discriminatória e desterrando os abusos a través da palabra para favorecer un uso non só eficaz, senón tamén ético e democrático, da linguaxe.	1-5	3		3	3	1-2-3		

**Descrición:**

### 3.1. Relación de unidades didácticas

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	COAS PALABRAS E COS XESTOS	<p>Realizárase nos primeiros días do curso a proba inicial coa que se obterá información do alumnado referida á súa comprensión de texto, á súa expresión oral e escrita, ao seu dominio de léxico, á súa ortografía e ao coñecemento dalgúns aspectos básicos da gramática.</p> <p>Iniciárase o curso coa abordaxe do proceso comunicativo, estudando os textos e as súas clases, distinguindo entre o texto oral e o texto escrito e dentro deles os textos da vida cotiá, coñecendo os rexistros lingüísticos axeitados para cada caso.</p> <p>Estudárase a diversidade lingüística do mundo e distinguirase entre bilingüismo e plurilingüismo.</p> <p>Repárase o emprego correcto do dicionario e aprenderase a recoller toda a información que nos pode facilitar.</p> <p>Aprenderase o alfabeto galego, a grafía das letras e os dígrafos.</p> <p>Propoñerase a obra de lectura para realizar de forma autónoma para este primeiro trimestre.</p>	10	10	X		
2	FACENDO DE REPORTEIROS	<p>Abordaranse os textos dos medios de comunicación e elaborárase un telexornal de aula e/ou unha parte dun xornal escrito.</p> <p>Estudaranse as linguas da Península vendo a relación de similitude e de diferenza entre elas e o grao de dificultade que cada unha ten para o noso alumnado.</p> <p>Aprenderase o sistema vocálico galego e o acento diacrítico.</p> <p>Aprenderase a identificar as sílabas tónica e átonas dunha palabra.</p> <p>Ampliarase o vocabulario con sinónimos e antónimos.</p> <p>Estudárase a formación das palabras e aprenderase a estruturalas nos seus constituíntes: lexemas e morfemas.</p>	10	11	X		

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
3	UNHA AVENTURA SUBSTANTIVA CON TRAZOS IMPORTANTES	<p>Traballaranse os textos narrativos, descritivos e dialogados e prestarase atención a unha correcta puntuación dos mesmos.</p> <p>Verase a relación de Galicia co mundo lusófono.</p> <p>Repararase a acentuación gráfica das palabras agudas.</p> <p>Distinguirase entre palabras monosémicas e palabras polisémicas así como entre palabras homónimas e parónimas.</p> <p>Estudarase o artigo e o xénero e o número do substantivo e do adxectivo.</p>	10	10	X		
4	ERA LAMBONA DE SEU!	<p>Confeccionaranse textos expositivos, coidando a súa corrección ortográfica e de puntuación.</p> <p>Repararase a acentuación das palabras graves e esdrúxulas.</p> <p>Ampliarase o vocabulario creando campos semánticos.</p> <p>Estudarase a gradación do adxectivo.</p> <p>Aprenderase a identificar todos os tipos de determinantes.</p>	10	8		X	
5	ALGUÉN VIU O GATIPEDRO?	<p>Aprenderase a diferenciar os distintos xéneros literarios: a narrativa, a lírica e o teatro.</p> <p>Diferenciarase entre o conto popular e o conto literario e farase unha exposición dalgunha composición de tradición oral: un conto ou unha lenda.</p> <p>Procurarase a corrección ortográfica centrándonos nas palabras con B ou V, con S ou X, con C ou Z e con H ou sen el.</p> <p>Identificarase o léxico que forman abreviaturas, siglas, acrónimos e símbolos.</p> <p>Estudarase a categoría gramatical do pronome, procurando coñecer todas clases de pronomes e centrándose no pronome persoal: distinción entre tónico e átono e a</p>	15	14		X	

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
5	ALGUÉN VIU O GATIPEDRO?	colocación deste último.	15	14		X	
6	HEROES DE TINTA CHINESA	<p>Elaborarase unha mostra de banda deseñada.</p> <p>Centrarase o estudo no xénero poético coas súas características básicas referidas aos versos, rima e estrofas. Crearanse poemas para posteriormente seren recitados.</p> <p>Traballarase ortograficamente o uso dos dígrafos CH, GU e NH</p> <p>Estudarse a formación de substantivos e adxectivos a través de sufixos.</p>	10	15		X	
7	VAS OU VÉS?	<p>Seleccionaranse textos segundo o xénero literario ao que pertenzan.</p> <p>Traballarase ortograficamente o uso dos dígrafos LL, QU e RR</p> <p>Estudarse a formación de verbos e adverbios a través de sufixos.</p> <p>Estudarse a categoría gramatical do verbo distinguindo entre regular, semirregular e irregular.</p>	15	10			X
8	OUTRA VACA NO MILLO!	<p>Farase a interpretación dalgunha mostra da literatura popular: cantiga, regueifa,... A través deste tipo de literatura recoñeceranse algúns termos que pertencen ás variantes dialectais da nosa lingua.</p> <p>Elaborarase un xogo para identificar a fraseoloxía popular, o que axudará a ampliar o vocabulario con expresións feitas, refráns, ditos, sentenzas,... e evitar así que caian en desuso.</p> <p>Mofoloxicamente, identificaranse as palabras invariables: adverbio, preposición e conxunción.</p> <p>Estudarse sintacticamente a oración simple.</p>	10	10			X
9	ENTRE BASTIDORES	<p>Representarase unha peza teatral</p> <p>Estudarse o texto dramático e os seus subxéneros.</p> <p>Ampliarase o vocabulario prestando</p>	10	17			X



UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
9	ENTRE BASTIDORES	atención á identificación de tabús, eufemismos e corrixindo castelanismos.  Estudaranse as modalidades oracionais.	10	17			X

### 3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

UD	Título da UD	Duración
1	COAS PALABRAS E COS XESTOS	10

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Recoñecer as linguas da Península Ibérica, especialmente as características básicas do portugués, do éuscaro e do catalán, e identificar algúns trazos dos repertorios lingüísticos e das variedades dialectais do alumnado, contrastándoos en manifestacións orais, escritas e multimodais.	O alumnado comprende e valora a diversidade lingüística no mundo, principalmente en Europa e na Península Ibérica. O alumnado identifica o bilingüismo e o plurilingüismo.	PE	70
CA2.1 - Valorar a forma e o contido de textos escritos, orais e multimodais sinxelos, avaliando a súa calidade, a súa fiabilidade e a idoneidade da canle utilizada, así como a eficacia dos procedementos comunicativos empregados.	O alumnado coñece e sabe distinguir os trazos diferenciais entre a lingua oral e a lingua escrita, atendendo a aspectos sintácticos, léxicos e pragmáticos.		
CA2.4 - Comprender e interpretar o sentido global, a estrutura, a información máis relevante e a intención do emisor en textos escritos e multimodais sinxelos de diferentes ámbitos que respondan a diferentes propósitos de lectura, realizando as inferencias necesarias.	O alumnado comprende e interpreta o sentido global a estrutura e a intención do autor en textos escritos de diferentes ámbitos.		
CA2.5 - Planificar e redactar textos escritos e multimodais sinxelos, atendendo á situación comunicativa, ao destinatario, ao propósito e á canle, presentando, despois da súa revisión, un texto final coherente, cohesionado e co rexistro adecuado.	O alumnado domina diferentes tipoloxías textuais segundo o seu ámbito de uso, como as cartas, o correo electrónico, as notas, os SMS e a mensaxaría instantánea.		
CA4.1 - Incorporar procedementos básicos para enriquecer os textos, atendendo a aspectos discursivos, lingüísticos e de estilo, con precisión léxica e corrección ortográfica e gramatical.	O alumnado sabe soletrear os grafemas e os dígrafos do galego. Tamén sabe aplicar correctamente as regras de acentuación básicas.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.2 - Realizar narracións e exposicións orais sinxelas con diferente grao de planificación sobre temas de interese persoal, social e educativo axustándose ás convencións propias dos diversos xéneros discursivos, con fluidez e coherencia e co rexistro adecuado, en diferentes soportes e utilizando de maneira eficaz recursos verbais e non verbais.	O alumnado, partindo dunha planificación dada, é capaz de realizar exposicións orais con fluidez, coherencia e no rexistro adecuado.		
CA2.3 - Participar en interaccións orais informais, no traballo en equipo e en situacións orais formais de carácter dialogado de maneira activa e adecuada, con actitudes de escoita activa e facendo uso de estratexias de cooperación conversacional e de cortesía lingüística.	O alumnado participa activamente, respectando a quenda de palabra, con boa actitude e cortesía lingüística, en conversas na clase sobre determinados temas que se propoñen.		
CA2.6 - Localizar, seleccionar e contrastar información de maneira guiada procedente de diferentes fontes calibrando a súa fiabilidade e pertinencia en función dos obxectivos de lectura, adoptando un punto de vista crítico e respectando os principios de propiedade intelectual.	O alumnado localiza e selecciona información referida á diversidade lingüística en fontes fiables		
CA2.9 - Explicar e argumentar a interrelación entre o propósito comunicativo e as eleccións lingüísticas do emisor, así como os seus efectos no receptor, utilizando o coñecemento explícito da lingua e unha metalinguaxe específica.	O alumno sabe escoller os elementos lingüísticos axeitados en cada proceso comunicativo, tanto respecto á lingua como ao rexistro lingüístico.		
CA2.10 - Identificar e desterrar os usos discriminatorios da lingua, os abusos a través da palabra e os usos manipuladores da linguaxe partindo da reflexión e da análise dos elementos lingüísticos, textuais e discursivos utilizados, así como dos elementos non verbais da comunicación.	O alumno identifica e desterra os usos discriminatorios da lingua.	TI	30
CA3.2 - Valorar a forma e o contido de textos sinxelos avaliando a súa calidade, fiabilidade e idoneidade da canle utilizada, así como a eficacia dos procedementos comunicativos empregados.	O alumnado sabe valorar a forma e contido dos textos independentemente da canle utilizada.		
CA4.2 - Localizar, seleccionar e contrastar información de maneira progresivamente autónoma procedente de diferentes fontes calibrando a súa fiabilidade e pertinencia en función dos obxectivos de lectura e adoptando un punto de vista crítico e de respecto aos principios de propiedade intelectual.	O alumnado sabe buscar e seleccionar información de forma autónoma en diferentes fontes procurando a súa fiabilidade e respectando a propiedade intelectual.		
CA4.3 - Revisar os textos propios de maneira guiada e facer propostas de mellora argumentando as mudanzas a partir da reflexión metalingüística e cunha metalinguaxe específica e identificar e solucionar algúns problemas de comprensión lectora utilizando os coñecementos explícitos sobre a lingua e o seu uso.	O alumnado revisa os seus propios textos aplicando a reflexión metalingüística e corrixindo posibles erros de comprensión lectora.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA4.5 - Formular xeneralización sobre aspectos básicos do funcionamento da lingua a partir da observación, comparación e transformación de enunciados, así como da formulación de hipóteses e a procura de contraexemplos utilizando unha metalinguaxe específica e consultando de maneira guiada dicionarios, manuais e gramáticas.	O alumnado ten o hábito de facer consultas no dicionario e identifica as distintas acepcións de cada palabra, mellorando así o seu coñecemento da lingua.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Observación da propia biografía lingüística e da diversidade lingüística da aula. As familias lingüísticas e as linguas do mundo. Sistemas de escritura. Nocións básicas: fórmulas de saúdo e despedida, agradecemento e des-culpa.</li> <li>- Contexto vinculado ás estratexias de produción, comprensión e análise crítica de textos orais, escritos e multimodais de diferentes ámbitos.</li> <li>- Compoñentes do feito comunicativo: grao de formalidade da situación e carácter público ou privado, distancia social entre os interlocutores, propósitos comunicativos e interpretación de intencións, canle de comunicación e elementos non verbais da comunicación.</li> <li>- Xéneros discursivos desde o punto de vista da produción, comprensión e análise crítica de textos orais, escritos e multimodais.</li> <li>- Xéneros discursivos propios do ámbito persoal: a conversa.</li> <li>- Xéneros discursivos propios do ámbito social. Redes sociais e medios de comunicación. Etiqueta dixital. Ris-cos de desinformación, manipulación e vulneración da privacidade na Rede. Análise da imaxe e elementos paratextuais dos textos icónico-verbais e multimodais.</li> <li>- Procesos de produción, comprensión e análise crítica de textos orais, escritos e multimodais.</li> <li>- Interacción oral e escrita de carácter informal: tomar e ceder a palabra. Cooperación conversacional e cortesía lingüística. escoita activa, asertividade e resolución dialogada dos conflitos.</li> <li>- Comprensión oral: sentido global do texto e relación entre as súas partes, selección e retención da información relevante. Detección de usos discriminatorios da linguaxe verbal e non verbal, dos abusos a través da palabra e dos usos manipuladores da linguaxe.</li> <li>- Produción oral formal: planificación e procura de información, textualización e revisión. Adecuación á audiencia e ao tempo de exposición. Elementos non verbais. Trazos discursivos e lingüísticos da oralidade formal.</li> <li>- Comprensión lectora: sentido global do texto e relación entre as súas partes. A intención do emisor. Detección de usos discriminatorios da linguaxe verbal e non verbal. Os abusos de poder e a manipulación a través da linguaxe.</li> <li>- Produción escrita: planificación, textualización, revisión e edición en diferentes soportes. Corrección gramatical e ortográfica. Propiedade léxica. Usos da escritura para a organización do pensamento: toma de notas, esquemas, mapas conceptuais, resumos etc.</li> <li>- Recoñecemento e uso discursivo dos elementos lingüísticos en textos orais, escritos e multimodais.</li> <li>- Corrección lingüística e revisión ortográfica e gramatical dos textos. Uso de dicionarios, de manuais de consulta e de correctores ortográficos en soporte analóxico ou dixital.</li> <li>- Os signos básicos de puntuación como mecanismo organizador do texto escrito. A súa relación co significado.</li> <li>- Lectura autónoma. Implicación na lectura de obras de maneira progresivamente autónoma a partir dunha selección de textos variados e reflexión sobre os textos lidos e sobre a propia práctica da lectura.</li> <li>- Participación activa en actos culturais vinculados co circuíto literario e lector</li> <li>- Lectura guiada. Lectura de obras relevantes da literatura xuvenil contemporánea galega e do patrimonio literario lusófono, inscritas en itinerarios temáticos ou de xénero, que atravesan épocas, contextos culturais e movementos artísticos.</li> </ul>

<b>Contidos</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Lectura expresiva, dramatización e recitación de textos sinxelos atendendo aos procesos de comprensión, apropiación e oralidade implicados.</li> <li>- Elaboración de conclusións propias sobre o funcionamento do sistema lingüístico cunha linguaxe específica a partir da observación, comparación e clasificación de unidades comunicativas e do contraste entre linguas.</li> <li>- Diferenzas relevantes e interseccións entre a lingua oral e a lingua escrita atendendo a aspectos sintácticos, léxicos e pragmáticos.</li> <li>- Aproximación á lingua como sistema e ás súas unidades básicas tendo en conta os diferentes niveis: o son e sistema de escritura, as palabras (forma e significado) e a súa organización no discurso (orde das palabras, compoñentes das oracións ou conexión entre os significados).</li> <li>- Estratexias de uso progresivamente autónomo de dicionarios e manuais de gramática para obter información gramatical básica.</li> </ul>

<b>UD</b>	<b>Título da UD</b>	<b>Duración</b>
2	FACENDO DE REPORTEIROS	11

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA1.1 - Recoñecer as linguas da Península Ibérica, especialmente as características básicas do portugués, do éuscaro e do catalán, e identificar algúns trazos dos repertorios lingüísticos e das variedades dialectais do alumnado, contrastándoos en manifestacións orais, escritas e multimodais.	O alumnado recoñece no mapa as distintas linguas da Península Ibérica, coñece expresións básicas en cada unha delas, analiza as proximidades entre galego e portugués e pon en valor as relacións entre ambas as dúas linguas.	PE	80
CA2.4 - Comprender e interpretar o sentido global, a estrutura, a información máis relevante e a intención do emisor en textos escritos e multimodais sinxelos de diferentes ámbitos que respondan a diferentes propósitos de lectura, realizando as inferencias necesarias.	O alumnado comprende e interpreta o sentido global a estrutura e a intención do autor en textos escritos de diferentes ámbitos.		
CA2.5 - Planificar e redactar textos escritos e multimodais sinxelos, atendendo á situación comunicativa, ao destinatario, ao propósito e á canle, presentando, despois da súa revisión, un texto final coherente, cohesionado e co rexistro adecuado.	O alumnado ten coñecemento das características, estrutura e potencialidade dos medios de comunicación, distinguindo as súas variedades e usos e sabe redactar textos variados dos medios de comunicación.		
CA3.4 - Explicar e argumentar, coa axuda de pautas e modelos, a interpretación das obras lidas a partir da análise das relacións internas dos seus elementos constitutivos co sentido da obra, atendendo á configuración dos xéneros e subxéneros literarios.	O alumnado demostra comprender e interpretar a obra de lectura proposta.		
CA4.1 - Incorporar procedementos básicos para enriquecer os textos, atendendo a aspectos discursivos, lingüísticos e de estilo, con precisión léxica e corrección ortográfica e gramatical.	O alumno logra elaborar textos básicos con corrección ortográfica e gramatical, precisión léxica, sen esquecer os aspectos discursivos e de estilo.		

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA4.5 - Formular xeneralizacións sobre aspectos básicos do funcionamento da lingua a partir da observación, comparación e transformación de enunciados, así como da formulación de hipóteses e a procura de contraexemplos utilizando unha metalinguaxe específica e consultando de maneira guiada dicionarios, manuais e gramáticas.	O alumnado ten o hábito de facer consultas no dicionario e identifica as distintas acepcións de cada palabra, coñece sinónimos e antónimos e sabe estruturar as palabras nos seus constituíntes.		
CA1.2 - Identificar, a partir da observación da diversidade lingüística da contorna, prexuízos e estereotipos lingüísticos, adoptando unha actitude de respecto e de valoración da riqueza cultural, lingüística e dialectal.	O alumnado sabe expresar oralmente e por escrito a importancia da diversidade lingüística da contorna sen dar ningunha mostra de discriminación entre linguas.	TI	20
CA2.3 - Participar en interaccións orais informais, no traballo en equipo e en situacións orais formais de carácter dialogado de maneira activa e adecuada, con actitudes de escoita activa e facendo uso de estratexias de cooperación conversacional e de cortesía lingüística.	O alumnado participa activamente, respectando a quenda de palabra, con boa actitude e cortesía lingüística, en conversas na clase sobre determinados temas que se propoñen.		
CA3.1 - Comprender e interpretar o sentido global, a estrutura, a información máis relevante e a intención do emisor de textos escritos e multimodais sinxelos de diferentes ámbitos que respondan a diferentes propósitos de lectura, realizando as inferencias necesarias.	O alumnado comprende e interpreta o sentido global a estrutura e a intención do autor en textos escritos de diferentes ámbitos.		
CA3.3 - Elixir e ler textos a partir de preseleccións guiándose polos propios gustos, intereses e necesidades e deixando constancia do propio itinerario lector e da experiencia da lectura.	O alumnado acode á biblioteca escolar e selecciona unha obra de acordo cos seus gustos ou preferencias de lectura e explica o motivo da súa escolla.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Observación da propia biografía lingüística e da diversidade lingüística da aula. As familias lingüísticas e as linguas do mundo. Sistemas de escritura. Nocións básicas: fórmulas de saúdo e despedida, agradecemento e desculpa.</li> <li>- Recoñecemento das linguas da Península Ibérica, especialmente do portugués, do éuscaro e do catalán.</li> <li>- Estratexias de identificación de prexuízos e estereotipos lingüísticos do galego e exploración das formas de os evitar.</li> <li>- Contexto vinculado ás estratexias de produción, comprensión e análise crítica de textos orais, escritos e multimodais de diferentes ámbitos.</li> <li>- Compoñentes do feito comunicativo: grao de formalidade da situación e carácter público ou privado, distancia social entre os interlocutores, propósitos comunicativos e interpretación de intencións, canle de comunicación e elementos non verbais da comunicación.</li> <li>- Xéneros discursivos desde o punto de vista da produción, comprensión e análise crítica de textos orais, escritos e multimodais.</li> <li>- Xéneros discursivos propios do ámbito social. Redes sociais e medios de comunicación. Etiqueta dixital. Ris-cos de desinformación, manipulación e vulneración da privacidade na Rede. Análise da imaxe e elementos paratextuais dos textos icónico-verbais e multimodais.</li> <li>- Procesos de produción, comprensión e análise crítica de textos orais, escritos e multimodais.</li> <li>- Interacción oral e escrita de carácter informal: tomar e ceder a palabra. Cooperación conversacional e cortesía lingüística. Escoita activa, asertividade e resolución dialogada dos conflitos.</li> </ul>

**Contidos**

- Comprensión lectora: sentido global do texto e relación entre as súas partes. A intención do emisor. Detección de usos discriminatorios da linguaxe verbal e non verbal. Os abusos de poder e a manipulación a través da linguaxe.
- Producción escrita: planificación, textualización, revisión e edición en diferentes soportes. Corrección gramatical e ortográfica. Propiedade léxica. Usos da escritura para a organización do pensamento: toma de notas, esquemas, mapas conceptuais, resumos etc.
- Recoñecemento e uso discursivo dos elementos lingüísticos en textos orais, escritos e multimodais.
- Corrección lingüística e revisión ortográfica e gramatical dos textos. Uso de dicionarios, de manuais de consulta e de correctores ortográficos en soporte analóxico ou dixital.
- Os signos básicos de puntuación como mecanismo organizador do texto escrito. A súa relación co significado.
- Promoción dun modelo lingüístico afastado da castelanización e da deturpación para conseguir un modelo de lingua de calidade.
- Lectura autónoma. Implicación na lectura de obras de maneira progresivamente autónoma a partir dunha selección de textos variados e reflexión sobre os textos lidos e sobre a propia práctica da lectura.
- Participación activa en actos culturais vinculados co circuíto literario e lector
- Lectura guiada. Lectura de obras relevantes da literatura xuvenil contemporánea galega e do patrimonio literario lusófono, inscritas en itinerarios temáticos ou de xénero, que atravesan épocas, contextos culturais e movementos artísticos.
- Expresión pautada a través de procesos e soportes diversificados, da interpretación e da valoración persoal de obras e fragmentos literarios.
- Creación de textos a partir da apropiación das convencións da linguaxe literaria e en referencia a modelos dados (imitación, transformación, continuación etc.).
- Elaboración de conclusións propias sobre o funcionamento do sistema lingüístico cunha linguaxe específica a partir da observación, comparación e clasificación de unidades comunicativas e do contraste entre linguas.
- Aproximación á lingua como sistema e ás súas unidades básicas tendo en conta os diferentes niveis: o son e sistema de escritura, as palabras (forma e significado) e a súa organización no discurso (orde das palabras, compoñentes das oracións ou conexión entre os significados).
- Estratexias de uso progresivamente autónomo de dicionarios e manuais de gramática para obter información gramatical básica.

UD	Título da UD	Duración
3	UNHA AVENTURA SUBSTANTIVA CON TRAZOS IMPORTANTES	10

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.4 - Comprender e interpretar o sentido global, a estrutura, a información máis relevante e a intención do emisor en textos escritos e multimodais sinxelos de diferentes ámbitos que respondan a diferentes propósitos de lectura, realizando as inferencias necesarias.	O alumnado comprende e interpreta o sentido global a estrutura e a intención do autor en textos escritos de diferentes ámbitos.	PE	70
CA2.5 - Planificar e redactar textos escritos e multimodais sinxelos, atendendo á situación comunicativa, ao destinatario, ao propósito e á canle, presentando, despois da súa revisión, un texto final coherente, cohesionado e co rexistro adecuado.	O alumnado coñece as características dos textos narrativos, descritivos e dialogados e ponas en práctica en redaccións destes tipos de texto con corrección ortográfica.		

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA4.1 - Incorporar procedementos básicos para enriquecer os textos, atendendo a aspectos discursivos, lingüísticos e de estilo, con precisión léxica e corrección ortográfica e gramatical.	O alumnado emprega correctamente as flexións de xénero e número en substantivos, adxectivos e artigos, así como as distintas contraccións destes últimos nos encontros coas preposicións.		
CA4.5 - Formular xeneralizacións sobre aspectos básicos do funcionamento da lingua a partir da observación, comparación e transformación de enunciados, así como da formulación de hipóteses e a procura de contraexemplos utilizando unha metalinguaxe específica e consultando de maneira guiada dicionarios, manuais e gramáticas.	O alumnado sabe clasificar as palabras, coa axuda dos dicionarios e doutros manuais, segundo sexan palabras monosémicas, polisémicas, homónimas e parónimas.		
CA1.1 - Recoñecer as linguas da Península Ibérica, especialmente as características básicas do portugués, do éuscaro e do catalán, e identificar algúns trazos dos repertorios lingüísticos e das variedades dialectais do alumnado, contrastándoos en manifestacións orais, escritas e multimodais.	O alumnado coñece a relación de Galicia co mundo lusófono, distingue algúns rasgos propios do portugués que o distinguen do galego e sabe algunhas expresións básicas nesta lingua.		
CA1.2 - Identificar, a partir da observación da diversidade lingüística da contorna, prexuízos e estereotipos lingüísticos, adoptando unha actitude de respecto e de valoración da riqueza cultural, lingüística e dialectal.	O alumnado sabe expresar oralmente e por escrito a importancia da diversidade lingüística da contorna sen dar ningunha mostra de discriminación entre linguas.		
CA2.2 - Realizar narracións e exposicións orais sinxelas con diferente grao de planificación sobre temas de interese persoal, social e educativo axustándose ás convencións propias dos diversos xéneros discursivos, con fluidez e coherencia e co rexistro adecuado, en diferentes soportes e utilizando de maneira eficaz recursos verbais e non verbais.	O alumnado realiza unha exposición oral gravada sobre a diversidade lingüística, o plurilingüismo, o bilingüismo, as linguas oficiais,... partindo da realidade no mundo e achegándose á súa realidade máis próxima, expresándose con fluidez, coherencia e no rexistro adecuado.	TI	30
CA2.3 - Participar en interaccións orais informais, no traballo en equipo e en situacións orais formais de carácter dialogado de maneira activa e adecuada, con actitudes de escoita activa e facendo uso de estratexias de cooperación conversacional e de cortesía lingüística.	O alumnado participa activamente, respectando a quenda de palabra, con boa actitude e cortesía lingüística, en conversas na clase sobre determinados temas que se propoñen.		
CA2.8 - Revisar os propios textos de maneira guiada e facer propostas de mellora argumentando as mudanzas a partir da reflexión metalingüística e cunha metalinguaxe específica e identificar e retocar algúns problemas de comprensión lectora utilizando os coñecementos explícitos sobre a lingua e o seu uso.	O alumnado revisa e corrixe os propios textos a fin de que cumpran coas características solicitadas nas actividades.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

<b>Contidos</b>
- Observación da propia biografía lingüística e da diversidade lingüística da aula. As familias lingüísticas e as linguas do mundo. Sistemas de escritura. Nocións básicas: fórmulas de saúde e despedida, agradecemento e des-culpa.
- Recoñecemento das linguas da Península Ibérica, especialmente do portugués, do éuscaro e do catalán.
- Os países lusófonos: localización, poboación, costumes... Coñecemento das primeiras nocións de lingua portu-

**Contidos**

- guesa. A ortografía. Semellanzas e diferenzas existentes cos sistemas ortográficos galegos. Iniciación ao coñecemento do léxico.
- Iniciación á reflexión interlingüística.
- Xéneros discursivos desde o punto de vista da produción, comprensión e análise crítica de textos orais, escritos e multimodais.
- Aproximación ás secuencias textuais básicas, con especial atención ás narrativas, descritivas, dialogadas e expositivas.
- Xéneros discursivos propios do ámbito educativo.
- Procesos de produción, comprensión e análise crítica de textos orais, escritos e multimodais.
- Interacción oral e escrita de carácter informal: tomar e ceder a palabra. Cooperación conversacional e cortesía lingüística. escoita activa, asertividade e resolución dialogada dos conflitos.
- Produción oral formal: planificación e procura de información, textualización e revisión. Adecuación á audiencia e ao tempo de exposición. Elementos non verbais. Trazos discursivos e lingüísticos da oralidade formal.
- Produción escrita: planificación, actualización, revisión e edición en diferentes soportes. Corrección gramatical e ortográfica. Propiedade léxica. Usos da escritura para a organización do pensamento: toma de notas, esquemas, mapas conceptuais, resumos etc.
- Recoñecemento e uso discursivo dos elementos lingüísticos en textos orais, escritos e multimodais.
- Uso coherente das formas verbais nos textos. Correlación temporal no discurso relatado.
- Corrección lingüística e revisión ortográfica e gramatical dos textos. Uso de dicionarios, de manuais de consulta e de correctores ortográficos en soporte analóxico ou dixital.
- Os signos básicos de puntuación como mecanismo organizador do texto escrito. A súa relación co significado.
- Elaboración de conclusións propias sobre o funcionamento do sistema lingüístico cunha linguaxe específica a partir da observación, comparación e clasificación de unidades comunicativas e do contraste entre linguas.
- Aproximación á lingua como sistema e ás súas unidades básicas tendo en conta os diferentes niveis: o son e sistema de escritura, as palabras (forma e significado) e a súa organización no discurso (orde das palabras, compoñentes das oracións ou conexión entre os significados).
- Estratexias de uso progresivamente autónomo de dicionarios e manuais de gramática para obter información gramatical básica.

UD	Título da UD	Duración
4	ERA LAMBONA DE SEU!	8

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.4 - Comprender e interpretar o sentido global, a estrutura, a información máis relevante e a intención do emisor en textos escritos e multimodais sinxelos de diferentes ámbitos que respondan a diferentes propósitos de lectura, realizando as inferencias necesarias.	O alumnado comprende e interpreta o sentido global a estrutura e a intención do autor en textos escritos de diferentes ámbitos.	PE	70



<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA2.5 - Planificar e redactar textos escritos e multimodais sinxelos, atendendo á situación comunicativa, ao destinatario, ao propósito e á canle, presentando, despois da súa revisión, un texto final coherente, cohesionado e co rexistro adecuado.	O alumnado leva á práctica en textos propios, con corrección ortográfica, modalidades textuais expositivas, recoñecendo os seus compoñentes básicos e as estruturas máis comúns.		
CA4.1 - Incorporar procedementos básicos para enriquecer os textos, atendendo a aspectos discursivos, lingüísticos e de estilo, con precisión léxica e corrección ortográfica e gramatical.	O alumnado coñece os trazos propios do adxectivo cualificativo, a gradación desta categoría e as e as súas clases. O alumnado sabe identificar os distintos determinantes. O alumnado emprega estas categorías con rigor e adecuación en textos, coherentes e ben cohesionados, de produción propia.		
CA4.5 - Formular xeneralizacións sobre aspectos básicos do funcionamento da lingua a partir da observación, comparación e transformación de enunciados, así como da formulación de hipóteses e a procura de contraexemplos utilizando unha metalinguaxe específica e consultando de maneira guiada dicionarios, manuais e gramáticas.	O alumnado sabe clasificar as palabras, coa axuda dos dicionarios e doutros manuais, en campos semánticos.		
CA2.2 - Realizar narracións e exposicións orais sinxelas con diferente grao de planificación sobre temas de interese persoal, social e educativo axustándose ás convencións propias dos diversos xéneros discursivos, con fluidez e coherencia e co rexistro adecuado, en diferentes soportes e utilizando de maneira eficaz recursos verbais e non verbais.	O alumnado sabe facer exposicións orais expresándose con fluidez, coherencia e no rexistro adecuado.		
CA2.3 - Participar en interaccións orais informais, no traballo en equipo e en situacións orais formais de carácter dialogado de maneira activa e adecuada, con actitudes de escoita activa e facendo uso de estratexias de cooperación conversacional e de cortesía lingüística.	O alumnado participa activamente, respectando a quenda de palabra, con boa actitude e cortesía lingüística, en conversas na clase sobre determinados temas que se propoñen.		
CA2.8 - Revisar os propios textos de maneira guiada e facer propostas de mellora argumentando as mudanzas a partir da reflexión metalingüística e cunha metalinguaxe específica e identificar e retocar algúns problemas de comprensión lectora utilizando os coñecementos explícitos sobre a lingua e o seu uso.	O alumnado revisa e corrixe os propios textos a fin de que cumpran coas características solicitadas nas actividades.		
CA4.3 - Revisar os textos propios de maneira guiada e facer propostas de mellora argumentando as mudanzas a partir da reflexión metalingüística e cunha metalinguaxe específica e identificar e solucionar algúns problemas de comprensión lectora utilizando os coñecementos explícitos sobre a lingua e o seu uso.	O alumnado revisa os seus propios textos aplicando a reflexión metalingüística, centrada no estudada no tema: determinantes e adxectivos, e corrigindo posibles erros de comprensión lectora.	TI	30

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

## Contidos

- Xéneros discursivos desde o punto de vista da produción, comprensión e análise crítica de textos orais, escritos e multimodais.
- Aproximación ás secuencias textuais básicas, con especial atención ás narrativas, descritivas, dialogadas e expositivas.
- Xéneros discursivos propios do ámbito educativo.
- Procesos de produción, comprensión e análise crítica de textos orais, escritos e multimodais.
- Interacción oral e escrita de carácter informal: tomar e ceder a palabra. Cooperación conversacional e cortesía lingüística. Escoita activa, asertividade e resolución dialogada dos conflitos.
- Produción oral formal: planificación e procura de información, textualización e revisión. Adecuación á audiencia e ao tempo de exposición. Elementos non verbais. Trazos discursivos e lingüísticos da oralidade formal.
- Comprensión lectora: sentido global do texto e relación entre as súas partes. A intención do emisor. Detección de usos discriminatorios da linguaxe verbal e non verbal. Os abusos de poder e a manipulación a través da linguaxe.
- Produción escrita: planificación, textualización, revisión e edición en diferentes soportes. Corrección gramatical e ortográfica. Propiedade léxica. Usos da escritura para a organización do pensamento: toma de notas, esquemas, mapas conceptuais, resumos etc.
- Recoñecemento e uso discursivo dos elementos lingüísticos en textos orais, escritos e multimodais.
- Uso coherente das formas verbais nos textos. Correlación temporal no discurso relatado.
- Corrección lingüística e revisión ortográfica e gramatical dos textos. Uso de dicionarios, de manuais de consulta e de correctores ortográficos en soporte analóxico ou dixital.
- Os signos básicos de puntuación como mecanismo organizador do texto escrito. A súa relación co significado.
- Elaboración de conclusións propias sobre o funcionamento do sistema lingüístico cunha linguaxe específica a partir da observación, comparación e clasificación de unidades comunicativas e do contraste entre linguas.
- Aproximación á lingua como sistema e ás súas unidades básicas tendo en conta os diferentes niveis: o son e sistema de escritura, as palabras (forma e significado) e a súa organización no discurso (orde das palabras, compoñentes das oracións ou conexión entre os significados).
- Estratexias de uso progresivamente autónomo de dicionarios e manuais de gramática para obter información gramatical básica.

UD	Título da UD	Duración
5	ALGUÉN VIU O GATIPEDRO?	14

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.4 - Comprender e interpretar o sentido global, a estrutura, a información máis relevante e a intención do emisor en textos escritos e multimodais sinxelos de diferentes ámbitos que respondan a diferentes propósitos de lectura, realizando as inferencias necesarias.	O alumnado comprende e interpreta o sentido global a estrutura e a intención do autor en textos escritos de diferentes ámbitos.	PE	70

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA3.5 - Establecer de maneira guiada vínculos argumentados entre os textos lidos e outros textos escritos, orais ou multimodais, así como con outras manifestacións artísticas en función de temas, tópicos, estruturas, linguaxe e valores éticos e estéticos, mostrando a implicación e a resposta persoal do lector na lectura.	O alumnado reconece os vínculos e as diferenzas entre os textos literarios e os non literarios, diferencia entre conto popular e conto literario, poñéndoos en relación co concepto de lenda.		
CA4.1 - Incorporar procedementos básicos para enriquecer os textos, atendendo a aspectos discursivos, lingüísticos e de estilo, con precisión léxica e corrección ortográfica e gramatical.	O alumnado emprega nos seus textos todas as clases de pronomes e, no caso dos pronomes persoais, distingue entre tónicos e átonos e colócaos correctamente e con corrección ortográfica. O alumnado incorpora os principais tipos de abreviación nas prácticas escritas como un recurso válido e necesario.		
CA4.5 - Formular xeneralizacións sobre aspectos básicos do funcionamento da lingua a partir da observación, comparación e transformación de enunciados, así como da formulación de hipóteses e a procura de contraexemplos utilizando unha metalinguaxe específica e consultando de maneira guiada dicionarios, manuais e gramáticas.	O alumnado identifica o léxico que forman abreviaturas, siglas, acrónimos e símbolos. O alumnado domina os usos ortográficos en especial os de B, V, H, S, C, X,...		
CA2.2 - Realizar narracións e exposicións orais sinxelas con diferente grao de planificación sobre temas de interese persoal, social e educativo axustándose ás convencións propias dos diversos xéneros discursivos, con fluidez e coherencia e co rexistro adecuado, en diferentes soportes e utilizando de maneira eficaz recursos verbais e non verbais.	O alumno expón a través dunha gravación unha composición de tradición oral: un conto ou unha lenda.		
CA2.3 - Participar en interaccións orais informais, no traballo en equipo e en situacións orais formais de carácter dialogado de maneira activa e adecuada, con actitudes de escoita activa e facendo uso de estratexias de cooperación conversacional e de cortesía lingüística.	O alumnado participa activamente, respectando a quenda de palabra, con boa actitude e cortesía lingüística, en conversas na clase sobre determinados temas que se propoñen.		
CA2.6 - Localizar, seleccionar e contrastar información de maneira guiada procedente de diferentes fontes calibrando a súa fiabilidade e pertinencia en función dos obxectivos de lectura, adoptando un punto de vista crítico e respectando os principios de propiedade intelectual.	O alumnado localiza e selecciona información referida á literatura de tradición oral en fontes fiables	TI	30
CA2.9 - Explicar e argumentar a interrelación entre o propósito comunicativo e as eleccións lingüísticas do emisor, así como os seus efectos no receptor, utilizando o coñecemento explícito da lingua e unha metalinguaxe específica.	O alumno sabe escoller os elementos lingüísticos axeitados en cada proceso comunicativo, tanto respecto á lingua como ao rexistro lingüístico.		
CA3.1 - Comprender e interpretar o sentido global, a estrutura, a información máis relevante e a intención do emisor de textos escritos e multimodais sinxelos de diferentes ámbitos que respondan a diferentes propósitos de lectura, realizando as inferencias necesarias.	O alumnado comprende e interpreta o sentido global a estrutura e a intención do autor en textos recollidos da tradición oral.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.2 - Valorar a forma e o contido de textos sinxelos avaliando a súa calidade, fiabilidade e idoneidade da canle utilizada, así como a eficacia dos procedementos comunicativos empregados.	O alumnado valora o valor o legado popular á cultura galega, recoñecendo a súa contribución á literatura actual, tanto na temática como nos «lugares comúns» dos que esta bebe.		
CA4.3 - Revisar os textos propios de maneira guiada e facer propostas de mellora argumentando as mudanzas a partir da reflexión metalingüística e cunha metalinguaxe específica e identificar e solucionar algúns problemas de comprensión lectora utilizando os coñecementos explícitos sobre a lingua e o seu uso.	O alumnado revisa os seus textos atendendo á corrección ortográfica, morfolóxica e léxica, demostrando os seus coñecementos da lingua.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Contexto vinculado ás estratexias de produción, comprensión e análise crítica de textos orais, escritos e multimodais de diferentes ámbitos.</li> <li>- Compoñentes do feito comunicativo: grao de formalidade da situación e carácter público ou privado, distancia social entre os interlocutores, propósitos comunicativos e interpretación de intencións, canle de comunicación e elementos non verbais da comunicación.</li> <li>- Xéneros discursivos desde o punto de vista da produción, comprensión e análise crítica de textos orais, escritos e multimodais.</li> <li>- Xéneros discursivos propios do ámbito educativo.</li> <li>- Procesos de produción, comprensión e análise crítica de textos orais, escritos e multimodais.</li> <li>- Interacción oral e escrita de carácter informal: tomar e ceder a palabra. Cooperación conversacional e cortesía lingüística. escoita activa, asertividade e resolución dialogada dos conflitos.</li> <li>- Comprensión oral: sentido global do texto e relación entre as súas partes, selección e retención da información relevante. Detección de usos discriminatorios da linguaxe verbal e non verbal, dos abusos a través da palabra e dos usos manipuladores da linguaxe.</li> <li>- Comprensión lectora: sentido global do texto e relación entre as súas partes. A intención do emisor. Detección de usos discriminatorios da linguaxe verbal e non verbal. Os abusos de poder e a manipulación a través da linguaxe.</li> <li>- Produción escrita: planificación, textualización, revisión e edición en diferentes soportes. Corrección gramatical e ortográfica. Propiedade léxica. Usos da escritura para a organización do pensamento: toma de notas, esquemas, mapas conceptuais, resumos etc.</li> <li>- Recoñecemento e uso discursivo dos elementos lingüísticos en textos orais, escritos e multimodais.</li> <li>- Corrección lingüística e revisión ortográfica e gramatical dos textos. Uso de dicionarios, de manuais de consulta e de correctores ortográficos en soporte analóxico ou dixital.</li> <li>- Os signos básicos de puntuación como mecanismo organizador do texto escrito. A súa relación co significado.</li> <li>- Lectura autónoma. Implicación na lectura de obras de maneira progresivamente autónoma a partir dunha selección de textos variados e reflexión sobre os textos lidos e sobre a propia práctica da lectura.</li> <li>- Mobilización da experiencia persoal e lectora como forma de establecer vínculos entre a obra lida e aspectos da actualidade, así como con outros textos e manifestacións artísticas e culturais.</li> <li>- Lectura guiada. Lectura de obras relevantes da literatura xuvenil contemporánea galega e do patrimonio literario lusófono, inscritas en itinerarios temáticos ou de xénero, que atravesan épocas, contextos culturais e movementos artísticos.</li> <li>- Relación e comparación dos textos lidos con outros textos, con outras manifestacións artísticas e coas novas formas de ficción en función de temas, tópicos, estruturas e linguaxes.</li> </ul>

<b>Contidos</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Expresión pautada a través de procesos e soportes diversificados, da interpretación e da valoración persoal de obras e fragmentos literarios.</li> <li>- Lectura con perspectiva de xénero.</li> <li>- Lectura con perspectiva ambiental e ecolóxica, con especial incidencia na mudanza climática e na protección e benestar dos animais.</li> <li>- Elaboración de conclusións propias sobre o funcionamento do sistema lingüístico cunha linguaxe específica a partir da observación, comparación e clasificación de unidades comunicativas e do contraste entre linguas.</li> <li>- Diferenzas relevantes e interseccións entre a lingua oral e a lingua escrita atendendo a aspectos sintácticos, léxicos e pragmáticos.</li> <li>- Aproximación á lingua como sistema e ás súas unidades básicas tendo en conta os diferentes niveis: o son e sistema de escritura, as palabras (forma e significado) e a súa organización no discurso (orde das palabras, compoñentes das oracións ou conexión entre os significados).</li> <li>- Estratexias de uso progresivamente autónomo de dicionarios e manuais de gramática para obter información gramatical básica.</li> </ul>

<b>UD</b>	<b>Título da UD</b>	<b>Duración</b>
6	HEROES DE TINTA CHINESA	15

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA2.4 - Comprender e interpretar o sentido global, a estrutura, a información máis relevante e a intención do emisor en textos escritos e multimodais sinxelos de diferentes ámbitos que respondan a diferentes propósitos de lectura, realizando as inferencias necesarias.	O alumnado comprende e interpreta o sentido global a estrutura e a intención do autor en textos escritos de diferentes ámbitos.	PE	80
CA3.2 - Valorar a forma e o contido de textos sinxelos avaliando a súa calidade, fiabilidade e idoneidade da canle utilizada, así como a eficacia dos procedementos comunicativos empregados.	O alumnado analiza os recursos propios da banda deseñada que definen este subxénero narrativo diferenciándoo dos demais. O alumnado sabe recoñecer os trazos básicos da lírica: métrica, rima e estrofas.		
CA3.4 - Explicar e argumentar, coa axuda de pautas e modelos, a interpretación das obras lidas a partir da análise das relacións internas dos seus elementos constitutivos co sentido da obra, atendendo á configuración dos xéneros e subxéneros literarios.	O alumnado demostra comprender e interpretar a obra de lectura proposta.		
CA4.1 - Incorporar procedementos básicos para enriquecer os textos, atendendo a aspectos discursivos, lingüísticos e de estilo, con precisión léxica e corrección ortográfica e gramatical.	O alumnado consolida a grafía dalgúns dos dígrafos máis correntes do galego (CH, GU, NH) evitando os erros mediante a lectura e a expresión escrita, sen esquecer a corrección gramatical e léxica nos seus textos.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%		
CA4.5 - Formular xeneralización sobre aspectos básicos do funcionamento da lingua a partir da observación, comparación e transformación de enunciados, así como da formulación de hipóteses e a procura de contraexemplos utilizando unha metalinguaxe específica e consultando de maneira guiada dicionarios, manuais e gramáticas.	O alumnado afonda nos mecanismos de formación de palabras, recoñecendo os sufixos como partículas esenciais do procedemento de derivación de substantivos e adxectivos.				
CA2.3 - Participar en interaccións orais informais, no traballo en equipo e en situacións orais formais de carácter dialogado de maneira activa e adecuada, con actitudes de escoita activa e facendo uso de estratexias de cooperación conversacional e de cortesía lingüística.	O alumnado participa activamente, respectando a quenda de palabra, con boa actitude e cortesía lingüística, en conversas na clase sobre determinados temas que se propoñen.				
CA2.8 - Revisar os propios textos de maneira guiada e facer propostas de mellora argumentando as mudanzas a partir da reflexión metalingüística e cunha metalinguaxe específica e identificar e retocar algúns problemas de comprensión lectora utilizando os coñecementos explícitos sobre a lingua e o seu uso.	O alumnado revisa e corrixe os propios textos a fin de que cumpran coas características solicitadas nas actividades.				
CA2.9 - Explicar e argumentar a interrelación entre o propósito comunicativo e as eleccións lingüísticas do emisor, así como os seus efectos no receptor, utilizando o coñecemento explícito da lingua e unha metalinguaxe específica.	O alumno sabe escoller os elementos lingüísticos axeitados en cada proceso comunicativo, tanto respecto á lingua como ao rexistro lingüístico.	TI	20		
CA3.1 - Comprender e interpretar o sentido global, a estrutura, a información máis relevante e a intención do emisor de textos escritos e multimodais sinxelos de diferentes ámbitos que respondan a diferentes propósitos de lectura, realizando as inferencias necesarias.	O alumnado comprende os recursos propios da banda deseñada que definen este subxénero narrativo diferenciándoo dos demais. O alumnado achégase á lírica a través dos seus trazos básicos, como a métrica, a rima e as estrofas.				
CA3.6 - Crear textos persoais ou colectivos con intención literaria e conciencia de estilo, en distintos soportes e con axuda doutras linguaxes artísticas e audiovisuais, a partir da lectura de obras ou fragmentos significativos en que se empreguen as convencións formais dos diversos xéneros e estilos literarios.	O alumnado crea unha pequena banda deseñada integrando os recursos dos cómics para producir obras propias como medio fundamental para expresar as ideas e os gustos con fins estéticos. O alumnado crea poesías con procedementos variados e sempre mantendo a corrección lingüística.				

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Contexto vinculado ás estratexias de produción, comprensión e análise crítica de textos orais, escritos e multimodais de diferentes ámbitos.</li> <li>- Compoñentes do feito comunicativo: grao de formalidade da situación e carácter público ou privado, distancia social entre os interlocutores, propósitos comunicativos e interpretación de intencións, canle de comunicación e elementos non verbais da comunicación.</li> <li>- Xéneros discursivos desde o punto de vista da produción, comprensión e análise crítica de textos orais, escritos e multimodais.</li> </ul>

## Contidos

- Xéneros discursivos propios do ámbito social. Redes sociais e medios de comunicación. Etiqueta dixital. Ris-cos de desinformación, manipulación e vulneración da privacidade na Rede. Análise da imaxe e elementos paratextuais dos textos icónico-verbais e multimodais.
- Procesos de produción, comprensión e análise crítica de textos orais, escritos e multimodais.
- Interacción oral e escrita de carácter informal: tomar e ceder a palabra. Cooperación conversacional e cortesía lingüística. escoita activa, asertividade e resolución dialogada dos conflitos.
- Comprensión lectora: sentido global do texto e relación entre as súas partes. A intención do emisor. Detección de usos discriminatorios da linguaxe verbal e non verbal. Os abusos de poder e a manipulación a través da linguaxe.
- Produción escrita: planificación, textualización, revisión e edición en diferentes soportes. Corrección gramatical e ortográfica. Propiedade léxica. Usos da escritura para a organización do pensamento: toma de notas, esquemas, mapas conceptuais, resumos etc.
- Recoñecemento e uso discursivo dos elementos lingüísticos en textos orais, escritos e multimodais.
- Corrección lingüística e revisión ortográfica e gramatical dos textos. Uso de dicionarios, de manuais de consulta e de correctores ortográficos en soporte analóxico ou dixital.
- Os signos básicos de puntuación como mecanismo organizador do texto escrito. A súa relación co significado.
- Lectura autónoma. Implicación na lectura de obras de maneira progresivamente autónoma a partir dunha selección de textos variados e reflexión sobre os textos lidos e sobre a propia práctica da lectura.
- Criterios e estratexias para a selección de obras variadas de maneira orientada a partir da exploración guiada da biblioteca escolar e pública dispoñible.
- Toma de conciencia progresiva dos propios gustos e identidade lectora.
- Lectura guiada. Lectura de obras relevantes da literatura xuvenil contemporánea galega e do patrimonio literario lusófono, inscritas en itinerarios temáticos ou de xénero, que atravesan épocas, contextos culturais e movementos artísticos.
- Relación e comparación dos textos lidos con outros textos, con outras manifestacións artísticas e coas novas formas de ficción en función de temas, tópicos, estruturas e linguaxes.
- Lectura con perspectiva de xénero.
- Lectura con perspectiva ambiental e ecolóxica, con especial incidencia na mudanza climática e na protección e benestar dos animais.
- Creación de textos a partir da apropiación das convencións da linguaxe literaria e en referencia a modelos dados (imitación, transformación, continuación etc.).
- Elaboración de conclusións propias sobre o funcionamento do sistema lingüístico cunha linguaxe específica a partir da observación, comparación e clasificación de unidades comunicativas e do contraste entre linguas.
- Aproximación á lingua como sistema e ás súas unidades básicas tendo en conta os diferentes niveis: o son e sistema de escritura, as palabras (forma e significado) e a súa organización no discurso (orde das palabras, compoñentes das oracións ou conexión entre os significados).
- Estratexias de uso progresivamente autónomo de dicionarios e manuais de gramática para obter información gramatical básica.

UD	Título da UD	Duración
7	VAS OU VÉS?	10

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA2.4 - Comprender e interpretar o sentido global, a estrutura, a información máis relevante e a intención do emisor en textos escritos e multimodais sinxelos de diferentes ámbitos que respondan a diferentes propósitos de lectura, realizando as inferencias necesarias.	O alumnado comprende e interpreta o sentido global a estrutura e a intención do autor en textos escritos de diferentes ámbitos.	PE	70
CA2.5 - Planificar e redactar textos escritos e multimodais sinxelos, atendendo á situación comunicativa, ao destinatario, ao propósito e á canle, presentando, despois da súa revisión, un texto final coherente, cohesionado e co rexistro adecuado.	O alumnado coñece as características dos textos segundo o xénero ao que pertencen e pon en práctica a construción de diferentes tipos de texto con corrección ortográfica.		
CA2.9 - Explicar e argumentar a interrelación entre o propósito comunicativo e as eleccións lingüísticas do emisor, así como os seus efectos no receptor, utilizando o coñecemento explícito da lingua e unha metalinguaxe específica.	O alumnado identifica as características dos distintos xéneros literarios a través de textos.		
CA4.3 - Revisar os textos propios de maneira guiada e facer propostas de mellora argumentando as mudanzas a partir da reflexión metalingüística e cunha metalinguaxe específica e identificar e solucionar algúns problemas de comprensión lectora utilizando os coñecementos explícitos sobre a lingua e o seu uso.	O alumnado revisa os seus textos atendendo á corrección ortográfica de todos os dígrafos galegos, facendo fincapé no uso e na ortografía de ll, qu e rr; morfolóxica, con especial atención á conjugación verbal; e léxica, demostrando os seus coñecementos da lingua.		
CA4.4 - Explicar e argumentar a interrelación entre o propósito comunicativo e as eleccións lingüísticas do emisor, así como os seus efectos no receptor, utilizando o coñecemento explícito da lingua e unha metalinguaxe específica.	O alumnado comprende e interpreta o sentido global, a estrutura e a intención do autor en textos escritos de diferentes xéneros literarios.		
CA4.5 - Formular xeneralizacións sobre aspectos básicos do funcionamento da lingua a partir da observación, comparación e transformación de enunciados, así como da formulación de hipóteses e a procura de contraexemplos utilizando unha metalinguaxe específica e consultando de maneira guiada dicionarios, manuais e gramáticas.	O alumnado afonda nos mecanismos de formación de verbos e adverbios, recoñecendo os sufixos como partículas esenciais do procedemento de derivación.		
CA2.3 - Participar en interaccións orais informais, no traballo en equipo e en situacións orais formais de carácter dialogado de maneira activa e adecuada, con actitudes de escoita activa e facendo uso de estratexias de cooperación conversacional e de cortesía lingüística.	O alumnado participa activamente, respectando a quenda de palabra, con boa actitude e cortesía lingüística, en conversas na clase sobre determinados temas que se propoñen.	TI	30
CA2.8 - Revisar os propios textos de maneira guiada e facer propostas de mellora argumentando as mudanzas a partir da reflexión metalingüística e cunha metalinguaxe específica e identificar e retocar algúns problemas de comprensión lectora utilizando os coñecementos explícitos sobre a lingua e o seu uso.	O alumnado revisa e corrixe os propios textos a fin de que cumpran coas características solicitadas nas actividades.		



<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA3.1 - Comprender e interpretar o sentido global, a estrutura, a información máis relevante e a intención do emisor de textos escritos e multimodais sinxelos de diferentes ámbitos que respondan a diferentes propósitos de lectura, realizando as inferencias necesarias.	O alumnado interioriza as diferenzas e as semellanzas entre os xéneros literarios, comprendendo as súas características particulares.		
CA3.2 - Valorar a forma e o contido de textos sinxelos avaliando a súa calidade, fiabilidade e idoneidade da canle utilizada, así como a eficacia dos procedementos comunicativos empregados.	O alumnado considerar a lectura como un medio fundamental para acadar coñecementos e gozar do tempo de lecer, de maneira individual ou colectiva.		
CA3.3 - Elixir e ler textos a partir de preseleccións guiándose polos propios gustos, intereses e necesidades e deixando constancia do propio itinerario lector e da experiencia da lectura.	O alumnado sabe escoller, dentro dos distintos xéneros literarios, aqueles textos que máis satisfacen o seu gusto persoal e recoñece o xénero lírico como unha fonte inesgotable de goce estético-literario.		
CA3.6 - Crear textos persoais ou colectivos con intención literaria e conciencia de estilo, en distintos soportes e con axuda doutras linguaxes artísticas e audiovisuais, a partir da lectura de obras ou fragmentos significativos en que se empreguen as convencións formais dos diversos xéneros e estilos literarios.	O alumnado emprega os distintos xéneros literarios como medio para expresarse artisticamente, desde o punto de vista da liberdade creadora.		
CA4.1 - Incorporar procedementos básicos para enriquecer os textos, atendendo a aspectos discursivos, lingüísticos e de estilo, con precisión léxica e corrección ortográfica e gramatical.	O alumnado crea textos de xéneros distintos mantendo a corrección lingüística no léxico, na ortografía e na gramática.		
CA4.2 - Localizar, seleccionar e contrastar información de maneira progresivamente autónoma procedente de diferentes fontes calibrando a súa fiabilidade e pertinencia en función dos obxectivos de lectura e adoptando un punto de vista crítico e de respecto aos principios de propiedade intelectual.	O alumnado sabe buscar e seleccionar información sobre composicións en distintos xéneros, de forma autónoma en diferentes fontes procurando a súa fiabilidade e respectando a propiedade intelectual.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

<b>Contidos</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Contexto vinculado ás estratexias de produción, comprensión e análise crítica de textos orais, escritos e multimodais de diferentes ámbitos.</li> <li>- Compoñentes do feito comunicativo: grao de formalidade da situación e carácter público ou privado, distancia social entre os interlocutores, propósitos comunicativos e interpretación de intencións, canle de comunicación e elementos non verbais da comunicación.</li> <li>- Xéneros discursivos desde o punto de vista da produción, comprensión e análise crítica de textos orais, escritos e multimodais.</li> <li>- Xéneros discursivos propios do ámbito educativo.</li> <li>- Procesos de produción, comprensión e análise crítica de textos orais, escritos e multimodais.</li> <li>- Interacción oral e escrita de carácter informal: tomar e ceder a palabra. Cooperación conversacional e cortesía lingüística. escoita activa, asertividade e resolución dialogada dos conflitos.</li> <li>- Produción oral formal: planificación e procura de información, textualización e revisión. Adecuación á audiencia e ao tempo de exposición. Elementos non verbais. Trazos discursivos e lingüísticos da oralidade formal.</li> <li>- Produción escrita: planificación, textualización, revisión e edición en diferentes soportes. Corrección gramatical e ortográfica. Propiedade léxica. Usos da escritura para a organización do pensamento: toma de notas, esquemas,</li> </ul>

## Contidos

- mapas conceptuais, resumos etc.
- Recoñecemento e uso discursivo dos elementos lingüísticos en textos orais, escritos e multimodais.
- Corrección lingüística e revisión ortográfica e gramatical dos textos. Uso de dicionarios, de manuais de consulta e de correctores ortográficos en soporte analóxico ou dixital.
- Os signos básicos de puntuación como mecanismo organizador do texto escrito. A súa relación co significado.
- Lectura autónoma. Implicación na lectura de obras de maneira progresivamente autónoma a partir dunha selección de textos variados e reflexión sobre os textos lidos e sobre a propia práctica da lectura.
- Criterios e estratexias para a selección de obras variadas de maneira orientada a partir da exploración guiada da biblioteca escolar e pública dispoñible.
- Participación activa en actos culturais vinculados co circuíto literario e lector
- Toma de conciencia progresiva dos propios gustos e identidade lectora.
- Mobilización da experiencia persoal e lectora como forma de establecer vínculos entre a obra lida e aspectos da actualidade, así como con outros textos e manifestacións artísticas e culturais.
- Lectura guiada. Lectura de obras relevantes da literatura xuvenil contemporánea galega e do patrimonio literario lusófono, inscritas en itinerarios temáticos ou de xénero, que atravesan épocas, contextos culturais e movementos artísticos.
- Relación e comparación dos textos lidos con outros textos, con outras manifestacións artísticas e coas novas formas de ficción en función de temas, tópicos, estruturas e linguaxes.
- Expresión pautada a través de procesos e soportes diversificados, da interpretación e da valoración persoal de obras e fragmentos literarios.
- Lectura expresiva, dramatización e recitación de textos sinxelos atendendo aos procesos de comprensión, apropiación e oralidade implicados.
- Creación de textos a partir da apropiación das convencións da linguaxe literaria e en referencia a modelos dados (imitación, transformación, continuación etc.).
- Elaboración de conclusións propias sobre o funcionamento do sistema lingüístico cunha linguaxe específica a partir da observación, comparación e clasificación de unidades comunicativas e do contraste entre linguas.
- Diferenzas relevantes e interseccións entre a lingua oral e a lingua escrita atendendo a aspectos sintácticos, léxicos e pragmáticos.
- Aproximación á lingua como sistema e ás súas unidades básicas tendo en conta os diferentes niveis: o son e sistema de escritura, as palabras (forma e significado) e a súa organización no discurso (orde das palabras, compoñentes das oracións ou conexión entre os significados).
- Estratexias de uso progresivamente autónomo de dicionarios e manuais de gramática para obter información gramatical básica.

UD	Título da UD	Duración
8	OUTRA VACA NO MILLO!	10

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
-------------------------	------------------------	----	---

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA2.1 - Valorar a forma e o contido de textos escritos, orais e multimodais sinxelos, avaliando a súa calidade, a súa fiabilidade e a idoneidade da canle utilizada, así como a eficacia dos procedementos comunicativos empregados.	O alumnado valora todas as mostras orais da cultura popular galega. A través deste tipo de literatura reconece algúns termos que pertencen ás variantes dialectais da nosa lingua e tamén adquire un repertorio de expresións e frases feitas propias do ámbito galego.	PE	70
CA2.4 - Comprender e interpretar o sentido global, a estrutura, a información máis relevante e a intención do emisor en textos escritos e multimodais sinxelos de diferentes ámbitos que respondan a diferentes propósitos de lectura, realizando as inferencias necesarias.	O alumnado comprende e interpreta o sentido global, a estrutura e a intención do autor en textos escritos de diferentes ámbitos.		
CA2.9 - Explicar e argumentar a interrelación entre o propósito comunicativo e as eleccións lingüísticas do emisor, así como os seus efectos no receptor, utilizando o coñecemento explícito da lingua e unha metalinguaxe específica.	O alumno sabe escoller os elementos lingüísticos axeitados en cada proceso comunicativo, tanto respecto á lingua como ao rexistro lingüístico.		
CA3.1 - Comprender e interpretar o sentido global, a estrutura, a información máis relevante e a intención do emisor de textos escritos e multimodais sinxelos de diferentes ámbitos que respondan a diferentes propósitos de lectura, realizando as inferencias necesarias.	O alumnado interpreta correctamente as características da literatura popular.		
CA4.1 - Incorporar procedementos básicos para enriquecer os textos, atendendo a aspectos discursivos, lingüísticos e de estilo, con precisión léxica e corrección ortográfica e gramatical.	O alumnado incorpora nos seus textos palabras invariables xunto con outros elementos de léxico, ortografía e gramática empregados con corrección e facendo uso maioritario de oracións simples.		
CA2.2 - Realizar narracións e exposicións orais sinxelas con diferente grao de planificación sobre temas de interese persoal, social e educativo axustándose ás convencións propias dos diversos xéneros discursivos, con fluidez e coherencia e co rexistro adecuado, en diferentes soportes e utilizando de maneira eficaz recursos verbais e non verbais.	O alumno expón, a través dunha gravación, a explicación da tradición dos maios na nosa terra.	TI	30
CA2.3 - Participar en interaccións orais informais, no traballo en equipo e en situacións orais formais de carácter dialogado de maneira activa e adecuada, con actitudes de escoita activa e facendo uso de estratexias de cooperación conversacional e de cortesía lingüística.	O alumnado participa activamente, respectando a quenda de palabra, con boa actitude e cortesía lingüística, en conversas na clase sobre determinados temas que se propoñen.		
CA2.6 - Localizar, seleccionar e contrastar información de maneira guiada procedente de diferentes fontes calibrando a súa fiabilidade e pertinencia en función dos obxectivos de lectura, adoptando un punto de vista crítico e respectando os principios de propiedade intelectual.	O alumnado localiza e selecciona información referida á literatura de tradición oral en fontes fiables		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.7 - Adoptar hábitos de uso crítico, seguro, sustentable e saudable das tecnoloxías dixitais con relación á procura e á comunicación da información, reflexionando sobre as posibles manipulacións presentes nas canles de transmisión da información.	O alumnado fai un uso saudable, crítico e seguro das tecnoloxías dixitais.		
CA2.10 - Identificar e desterrar os usos discriminatorios da lingua, os abusos a través da palabra e os usos manipuladores da linguaxe partindo da reflexión e da análise dos elementos lingüísticos, textuais e discursivos utilizados, así como dos elementos non verbais da comunicación.	O alumnado reconece os usos discriminatorios da lingua nos textos da tradición oral.		
CA3.5 - Establecer de maneira guiada vínculos argumentados entre os textos lidos e outros textos escritos, orais ou multimodais, así como con outras manifestacións artísticas en función de temas, tópicos, estruturas, linguaxe e valores éticos e estéticos, mostrando a implicación e a resposta persoal do lector na lectura.	O alumnado pode establecer relacións entre as diferentes manifestacións da literatura de carácter popular.		
CA4.4 - Explicar e argumentar a interrelación entre o propósito comunicativo e as eleccións lingüísticas do emisor, así como os seus efectos no receptor, utilizando o coñecemento explícito da lingua e unha metalinguaxe específica.	O alumnado crea algunha regueifa, canción ou maio como un medio para expresar as ideas e as vontades propias, con intencións estéticas ou expresivas, botando man dun repertorio suficiente de expresións e frases feitas propias do ámbito galego		
CA4.5 - Formular xeneralizacións sobre aspectos básicos do funcionamento da lingua a partir da observación, comparación e transformación de enunciados, así como da formulación de hipóteses e a procura de contraexemplos utilizando unha metalinguaxe específica e consultando de maneira guiada dicionarios, manuais e gramáticas.	O alumnado elabora un xogo para identificar a fraseoloxía popular, o que axudará a ampliar o vocabulario con expresións feitas, refráns, ditos, sentenzas,... e evitar así que caian en desuso.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Contexto vinculado ás estratexias de produción, comprensión e análise crítica de textos orais, escritos e multimodais de diferentes ámbitos.</li> <li>- Compoñentes do feito comunicativo: grao de formalidade da situación e carácter público ou privado, distancia social entre os interlocutores, propósitos comunicativos e interpretación de intencións, canle de comunicación e elementos non verbais da comunicación.</li> <li>- Xéneros discursivos desde o punto de vista da produción, comprensión e análise crítica de textos orais, escritos e multimodais.</li> <li>- Aproximación ás secuencias textuais básicas, con especial atención ás narrativas, descritivas, dialogadas e expositivas.</li> <li>- Xéneros discursivos propios do ámbito persoal: a conversa.</li> <li>- Xéneros discursivos propios do ámbito social. Redes sociais e medios de comunicación. Etiqueta dixital. Ris-cos de desinformación, manipulación e vulneración da privacidade na Rede. Análise da imaxe e elementos paratextuais dos textos icónico-verbais e multimodais.</li> <li>- Procesos de produción, comprensión e análise crítica de textos orais, escritos e multimodais.</li> </ul>

**Contidos**

- Interacción oral e escrita de carácter informal: tomar e ceder a palabra. Cooperación conversacional e cortesía lingüística. escoita activa, asertividade e resolución dialogada dos conflitos.
- Comprensión oral: sentido global do texto e relación entre as súas partes, selección e retención da información relevante. Detección de usos discriminatorios da linguaxe verbal e non verbal, dos abusos a través da palabra e dos usos manipuladores da linguaxe.
- Comprensión lectora: sentido global do texto e relación entre as súas partes. A intención do emisor. Detección de usos discriminatorios da linguaxe verbal e non verbal. Os abusos de poder e a manipulación a través da linguaxe.
- Producción escrita: planificación, textualización, revisión e edición en diferentes soportes. Corrección gramatical e ortográfica. Propiedade léxica. Usos da escritura para a organización do pensamento: toma de notas, esquemas, mapas conceptuais, resumos etc.
- Recoñecemento e uso discursivo dos elementos lingüísticos en textos orais, escritos e multimodais.
- Corrección lingüística e revisión ortográfica e gramatical dos textos. Uso de dicionarios, de manuais de consulta e de correctores ortográficos en soporte analóxico ou dixital.
- Os signos básicos de puntuación como mecanismo organizador do texto escrito. A súa relación co significado.
- Lectura autónoma. Implicación na lectura de obras de maneira progresivamente autónoma a partir dunha selección de textos variados e reflexión sobre os textos lidos e sobre a propia práctica da lectura.
- Criterios e estratexias para a selección de obras variadas de maneira orientada a partir da exploración guiada da biblioteca escolar e pública dispoñible.
- Lectura guiada. Lectura de obras relevantes da literatura xuvenil contemporánea galega e do patrimonio literario lusófono, inscritas en itinerarios temáticos ou de xénero, que atravesan épocas, contextos culturais e movementos artísticos.
- Relación e comparación dos textos lidos con outros textos, con outras manifestacións artísticas e coas novas formas de ficción en función de temas, tópicos, estruturas e linguaxes.
- Lectura expresiva, dramatización e recitación de textos sinxelos atendendo aos procesos de comprensión, apropiación e oralidade implicados.
- Elaboración de conclusións propias sobre o funcionamento do sistema lingüístico cunha linguaxe específica a partir da observación, comparación e clasificación de unidades comunicativas e do contraste entre linguas.
- Diferenzas relevantes e interseccións entre a lingua oral e a lingua escrita atendendo a aspectos sintácticos, léxicos e pragmáticos.
- Aproximación á lingua como sistema e ás súas unidades básicas tendo en conta os diferentes niveis: o son e sistema de escritura, as palabras (forma e significado) e a súa organización no discurso (orde das palabras, compoñentes das oracións ou conexión entre os significados).
- Relación entre os esquemas semántico e sintáctico da oración simple. Observación e transformación de enunciados de acordo con estes esquemas e uso da terminoloxía sintáctica necesaria. Orde das palabras e concordancia.
- Estratexias de uso progresivamente autónomo de dicionarios e manuais de gramática para obter información gramatical básica.

UD	Título da UD	Duración
9	ENTRE BASTIDORES	17

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
-------------------------	------------------------	----	---

<b>Craterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA2.4 - Comprender e interpretar o sentido global, a estrutura, a información máis relevante e a intención do emisor en textos escritos e multimodais sinxelos de diferentes ámbitos que respondan a diferentes propósitos de lectura, realizando as inferencias necesarias.	O alumnado comprende e interpreta o sentido global, a estrutura e a intención do autor en textos escritos de diferentes ámbitos.	PE	80
CA3.4 - Explicar e argumentar, coa axuda de pautas e modelos, a interpretación das obras lidas a partir da análise das relacións internas dos seus elementos constitutivos co sentido da obra, atendendo á configuración dos xéneros e subxéneros literarios.	O alumnado demostra comprender e interpretar a obra de lectura proposta.		
CA4.1 - Incorporar procedementos básicos para enriquecer os textos, atendendo a aspectos discursivos, lingüísticos e de estilo, con precisión léxica e corrección ortográfica e gramatical.	O alumnado puntúa correctamente os diálogos literarios segundo as normas que rexen a ortografía da lingua, sen esquecer a corrección gramatical e léxica.		
CA4.4 - Explicar e argumentar a interrelación entre o propósito comunicativo e as eleccións lingüísticas do emisor, así como os seus efectos no receptor, utilizando o coñecemento explícito da lingua e unha metalinguaxe específica.	O alumnado presta atención ao emprego das diferentes modalidades oracionais.		
CA4.5 - Formular xeneralizacións sobre aspectos básicos do funcionamento da lingua a partir da observación, comparación e transformación de enunciados, así como da formulación de hipóteses e a procura de contraexemplos utilizando unha metalinguaxe específica e consultando de maneira guiada dicionarios, manuais e gramáticas.	O alumnado amplía o vocabulario, prestando atención á identificación de tabús, eufemismos e corrixindo castelanismos.		
CA2.1 - Valorar a forma e o contido de textos escritos, orais e multimodais sinxelos, avaliando a súa calidade, a súa fiabilidade e a idoneidade da canle utilizada, así como a eficacia dos procedementos comunicativos empregados.	O alumno valora o texto dramático pola súa fácil interconexión co público.	TI	20
CA2.3 - Participar en interaccións orais informais, no traballo en equipo e en situacións orais formais de carácter dialogado de maneira activa e adecuada, con actitudes de escoita activa e facendo uso de estratexias de cooperación conversacional e de cortesía lingüística.	O alumnado participa nunha representación teatral colectiva colaborando en todas as ocupacións que o xénero require.		
CA2.9 - Explicar e argumentar a interrelación entre o propósito comunicativo e as eleccións lingüísticas do emisor, así como os seus efectos no receptor, utilizando o coñecemento explícito da lingua e unha metalinguaxe específica.	O alumnado explica o grao de formalidade da situación da peza teatral, distingue o propósito comunicativo do seu personaxe e interpreta as súas intencións.		
CA3.1 - Comprender e interpretar o sentido global, a estrutura, a información máis relevante e a intención do emisor de textos escritos e multimodais sinxelos de diferentes ámbitos que respondan a diferentes propósitos de lectura, realizando as inferencias necesarias.	O alumnado interpreta correctamente as mensaxes que na representación teatral deben transmitirse.		

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA3.2 - Valorar a forma e o contido de textos sinxelos avaliando a súa calidade, fiabilidade e idoneidade da canle utilizada, así como a eficacia dos procedementos comunicativos empregados.	O alumnado é capaz de realizar unha lectura expresiva e posterior dramatización da obra atendendo aos procesos de comprensión, apropiación e oralidade implicados no seu desenvolvemento.		
CA3.5 - Establecer de maneira guiada vínculos argumentados entre os textos lidos e outros textos escritos, orais ou multimodais, así como con outras manifestacións artísticas en función de temas, tópicos, estruturas, linguaxe e valores éticos e estéticos, mostrando a implicación e a resposta persoal do lector na lectura.	O alumnado coñece algúns dos temas e tópicos máis frecuentes na literatura (o amor, a vida, a morte etc.) e sabe identificalos na obra de lectura obrigatoria (peza teatral).		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

<b>Contidos</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Contexto vinculado ás estratexias de produción, comprensión e análise crítica de textos orais, escritos e multimodais de diferentes ámbitos.</li> <li>- Compoñentes do feito comunicativo: grao de formalidade da situación e carácter público ou privado, distancia social entre os interlocutores, propósitos comunicativos e interpretación de intencións, canle de comunicación e elementos non verbais da comunicación.</li> <li>- Xéneros discursivos desde o punto de vista da produción, comprensión e análise crítica de textos orais, escritos e multimodais.</li> <li>- Xéneros discursivos propios do ámbito educativo.</li> <li>- Procesos de produción, comprensión e análise crítica de textos orais, escritos e multimodais.</li> <li>- Interacción oral e escrita de carácter informal: tomar e ceder a palabra. Cooperación conversacional e cortesía lingüística. escoita activa, asertividade e resolución dialogada dos conflitos.</li> <li>- Produción oral formal: planificación e procura de información, textualización e revisión. Adecuación á audiencia e ao tempo de exposición. Elementos non verbais. Trazos discursivos e lingüísticos da oralidade formal.</li> <li>- Comprensión lectora: sentido global do texto e relación entre as súas partes. A intención do emisor. Detección de usos discriminatorios da linguaxe verbal e non verbal. Os abusos de poder e a manipulación a través da linguaxe.</li> <li>- Produción escrita: planificación, textualización, revisión e edición en diferentes soportes. Corrección gramatical e ortográfica. Propiedade léxica. Usos da escritura para a organización do pensamento: toma de notas, esquemas, mapas conceptuais, resumos etc.</li> <li>- Recoñecemento e uso discursivo dos elementos lingüísticos en textos orais, escritos e multimodais.</li> <li>- Os signos básicos de puntuación como mecanismo organizador do texto escrito. A súa relación co significado.</li> <li>- Lectura autónoma. Implicación na lectura de obras de maneira progresivamente autónoma a partir dunha selección de textos variados e reflexión sobre os textos lidos e sobre a propia práctica da lectura.</li> <li>- Participación activa en actos culturais vinculados co circuío literario e lector</li> <li>- Expresión da experiencia lectora, con apoio de exemplos e utilizando progresivamente unha metalinguaxe específica. Apropiación dos textos lidos a través de distintas formas de recreación.</li> <li>- Estratexias para a recomendación das lecturas en soportes variados ou ben oralmente entre iguais.</li> <li>- Lectura guiada. Lectura de obras relevantes da literatura xuvenil contemporánea galega e do patrimonio literario lusófono, inscritas en itinerarios temáticos ou de xénero, que atravesan épocas, contextos culturais e movementos artísticos.</li> </ul>

## Contidos

- Estratexias para a construción compartida da interpretación das obras a través de conversas literarias, coa incorporación progresiva da metalinguaxe específica.
- Relación e comparación dos textos lidos con outros textos, con outras manifestacións artísticas e coas novas formas de ficción en función de temas, tópicos, estruturas e linguaxes.
- Lectura con perspectiva de xénero.
- Lectura expresiva, dramatización e recitación de textos sinxelos atendendo aos procesos de comprensión, apropiación e oralidade implicados.
- Elaboración de conclusións propias sobre o funcionamento do sistema lingüístico cunha linguaxe específica a partir da observación, comparación e clasificación de unidades comunicativas e do contraste entre linguas.
- Diferenzas relevantes e interseccións entre a lingua oral e a lingua escrita atendendo a aspectos sintácticos, léxicos e pragmáticos.
- Aproximación á lingua como sistema e ás súas unidades básicas tendo en conta os diferentes niveis: o son e sistema de escritura, as palabras (forma e significado) e a súa organización no discurso (orde das palabras, compoñentes das oracións ou conexión entre os significados).
- Relación entre os esquemas semántico e sintáctico da oración simple. Observación e transformación de enunciados de acordo con estes esquemas e uso da terminoloxía sintáctica necesaria. Orde das palabras e concordancia.
- Estratexias de uso progresivamente autónomo de dicionarios e manuais de gramática para obter información gramatical básica.

### 4.1. Concrecións metodolóxicas

#### Orientacións pedagóxicas

Antes de comezar cada unidade, segundo a indicación do pedagogo galego, Miguel Vázquez Freire, trataranse de pescudar na aula os coñecementos previos do alumnado, para relacionalos progresivamente cos novos contidos que se imparten, só así se poderá conseguir unha aprendizaxe significativa e construtiva na que os novos coñecementos e o proceso de aprendizaxe estean relacionados co desenvolvemento psicolóxico, o ritmo evolutivo e as capacidades e contidos adquiridos previamente polas alumnas e alumnos. De calquera xeito, é preferible aprender poucos conceptos e facelo de xeito rigoroso e non moitos de maneira superficial, como sucede coa aprendizaxe memorística asignificativa.

Tamén se proporán preguntas que supoñan un revulsivo para as/os estudantes e que incrementen a súa atención por medio da interacción co/coa docente. É moi relevante para o profesor/a a premisa de ensinar a aprender segundo a cal, a aprendizaxe é un proceso que se desenvolve ao longo da vida, por iso lle corresponde á/ao docente ir dotando o seu alumnado dunha progresiva autonomía que lle permita "aprender a aprender", a buscaren por si mesmos a información que teñen ao seu alcance para que o día de mañá saiban desenvolverse. Por outra banda, é preciso sinalar que sería moi efectivo crear unha liña metodolóxica común ao longo de toda a etapa, para evitar cambios ou desaxustes bruscos na/o alumna/o ao mudar de curso.

<ul style="list-style-type: none"> <li>- Desenvolvemento da reflexión sociolingüística. Exploración e rexeitamento de prexuízos e estereotipos lingüísticos. Os fenómenos do contacto entre linguas: bilingüismo, diglosia, préstamos, interferencias.</li> <li>- Xéneros discursivos desde o punto de vista produción, comprensión e análise crítica de textos orais, escritos e multimodais.</li> <li>- Xéneros discursivos propios do ámbito social. Redes sociais e medios de comunicación. Etiqueta dixital e riscos de desinformación, noticias falsas, manipulación e vulneración da privacidade na Rede. Análise da imaxe e dos elementos paratextuais dos textos</li> <li>- Procesos de produción, comprensión e análise crítica de textos orais, escritos e multimodais.</li> <li>- Produción escrita: planificación, textualización, revisión e edición en diferentes soportes. Corrección gramatical e ortográfica. Propiedade léxica. Usos da escritura para a organización do pensamento: toma de notas, esquemas, mapas conceptuais, definici</li> <li>- Recoñecemento e uso discursivo dos elementos lingüísticos en textos orais, escritos e multimodais.</li> <li>- A expresión da subxectividade en textos de carácter expositivo. Identificación e uso das variacións das formas deícticas (fórmulas de confianza e cortesía) en relación coas situacións de comunicación.</li> <li>- Lectura autónoma. Implicación na lectura de obras de forma progresivamente autónoma a partir dunha selección de textos variados e reflexión sobre os textos lidos e sobre a propia práctica da lectura.</li> <li>- Expresión da experiencia lectora utilizando progresivamente unha metalinguaxe específica. Apropiación dos textos lidos a través de distintas formas de recreación.</li> <li>- Lectura guiada. Lectura de obras e fragmentos relevantes da literatura do patrimonio literario galego e mostras do lusófono inscritas en itinerarios temáticos ou de xénero, que atravesan épocas, contextos culturais e movementos artísticos.</li> <li>- Estratexias de construción compartida da interpretación das obras a través de conversas literarias, coa incorporación progresiva da metalinguaxe específica.</li> <li>- Creación de textos a partir da apropiación das convencións da linguaxe literaria e en referencia a modelos dados (imitación, transformación, continuación etc.).</li> </ul>

UD	Título da UD	Duración
8	Progreso ou barbarie: un pobo apreixado	11

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.1 - omprender e interpretar o sentido global, a estrutura, a información máis relevante e a intención do emisor de textos escritos e multimodais de certa complexidade que respondan a diferentes propósitos de lectura, realizando as inferencias necesarias e con diferentes propósitos de lectura.	Comprende e interpreta o sentido global, a estrutura, a información máis relevante e a intención do emisor de textos escritos multimodais pouco complexos que respondan a diferentes propósitos de lectura, realizando as inferencias necesarias e con diferentes propósitos de lectura.	PE	40
CA3.5 - Explicar a interpretación das obras lidas a partir da análise das relacións internas dos seus elementos constitutivos co sentido da obra e das relacións externas do texto co seu contexto sociohistórico, atendendo á configuración e á evolución dos xéneros e subxéneros literarios.	Explica a interpretación das obras lidas a partir da análise das relacións internas dos seus elementos constitutivos co sentido da obra e das relacións externas do texto e co seu contexto sociohistórico.		
CA4.1 - Incorporar procedementos básicos para enriquecer os textos, atendendo a aspectos discursivos, lingüísticos e de estilo, con precisión léxica e corrección ortográfica e gramatical, valorando o dominio do sistema fonético-fonolóxico, o uso do léxico tradicional e as construcións morfosintácticas máis xenuínas (infinitivo persoal, dativo de solidariedade etc).	Incorpora procedementos básicos para enriquecer os textos, atendendo a aspectos discursivos, lingüísticos e de estilo, cun léxico adecuado ao nivel, unha corrección ortográfica e gramatical progresiva no tempo, valorando o sistema fonético-fonolóxico, o léxico tradicional e as construcións xenuínas.		
CA4.4 - Formular xeneralizacións sobre algúns aspectos do funcionamento da lingua a partir da observación, a comparación e a transformación de enunciados, así como da formulación de hipóteses e a procura de contraexemplos, utilizando a metalinguaxe específica e consultando de maneira progresivamente autónoma dicionarios, manuais e gramáticas en distintos formatos.	Formula xeneralizacións sobre algúns aspectos de funcionamento da lingua a partir da observación, a comparación e a transformación de enunciados, así como da formulación de hipóteses. Consulta de maneira progresivamente autónoma dicionarios, manuais, gramáticas en distintos formatos.	TI	60
CA2.5 - Planificar a redacción de textos escritos e multimodais sinxelos, atendendo á situación comunicativa, ao destinatario, ao propósito e á canle, presentando, despois da súa revisión, un texto final coherente, cohesionado e co rexistro axeitado.	Planifica, de xeito guiado, a redacción de textos escritos e multimodais sinxelos, atendendo á situación comunicativa, ao destinatario, ao propósito e á canle, presentando, despois da súa revisión, un texto final coherente, cohesionado e co rexistro axeitado.		
CA2.8 - Revisar os textos propios de maneira progresivamente autónoma e facer propostas de mellora argumentando as mudanzas a partir da reflexión metalingüística coa metalinguaxe específica e identificar e aclarar algúns problemas de comprensión lectora utilizando os coñecementos explícitos sobre a lingua e o seu uso.	Revisa os textos propios de maneira progresivamente autónoma e foi proposta de mellora. Identifica e aclara algúns problemas de comprensión lectora utilizando os coñecementos explícitos sobre a lingua e o seu uso.		



Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.3 - Ler de maneira autónoma textos seleccionados en función dos propios gustos, intereses e necesidades e deixar constancia do progreso do propio itinerario lector e cultural explicando os criterios de selección das lecturas, as formas de acceso á cultura literaria e a experiencia da lectura.	Le de maneira autónoma textos seleccionados en función dos seus gustos, intereses e necesidades e deixa constancia do progreso do seu itinerario lector e cultural explicando brevemente os criterios de selección das lecturas, as formas de acceso á cultura literaria e a experiencia da lectura.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Procesos de produción, comprensión e análise crítica de textos orais, escritos e multimodais.</li> <li>- Alfabetización mediática e informacional: procura e selección da información con criterios de fiabilidade, calidade e pertinencia; análise, valoración, reorganización e síntese da información en esquemas propios e transformación en coñecemento; comunica</li> <li>- Recoñecemento e uso discursivo dos elementos lingüísticos en textos orais, escritos e multimodais.</li> <li>- Corrección lingüística e revisión ortográfica e gramatical dos textos. Uso de dicionarios, de manuais de consulta e de procesadores de texto e correctores ortográficos en soporte analóxico ou dixital.</li> <li>- Lectura guiada. Lectura de obras e fragmentos relevantes da literatura do patrimonio literario galego e mostras do lusófono inscritas en itinerarios temáticos ou de xénero, que atravesan épocas, contextos culturais e movementos artísticos.</li> <li>- Estratexias de utilización de información sociohistórica, cultural e artística básica para construír a interpretación das obras literarias.</li> <li>- Elaboración de conclusións propias sobre o funcionamento do sistema lingüístico cunha linguaxe específica a partir da observación, comparación e clasificación de unidades comunicativas e do contraste entre linguas.</li> <li>- Diferenzas relevantes e interseccións entre a lingua oral e a lingua escrita atendendo a aspectos sintácticos, léxicos e pragmáticos.</li> </ul>

UD	Título da UD	Duración
9	A lingua que nos viu nacer	11

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.2 - Valorar a lingua catalá, analizando as súas características máis básicas para coñecer e comprender a realidade lingüística de España.	Valora a lingua catalá e comprende a realidade lingüística de España.		
CA1.3 - Identificar e cuestionar prexuízos e estereotipos lingüísticos adoptando unha actitude de respecto e valoración da riqueza cultural e lingüística a partir da análise da diversidade lingüística do centro escolar e da contorna social próxima e da exploración e reflexión sociolingüística sobre os fenómenos de contacto entre linguas.	Identifica e cuestiona prexuízos e estereotipos lingüísticos, adopta unha actitude de respecto a partir da análise da diversidade lingüística e cultural do centro e da contorna social. Reflexiona, de xeito guiado, sobre os fenómenos sociolingüísticos que se producen no contacto entre linguas.	PE	50

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA2.9 - Identificar e desterrar os usos discriminatorios da lingua, os abusos a través da palabra e os usos manipuladores da linguaxe partindo da reflexión e da análise dos elementos lingüísticos, textuais e discursivos utilizados, así como dos elementos non verbais da comunicación.	Identifica e desterra os usos discriminatorios da lingua, os abusos a través da palabra e os usos manipuladores da linguaxe partindo da reflexión e da análise guiadas dos elementos lingüísticos, textuais e discursivos utilizados, así como dos elementos non verbais da comunicación.		
CA1.4 - Elaborar traballos de investigación de maneira progresivamente autónoma en diferentes soportes sobre diversos temas de interese académico, persoal ou social partindo da información seleccionada.	Elabora traballos de investigación, con certa axuda, en diferentes soportes e sobre diversos temas de interese académico, persoal ou social partindo da información seleccionada.	TI	50
CA2.2 - Realizar exposicións orais de certa extensión e complexidade con diferente grao de planificación sobre temas de interese persoal, social e educativo axustándose ás convencións propias dos diversos xéneros discursivos, con fluidez, coherencia e cohesión e co rexistro adecuado en diferentes soportes, utilizando de maneira eficaz recursos verbais e non verbais.	Realiza exposicións orais de cerca extensión con diferente grao de planificación sobre temas de interese persoal, social e educativo axustándose, case sempre, ás convencións propias dos diversos xéneros discursivos con fluidez, coherencia e cohesión e co rexistro adecuado en diferentes soportes.		
CA3.7 - Crear textos persoais ou colectivos con intención literaria e conciencia de estilo, en distintos soportes e coa axuda doutras linguaxes artísticas e audiovisuais, a partir da lectura de obras ou fragmentos significativos en que se empreguen as convencións formais dos diversos xéneros e estilos literarios.	Crea textos persoais ou colectivos con intención literaria e conciencia de estilos en distintos soportes a partir da lectura de obras ou fragmentos significativos en que se empreguen as convencións formais dos diversos xéneros e estilos literarios.		
CA4.2 - Revisar os textos propios de maneira progresivamente autónoma e identificar e aclarar algúns problemas de comprensión lectora utilizando os coñecementos explícitos sobre a lingua e o seu uso.	Revisa os textos propios de maneira progresivamente autónoma e identifica algúns problemas de comprensión lectora utilizando os coñecementos sobre a lingua.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

<b>Contidos</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Análise da propia biografía e da diversidade lingüística do alumnado do centro e da localidade.</li> <li>- Valoración e comprensión das principais características do catalán e das súas variantes.</li> <li>- Desenvolvemento da reflexión sociolingüística. Exploración e rexeitamento de prexuízos e estereotipos lingüísticos. Os fenómenos do contacto entre linguas: bilingüismo, diglosia, préstamos, interferencias.</li> <li>- Elaboración de traballos de investigación relacionados coa diversidade lingüística.</li> <li>- Xéneros discursivos desde o punto de vista produción, comprensión e análise crítica de textos orais, escritos e multimodais.</li> <li>- Secuencias textuais básicas, con especial atención ás expositivas.</li> <li>- Procesos de produción, comprensión e análise crítica de textos orais, escritos e multimodais.</li> <li>- Comprensión oral: sentido global do texto e relación entre as súas partes, selección e retención da información relevante. A intención do emisor. Detección de usos discriminatorios da linguaxe verbal e non verbal. Valoración da forma e do contido do texto.</li> </ul>

## Contidos

- Producción oral formal: planificación e procura de información, textualización e revisión. Adecuación á audien-cia e ao tempo de exposición. Elementos non verbais. Trazos discursivos e lingüísticos da oralidade formal.
- Lectura autónoma. Implicación na lectura de obras de forma progresivamente autónoma a partir dunha prese-lección de textos variados e reflexión sobre os textos lidos e sobre a propia práctica da lectura.
- Participación activa en actos culturais vinculados co circuíto literario e lector.
- Lectura guiada. Lectura de obras e fragmentos relevantes da literatura do patrimonio literario galego e mostras do lusófono inscritas en itinerarios temáticos ou de xénero, que atravesan épocas, contextos culturais e move-mentos artísticos.
- Relación e comparación dos textos lidos con outros textos orais, escritos ou multimodais, con outras manifes-tacións artísticas e culturais e coas novas formas de ficción en función de temas, tópicos, estruturas e lingua-xes. Elementos de continuidade e d
- Elaboración de conclusións propias sobre o funcionamento do sistema lingüístico cunha linguaxe específica a partir da observación, comparación e clasificación de unidades comunicativas e do contraste entre linguas.
- Relación entre os esquemas semántico e sintáctico das oracións coordinadas. Observación e transformación de enunciados de acordo con estes esquemas e uso da terminoloxía sintáctica necesaria.

### 4.1. Concrecións metodolóxicas

Antes de comezar cada unidade, segundo a indicación do pedagogo galego, Miguel Vázquez Freire, trataranse de pescudar na aula os coñecementos previos do alumnado, para relacionalos progresivamente cos novos contidos que se impartan, só así se poderá conseguir unha aprendizaxe significativa e construtiva na que os novos coñecementos e o proceso de aprendizaxe estean relacionados co desenvolvemento psicolóxico, o ritmo evolutivo e as capacidades e contidos adquiridos previamente polas alumnas e alumnos. De calquera xeito, é preferible aprender poucos conceptos e facelo de xeito rigoroso e non moitos de maneira superficial, como sucede coa aprendizaxe memorística asignificativa.

Tamén se proporán preguntas que supoñan un revulsivo para as/os estudantes e que incrementen a súa atención por medio da interacción co/coa docente. É moi relevante para o profesor/a a premisa de ensinar a aprender segundo a cal, a aprendizaxe é un proceso que se desenvolve ao longo da vida, por iso correspóndelle á/ao docente ir dotando o seu alumnado dunha progresiva autonomía que lle permita "aprender a aprender", a buscaren por si mesmos a información que teñen ao seu alcance para que o día de mañá saiban desenvolverse. Por outra banda, é preciso sinalar que sería moi efectivo crear unha liña metodolóxica común entre todos os membros do Departamento de Lingua Galega ao longo de toda a etapa, para evitar cambios ou desaxustes bruscos na/o alumna/o ao mudar de curso. Para iso, é indispensable a estreita cooperación de todos os compoñentes do Departamento.

#### LIÑAS METODOLÓXICAS:

O principal propósito que se procura é mellorar a competencia comunicativa en lingua galega. Non esquezamos que a clase de lingua estivo tradicionalmente orientada, na meirande parte dos casos, á realización dunha serie de actividades pouco motivadoras, encamiñadas a conseguir uns contidos formais que dificilmente teñen relación co uso real da lingua.

Sabemos que o desenvolvemento intelectual pode ser acelerado mediante o emprego de determinadas estratexias didácticas, por iso, metodoloxía de ensino en Lingua Galega e Literatura tratará de ser o máis activa posible e alternará traballos individuais con traballos cooperativos que melloren os vínculos entre o alumnado e mesmo favorezan as relacións interculturais, por suposto, incluíndo na mesma liña a ensinanza por competencias. Segundo a Teoría de Intelixencias Múltiples de Gardner existen diferentes estilos de aprendizaxe, por conseguinte, tratarase na medida do posible de atender os diferentes ritmos para que todo o alumnado vaia adquirindo os coñecementos básicos.

Outra cuestión a ter en conta é o traballo da oralidade, pois en boa parte dos casos o uso da lingua polos rapaces e rapazas queda relegado a unha práctica ritual forzada polas clases de Lingua Galega e as outras materias que se

imparten obrigatoriamente en galego. Por outra parte, somos moi conscientes de que a propia actitude do profesorado inflúe na motivación e rendemento do alumnado, pois como sinalou Jurjo Torres Santomé na súa teoría sobre o currículo oculto, en moitos aspectos, os valores transmitidos informalmente dende as aulas poden ter efectos moito máis determinantes e poderosos que os contidos curriculares explícitos. Teremos isto en conta para que non se produza ningún tipo de desaxuste na conformación do autoconceito nin na traxectoria académica do alumnado.

#### LIÑAS DE ACTUACIÓN NO PROCESO DE ENSINO E APRENDIZAXE:

-O uso de distintos métodos que teñan en conta os diferentes ritmos de aprendizaxe do alumnado, favorezan a capacidade de aprender por si mesmos e que o capaciten para acceder á formación superior ou ao futuro profesional de forma competente.

-A realización de tarefas complexas, de xeito que o alumnado teña que mobilizar un amplo conxunto de recursos e saberes para afrontar con éxito as diferentes situacións comunicativas e sexa quen de responder aos retos da sociedade do século XXI, que require persoas cultas, críticas e ben informadas.

-O deseño de proxectos significativos para o alumnado, baseados en contextos recoñecibles, que teñan en conta, se for posible, as súas vivencias particulares e o reforzo do seu compromiso co desenvolvemento sostible, a defensa dos dereitos humanos e a convivencia igualitaria, inclusiva, pacífica e democrática. A análise do sexismo na publicidade, a comparación de escenas de películas, a elaboración de trípticos... servirían como exemplos que hai que seguir.

-O traballo cooperativo, coa proposta de tarefas nas que o alumnado debe regular a súa conduta e a súa capacidade para se relacionar cos demais, estimulando o respecto crítico a outros puntos de vista, o recoñecemento dos propios valores e limitacións, a adaptación ás necesidades colectivas, a asunción de responsabilidades e o respecto ás normas acordadas.

Alén diso, o traballo colaborativo en proxectos debe potenciar que cada persoa teña os seus tempos e os seus espazos de recoñecemento da súa valía persoal e da súa capacidade de contribuír a desenvolver a actividade, reforzando así a autoestima, a autonomía, a reflexión e a responsabilidade. Por exemplo, en primeiro de bacharelato, para desenvolver un programa de televisión en liña, pódese organizar, o traballo por equipos para o deseño do grafismo do programa, a selección da música, a elaboración do guión, a escolma das noticias, as entrevistas, a creación dun anuncio promocional e a gravación final.

-A énfase na atención á diversidade, na atención individualizada, na prevención das dificultades de aprendizaxe e na posta en práctica de mecanismos de reforzo tan pronto como se detecten estas dificultades ou de tarefas de ampliación para aquel alumnado que precise afondar máis nos contidos.

-Uso de estratexias para traballar transversalmente a comprensión lectora, a expresión oral e escrita, a comunicación audiovisual, a competencia dixital, o fomento da creatividade, do espírito científico e do emprendemento. A adquisición destas destrezas pode acadarse a través da lectura de distintos tipos de textos, da súa comprensión e da reflexión arredor deles.

-O desenvolvemento gradual e progresivo dos obxectivos e dos contidos de maneira que, alén de incrementar a dificultade dos procesos e situacións comunicativas, tamén se vaian adquirindo habilidades máis complexas que propicien a aprendizaxe individual e autónoma.

-A potenciación da reflexión interlingüística, centrada especialmente na lingua galega e portuguesa e mais nas súas respectivas variantes. Os coñecementos básicos de portugués adquiridos na educación secundaria obrigatoria e as novas aprendizaxes sobre as súas variedades noutros territorios serán o punto de partida para desenvolver estratexias que, alén de facilitaren a intercomunicación nos dous idiomas, favorezan a adquisición doutras habilidades que, como a mediación, poden resultar moi útiles na futura traxectoria profesional da mocidade galega. Con este fin, os centros educativos, a través do profesorado de Lingua Galega, o equipo de dinamización da lingua galega, a biblioteca ou outros departamentos, poderán promover actuacións que, de xeito presencial ou virtual, propicien os intercambios lingüísticos entre o alumnado galego e lusófono (encontros, concursos, festivais...).

-Traballo interdisciplinario e a coordinación con outros departamentos e equipos do centro, especialmente co equipo de dinamización da lingua galega e o equipo de biblioteca como mellor vía para promover actuacións tanto de xeito presencial como virtual: saídas didácticas, exposicións, espectáculos...

-A proposta de lectura de obras que, alén de ampliar os ámbitos de coñecemento do alumnado e de melloraren o seu nivel de capacidade verbal, promovan a defensa de valores socioculturais e éticos (dereitos humanos, conciencia ambiental, benestar animal...).

-A recomendación de lecturas en soportes variados, enmarcando as obras nos xéneros literarios e evitando a memorización descontextualizada dun conxunto de características, autores e títulos de obras.

-A énfase nas estratexias que fomenten a oralidade e as competencias activas co fin de que o alumnado adquira os recursos necesarios para se expresar correctamente nunha ampla variedade de situacións comunicativas (espontáneas ou planificadas) e de contextos (formais e informais) para que, unha vez rematado o bacharelato, xa alcanzase, entre outros, o dominio do sistema fonético-fonolóxico do galego. Entre o amplo abano de actuacións que contribúen ao desenvolvemento desta destreza, están o cinema, as dramatizacións e representacións teatrais, a radio coas súas múltiples posibilidades (informativos, publicidade, teatro radiofónico...), a música (rap, poemas musicados...) e todo tipo de iniciativas en formato audiovisual.

-O cultivo da sensibilidade estética e cultural do alumnado para que sexa quen de apreciar a beleza das obras literarias e para fomentar o enriquecemento do seu acervo cultural e das súas posibilidades de expresión, a través, por exemplo, da realización de exposicións, comentarios, adaptacións audiovisuais de relatos etc.

-O desenvolvemento da competencia dixital en lingua galega a través das TIC e o coñecemento de recursos dixitais que faciliten a procura de información, a revisión dos textos e a súa posterior divulgación, sempre respectando os dereitos da propiedade intelectual.

## 4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
Eva Edixgal: Netex Smart e Edebé.
Calveiro, Marcos (2022). Curros e Holmes. Vigo. Galaxia.
Cajaraville, Héctor (2016). A caixiña dos rancos. Vigo. Xerais.
Maceiras, Andrea (2018). O que sei do silencio. Vigo. Xerais.
Mejuto, Eva (2019). Memoria do silencio . Vigo. Xerais.
Paniagua, Cándido (2020). 48 horas. Vigo. Xerais.
Dosil, Benxamín (2021). Manual de uso da lingua galega. Vigo. Xerais.
Dosil, Benxamín (2015). Escrita doada: consellos para redactar ben. Vigo: Xerais.
Feixó Cid, Xosé G. (2021). Gramática da lingua galega. Síntese práctica (6ª edición). Vigo. Xerais.
Instituto da Lingua Galega (25 de agosto de 2022). Dicionario de dicionarios do galego medieval. <a href="http://ilg.usc.gal/ddgm/">http://ilg.usc.gal/ddgm/</a>
López Viñas, Xoán; Lourenço Mórdia, Cilha & Moreda Leirado, Marisa (2011). (2a Ed. Corrixida). Gramática práctica da lingua galega. Comunicación e expresión. A Coruña: Baía Edicións.
Méndez Álvarez, Ma Xesús (2004). Ortografía da Lingua Galega. Vigo: Xerais de Galicia.
Regueira, Xosé Luís (2010). Dicionario de pronuncia da lingua galega. A Coruña: Real Academia Galega.
Rodríguez Carnota, Miguel (2022). Lingua, poder e adolescencia. Vigo: Xerais.

As aulas e a biblioteca son os lugares en que o alumnado ten ao seu alcance a maioría dos recursos e materiais do centro (pantalla dixital, canon, computador fixo, computadores portátiles, conexión a internet, encerado dixital e impresora 3D).

A biblioteca ofrece, ademais de obras de lectura, libros de texto, mapas, revistas, xornais, recursos dixitais para consultar información, realizar traballos de investigación etc. (computadores, impresoras, mesas e cadeiras apropiadas...).

Tamén se deben contemplar, tal como se especifica no artigo 78 da Orde do 8 de setembro de 2021, a necesidade de materiais axeitados para a atención á diversidade. O centro dispón dunha equipación adecuada para todo o alumnado, mesmo para aquel que teña dificultades de accesibilidade ás súas instalacións (cadeiras de rodas, elevadores, muletas etc.).

Se se precisa algún outro material complementario adaptado a este tipo de alumnado, será solicitado á Consellería a través dos informes correspondentes.

Outros recursos didácticos:

- Aulas Galegas: <https://aulasgalegas.org/category/linguas/galego/>
- Dicionario castelán-galego, Rinoceronte Editora: <https://rinoceronte.gal/dicionario/>
- Dicionario da Real Academia Galega: <http://www.realacademiagalega.org/dicionario#inicio.do> - Dicionario de pronuncia da lingua galega: <http://ilg.usc.es/pronuncia/>
- Dicionario visual interactivo: [www.edu.xunta.es/contidos/dicionariovisual/dicionario.html](http://www.edu.xunta.es/contidos/dicionariovisual/dicionario.html)
- O Portal das Palabras, Real Academia Galega e Fundación Barrié: <http://www.portaldaspalabras.org/>
- Vocabulario ortográfico da lingua galega (VOLG), RAG / ILG, Galaxia: <http://www.realacademiagalega.org/recursos-volg>
- Programa CRTVG: <http://digochoeu.gal>

## 5.1. Procedemento para a avaliación inicial

A avaliación inicial, cuxo fin é diagnosticar e valorar o nivel de coñecementos previos do alumnado, efectúase nas primeiras sesións do curso.

É, xunto coa información obtida a través do Departamento de Orientación e da consulta do expediente académico da alumna ou alumno no XADE, unha ferramenta esencial para que o profesorado poida coñecer o nivel académico do alumnado nas distintas competencias, co fin de poder adaptar o seu proceso de ensinanza e a súa proposta didáctica a ese nivel. Alén diso, a avaliación inicial constitúe un factor preventivo esencial na atención á diversidade, especialmente cando se trata de alumnado con necesidades específicas de apoio educativo.

Os resultados da avaliación inicial serven como referente para adoptar as decisións de tipo educativo que correspondan e, nos casos en que for necesario, para demandar da xefatura do Departamento de Orientación a realización dunha avaliación psicopedagóxica.

Realizamos unha avaliación inicial destinada a comprobar a competencia lingüística do alumnado que consta dos seguintes apartados:

- Comunicación oral: con actividades de comprensión e expresión oral.
- Competencia lectora: actividades destinadas a comprobar a exactitude e a velocidade lectora de alumnas e alumnos e relacionadas coa comprensión de textos escritos.
- Expresión escrita: actividades para avaliar a coherencia e a corrección gramatical e ortográfica.
- Conceptos: cuestións sobre aspectos básicos de gramática e léxico.

Para cada apartado establécense os criterios que determinan se os ítems foron ou non foron superados. Nas reunións de avaliación inicial programadas no centro trataranse os casos dos alumnos/as aos que se lle detecten carencias básicas para tomar as medidas oportunas na xunta avaliadora. Ademais na materia que corresponde a este departamento poderíanse aplicar actividades de reforzo relacionadas, sobre todo, coa comprensión e a expresión oral e escrita

No curso actual imos contar cunha alumna con Adaptación curricular, polo que é preciso iniciar as medidas e adaptacións necesarias sempre en consonancia co departamento de Orientación do centro.

## 5.2. Criterios de cualificación e recuperación

### Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8	UD 9	Total
<b>Peso UD/ Tipo Ins.</b>	<b>11</b>	<b>12</b>	<b>12</b>	<b>11</b>	<b>11</b>	<b>11</b>	<b>11</b>	<b>11</b>	<b>10</b>	<b>100</b>
<b>Proba escrita</b>	30	40	30	30	40	20	40	40	50	<b>35</b>
<b>Táboa de indicadores</b>	70	60	70	70	60	80	60	60	50	<b>65</b>

### Criterios de cualificación:

Realizaranse, como mínimo, dúas probas escritas por trimestre puntuadas sobre 6. Farase media entre as dúas tendo como resultado máximo 6 puntos. Nas probas escritas descontarase 0,05 por faltas leves (por exemplo, acentos gráficos) e 0,1 por faltas máis graves (castelanismos, tempos compostos, incorrecta colocación do pronome persoal átono, b/v, h/...) ata un máximo de un punto.

En cada avaliación propoñerase unha tarefa a través da cal o alumnado poderá demostrar cal é o nivel de dominio das diferentes competencias clave. Dita tarefa puntuará ata un máximo de 2 puntos.

En cada trimestre avaliarase o libro de lectura escollido polo alumnado entre as propostas dadas e este terá unha puntuación máxima de 1 punto para a nota trimestral.

Realizarase, cando menos, unha proba de comprensión lectora por avaliación na que o alumnado obterá unha puntuación máxima de 1 punto.

A cualificación de cada avaliación resultará da nota media resultante das probas escritas (60%), á que se lle sumará a nota obtida na avaliación do libro de lectura (10%), a tarefa de competencias clave (20%) e a proba de comprensión escrita (10%). Para aprobar a avaliación é necesario que a suma anterior dea como mínimo un cinco.

A nota final do curso será a media das tres avaliacións, tendo en conta que a cualificación obtida na proba da TERCEIRA avaliación puntuará dobre e a esta sumaranse as notas da PRIMEIRA e SEGUNDA avaliacións. A suma resultante dividirase entre catro. Para o cálculo das notas medias terase en conta a nota real e non a ponderada de cada avaliación.

### ACLARACIÓN

As probas de lectura están incorporadas como proba escrita nas UD 1,5 e 7 cunha ponderación do 10% cada unha. As tarefas de comprensión escrita quedan recollidas nas UD3, 6 e 9 cunha ponderación do 10% cada unha.

### Criterios de recuperación:

Actividades de recuperación: A posta en práctica dun sistema de avaliación continua permitirá a aplicación de medidas de reforzo inmediato naqueles casos nos que se detecte que non se acadaron os obxectivos establecidos, ou ben que existen dificultades que impiden o progreso do alumnado.

Proporanse actividades que permitan unha recuperación axeitada, así como abordar os contidos de maneira diferente (metodoloxicamente, en canto á profundidade dos mesmos ou no referente á súa secuenciación). Haberá un seguimento destas actividades utilizando os instrumentos de avaliación descritos anteriormente.

### **5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes**

O alumnado que teña a Lingua galega e literatura pendente do/s curso/s anteriores realizará dúas probas escritas ao longo do curso, atendendo aos distintos apartados recollidos nos contidos da programación. A cualificación de cada unha destas probas suporá un 80% da nota. Entregáranse exercicios sobre a materia que se valorarán cun 20%. Se a nota media das dúas avaliacións é inferior a 5, realizará unha proba final de todo o temario en maio.

Realizarase un exame final da materia para aqueles alumnos que non superaron a materia pendente ao longo do curso. Realizarase con anterioridade ao exame final da materia do curso actual.

#### **ACLARACIÓN**

En 3º da ESO non hai ningún alumno nin alumna con Lingua galega e literatura pendente.

## **6. Medidas de atención á diversidade**

De conformidade co artigo 3 do Decreto 229/2011, do 7 de decembro, as medidas de atención á diversidade que deben atender ao principio de inclusión educativa enténdese como «o conxunto de accións que teñen como finalidade adecuar a resposta educativa ás diferentes características e necesidades, ritmos e preferencias de aprendizaxe, motivacións, intereses e situacións sociais e culturais de todo o alumnado». Estas medidas oriéntanse a alcanzar os obxectivos e as competencias establecidas para a ESO e o bacharelato e réxense polos principios de equidade, calidade e igualdade de oportunidades, non discriminación, integración, accesibilidade e cooperación da comunidade educativa.

Segundo o artigo 49 da Lei Orgánica 3/2020, do 29 de decembro, pola que se modifica a Lei Orgánica 2/2006, de 3 de maio, de Educación, as Administracións educativas asegurarán os recursos necesarios para os alumnos e alumnas que requiran unha atención educativa diferente á ordinaria, por presentar necesidades educativas especiais, por atraso madurativo, por trastornos do desenvolvemento da linguaxe e a comunicación, por trastornos de atención ou de aprendizaxe, por descoñecemento grave da lingua de aprendizaxe, por atoparse en situación de vulnerabilidade socioeducativa, polas súas altas capacidades intelectuais, por terse incorporado tarde ao sistema educativo ou por condicións persoais ou de historia escolar; para que poidan acadar o máximo desenvolvemento posible das súas capacidades persoais e, en todo caso, os obxectivos establecidos con carácter xeral para todo o alumnado.

Unha vez coñecida a natureza dos alumnos e alumnas que cursarán esta materia e os resultados da avaliación inicial, e logo de analizar os informes do centro de procedencia e da información facilitada polo orientadora, contamos este curso con: un alumno repetidor, un alumno con dislexia, un alumno con TEA e TDAH asociado, un alumno con TEA-Asperger, un alumno con TDA e unha alumna que repite.

Aplicaranse os respectivos protocolos coa colaboración do departamento de Orientación.

Ao alumno repetidor aplicaráselle o plan específico personalizado para o alumnado que permanece un ano máis no mesmo curso, segundo o artigo 52 da Orde do 8 de setembro de 2021 de atención á diversidade. Este plan ten como finalidade adaptar as condicións curriculares ás necesidades dos alumnos para tratar de superar as dificultades detectadas. Elaborarao o equipo docente, baixo a coordinación do profesor/a titor/a, e desenvolverase ao longo de todo o curso.

No que respecta á materia de lingua e literatura galega este plan incluirá fundamentalmente tarefas de reforzo e de consolidación e un seguimento específico de maneira trimestral.



## 7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8
ET.1 - Comprensión lectora	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.2 - Comunicación audiovisual			X		X			X
ET.3 - Competencia dixital	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.4 - Emprendemento social e empresarial			X			X		
ET.5 - Expresión escrita	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.6 - Fomento do espírito crítico e científico				X			X	
ET.7 - Educación emocional e en valores	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.8 - Igualdade de xénero	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.9 - Creatividade			X			X		
ET.10 - Prevención e resolución pacífica de conflitos	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.11 - Pluralidade e diversidade	X	X	X	X	X	X	X	X

	UD 9
ET.1 - Comprensión lectora	X
ET.2 - Comunicación audiovisual	
ET.3 - Competencia dixital	X
ET.4 - Emprendemento social e empresarial	X
ET.5 - Expresión escrita	X
ET.6 - Fomento do espírito crítico e científico	
ET.7 - Educación emocional e en valores	X

	UD 9
ET.8 - Igualdade de xénero	X
ET.9 - Creatividade	X
ET.10 - Prevención e resolución pacífica de conflitos	X
ET.11 - Pluralidade e diversidade	X

## 7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Asistencia a obras de teatro galegas.	Pendientes de pechar.	X	X	X
Visita ao centro de algún escritor galego.	Pendente de pechar.		X	X

### Observacións:

Cómpre ter en conta que todas estas actividades teñen relación directa coa materia, polo que non se considerarán nin se inclúen aquí as actividades complementarias organizadas polo centro. As que se desenvolven fóra do centro, contarán co permiso por escrito da nai, do pai ou dos titores legais.

## 8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico
Conseguíronse adecuar as unidades didácticas á temporalización indicada e desenvolvéronse as actividades propostas de acordo á súa temporalización.
Os procedementos, criterios e instrumentos de avaliación utilizados foron os adecuados.
As probas de avaliación foron corrixidas no prazo establecido, entregadas ao alumnado, analizadas e comentadas na clase.
Metodoloxía empregada
Empregouse unha metodoloxía precisa e variada, con uso de materiais diversos.
Organización xeral da aula e o aproveitamento dos recursos
Mantívose a coherencia entre obxectivos, contidos, criterios de avaliación e mínimos de consecución.

Medidas de atención á diversidade
Atendeuse adecuadamente a diversidade do alumnado e aplicáronse os protocolos correspondentes.
Propuxéronse e concretáronse actividades de seguimento para atender a diversidade do alumnado: ACNEAE, repetidoras/es, ACS, reforzos.
Clima de traballo na aula
Propiciouse un ambiente motivador na aula.
Respectouse o alumnado e demostrouse sensibilidade ante os seus problemas e as súas diferenzas tanto culturais, como de procedencia.
Respectouse a puntualidade á hora de entrar na aula e mostrouse unha actitude entusiasta e dinámica.
Potenciouse a participación, o diálogo e a reflexión dentro da aula.
Fomentouse que o alumnado utilizase a lingua galega habitualmente na clase co profesor ou profesora e cos seus compañeiros e compañeiras.
Coordinación co resto do equipo docente e coas familias ou as persoas titoras legais
Logo de realizarse a avaliación inicial e de recibir a información transmitida polo Departamento de Orientación, mantívose o seguimento personalizado de todo o alumnado ao longo do curso.
O profesorado mantívose actualizado tanto no que se refire a aspectos didácticos xerais e específicos da súa materia como no ámbito das novas tecnoloxías
Existiu un seguimento continuo da programación didáctica ao longo do curso e realizáronse as modificacións e adaptacións necesarias.
Estableceuse unha comunicación fluída e constante con outros departamentos, equipos e grupos de traballo específicos (EDLG, a Biblioteca, Club de Ciencia, etc.)
Estableceuse unha comunicación continuada co alumnado imposibilitado para asistir temporalmente ao centro: atención domiciliaria, hospitalización etc., a través da aula virtual ou doutras comunicacións telemáticas.
Participouse no Proxecto lector do centro e en actividades programadas por outros grupos ou equipos docentes (EDLG, Equipo de Biblioteca etc.).
Mantívose contacto regular coas familias para seren informadas de todo o proceso de ensino aprendizaxe das filla ou fillos.
Outros
O alumnado foi informado detalladamente dos criterios e instrumentos de avaliación e cualificación establecidos.
As explicacións foron claras e amenas e as exemplificacións sinxelas e comprensibles.
Asistiuse ás reunións de departamento achegando ideas, información e modificacións á PD, avaliando os resultados das avaliacións do alumnado e propondo mecanismos de mellora.
Analizouse a cualificación do alumnado e valoráronse as porcentaxes de alumnado que superou e non superou a materia.
Pasóuselle ao alumnado un cuestionario-enquisa a respecto da práctica docente do profesor ou profesora.

### Descrición:

Resulta fundamental que o profesorado posúa ferramentas e empregue procedementos útiles para avaliar o proceso do ensino e a súa práctica docente. Esta valoración efectúase, tal e como indica a normativa vixente, a través duns indicadores de logro "o profesorado avaliará tanto as aprendizaxes do alumnado como os procesos de ensino e a súa propia práctica docente, para o cal establecerá indicadores de logro nas programacións docentes".

Estes indicadores xiran arredor de tres aspectos: o referente á actitude profesional dentro da aula, ao coñecemento e á actitude a respecto do alumnado e ao cumprimento do establecido na programación didáctica. Os ditos indicadores

de logro valoraranse nunha escala de 0 a 10, e os seus resultados deben ser inseridos dentro da memoria final.

Para recompilar información e elaborar os indicadores de logro utilizaranse os cuestionarios que lle serán proporcionados ao alumnado, mesmo ao final de cada trimestre e ao remate do curso. Todos estes datos formarán parte de memoria final e deben terse en conta para que se poidan corrixir as deficiencias detectadas na PD do próximo curso.

## **8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora**

Para a elaboración da programación didáctica partiuse do seguimento das directrices establecidas pola Comisión de Coordinación Pedagóxica (CCP). Alén diso, tivéronse en conta as propostas existentes na memoria do curso anterior.

Cumpriuse o prazo de entrega indicado normativamente. A estrutura da PD incluíu os apartados que recolle a Resolución do 26 de maio de 2022 que se expresan a seguir:

-Introdución.

-Obxectivos e a súa contribución ao desenvolvemento das competencias.

-Relación de unidades didácticas coa súa secuencia e temporalización, e que conteñen a parte do currículo da materia que se traballou e a relación dos instrumentos de avaliación.

-Metodoloxía, coas concrecións metodolóxicas e os materiais e recursos didácticos.

-A avaliación, que refire o procedemento para a avaliación inicial, os criterios de cualificación coa indicación do mínimo de consecución para a superación da materia.

-Medidas de atención á diversidade.

-A concreción dos elementos transversais.

-As actividades complementarias.

-A práctica docente, que inclúe o procedemento para avaliar o proceso de ensino e a praxe docente cos seus indicadores de logro e o procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora da propia programación didáctica.

O desenvolvemento da programación didáctica será analizado e revisado na última reunión de departamento de cada trimestre. Valorarase o grao de cumprimento da secuenciación e temporalización das respectivas unidades didácticas, e se o seu deseño se axustou aos distintos elementos do currículo. Tamén se valorará se a metodoloxía seguida e se os materiais e recursos didácticos empregados estaban dando os resultados previstos. En canto á avaliación, analizarase se o deseño das probas e os mecanismos para a súa realización foron os adecuados. Revisaranse as medidas adoptadas a respecto do alumnado ACNEAE presente nas aulas. Valorarase a pertinencia dos distintos elementos transversais e o grao de cumprimento e participación en actividades complementarias. Analizarase se os mecanismos de información ás familias deron os resultados previstos e se foron útiles e adecuados. Incluírse a avaliación da práctica docente e da propia PD. Para comprobar a aplicación adecuada da PD elaboráronse os indicadores de logro que se enumeran a continuación:

1. Conseguiuse acadar o grao de cumprimento dos obxectivos didácticos propostos, co correspondente desenvolvemento das competencias clave.
2. A secuenciación das UD propostas foi a axeitada, así como o número delas e a súa distribución cronolóxica.
3. As concrecións metodolóxicas e os materiais e recursos didácticos utilizados axustáronse aos fins perseguidos.
4. Os criterios de avaliación foron ben aplicados.
5. Os instrumentos de avaliación foron os adecuados.

6. Os mínimos de consecución para cada criterio de avaliación estiveron ben establecidos.
7. Atendeuse debidamente a diversidade do alumnado (seguindo os correspondentes protocolos de actuación).
8. Atendéronse suficientemente os contidos transversais e as actividades complementarias.
9. A materia contribuíu aos distintos Plans do centro: proxecto lingüístico, proxecto lector, TIC, Convivencia....
10. Realizouse un seguimento regular da PD por parte do departamento.
11. Avaliouse a PD aplicando unha escala de 1 a 5 a respecto do seu cumprimento.
12. Establecéronse propostas de mellora das deficiencias observadas na aplicación da PD.

Estas propostas serán incluídas na memoria final do departamento.

Na última reunión do departamento didáctico recolléranse todas as modificacións ou adaptacións feitas ao longo do curso e, en consecuencia, a incorporación das propostas de mellora; incluíranse na memoria final do departamento para seren tidas en conta na PD do próximo curso e serán transmitidas e expostas, se for o caso, na primeira reunión que celebre a Comisión de Coordinación Pedagóxica.

Por último, hai que sinalar que tamén se fará o seguimento a través da aplicación PROENS.

## 9. Outros apartados

# PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

## Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
15025268	IES As Telleiras	Narón	2023/2024

## Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Educación secundaria obrigatoria	Lingua galega e literatura	4º ESO	3	105

## Réxime

Réxime xeral-ordinario

<b>Contido</b>	<b>Páxina</b>
1. Introducción	3
2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias	3
3.1. Relación de unidades didácticas	5
3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas	6
4.1. Concrecións metodolóxicas	20
4.2. Materiais e recursos didácticos	20
5.1. Procedemento para a avaliación inicial	23
5.2. Criterios de cualificación e recuperación	24
6. Medidas de atención á diversidade	25
7.1. Concreción dos elementos transversais	26
7.2. Actividades complementarias	27
8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro	27
8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora	29
9. Outros apartados	30

## 1. Introducción

O IES As Telleiras é un centro público de ensino dependente da Xunta de Galicia situado no concello de Narón, ao noroeste da provincia da Coruña e pertencente á comarca de Ferrol. Impártense ESO e Bacharelato unicamente na quenda de diúrno. O Centro atópase na estrada de Cedeira, afastado do núcleo de poboación e sen transporte público o que dificulta o acceso da comunidade educativa ás súas instalacións fóra do horario lectivo. Este feito inflúe negativamente na participación na vida do centro por parte do alumnado, pois sempre será preciso que sexan transportados polas súas familias se queren participar nalgunha actividade que se faga pola tarde.

No que concerne especificamente ao curso de 4ºESO, cómpre destacar que conta con catro grupos (sendo un deles un agrupamento específico). A nivel contidos, continúa as liñas dos cursos anteriores na etapa coa continuidade do achegamento á literatura galega e ten a responsabilidade engadida de ser, para moito do noso alumnado, o último contacto co ensino regrado da nosa lingua e literatura. Preténdese mellorar a eficacia comunicativa do alumnado na produción, recepción e interacción oral, escrita e multimodal e pola outra, favorecer un uso ético da linguaxe.

- Expresión argumentada da interpretación dos textos, integrando os diferentes aspectos analizados e atendendo aos seus valores culturais, éticos e estéticos. Lectura con perspectiva de xénero.
- Lectura expresiva, dramatización e recitado atendendo aos procesos de comprensión, apropiación e oralización implicados.
- Elaboración de conclusións propias sobre o funcionamento do sistema lingüístico cunha metalinguaxe específica a partir da observación, comparación e clasificación de unidades comunicativas e do contraste entre linguas.
- Diferenzas relevantes e interseccións entre lingua oral e lingua escrita, atendendo a aspectos sintácticos, léxicos e

<b>Contidos</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>- pragmáticos.</li> <li>- A lingua como sistema interconectado con diferentes niveis: fonolóxico, morfolóxico, sintáctico e semántico.</li> <li>- Distinción entre a forma (categorías gramaticais) e a función das palabras (funcións sintácticas da oración simple e composta).</li> <li>- Relación entre a estrutura semántica (significados verbais e argumentos) e sintáctica (suxeito, predicado e complementos) da oración simple e composta en función do propósito comunicativo.</li> <li>- Uso autónomo de dicionarios, manuais de gramática e outras fontes de consulta, en soporte analóxico e dixital, para obter información gramatical de carácter xeral.</li> </ul>

<b>UD</b>	<b>Título da UD</b>	<b>Duración</b>
9	"Fálame nesa fala melosiña"	10

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA2.5 - Identificar o sentido global, a estrutura, a información relevante e a intención do emisor de textos escritos e multimodais especializados, con especial atención a textos académicos e dos medios de comunicación, realizando as inferencias necesarias e con diferentes propósitos de lectura.	Identificar a estrutura de cada tipoloxía textual estudada.	PE	70
CA2.6 - Valorar criticamente a forma e o contido de textos complexos avaliando a súa calidade, a fiabilidade e idoneidade da canle utilizada, así como a eficacia dos procedementos comunicativos empregados.	Realizar un comentario crítico de textos de variadas tipoloxías.		
CA2.8 - Incorporar procedementos para enriquecer os textos, atendendo a aspectos discursivos, lingüísticos e de estilo, con precisión léxica e corrección ortográfica e gramatical.	Identificar posíbeis erros gramaticais e ortográficos e facer propostas de corrección e mellora.		
CA3.1 - Identificar o sentido global, a estrutura, a información relevante e a intención do emisor de textos escritos e multimodais especializados, con especial atención a textos académicos e dos medios de comunicación, realizando as inferencias necesarias e con diferentes propósitos de lectura.	Identificar outros autores do Rexurdimento e as características básicas das súas obras.		
CA3.5 - Explicar e argumentar a interpretación das obras lidas mediante a análise das relacións internas dos seus elementos constitutivos co sentido da obra e das relacións externas do texto co seu contexto sociohistórico e coa tradición literaria, utilizando unha metalinguaxe específica e incorporando xuízos de valor vinculados á apreciación estética das obras.	Explicar argumentadamente a interpretación de textos pertencentes a diferentes autores do Rexurdimento.		

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA4.1 - Revisar os propios textos e facer propostas de mellora argumentando as mudanzas a partir da reflexión metalingüística e interlingüística e utilizando unha metalinguaxe específica, e identificar e emendar problemas de comprensión lectora utilizando os coñecementos explícitos sobre a lingua e o seu uso.	Utilizar os coñecementos lingüísticos e metalingüísticos para revisar textos propios e alleos.		
CA4.2 - Explicar e argumentar a interrelación entre o propósito comunicativo e as eleccións lingüísticas do emisor, así como os seus efectos no receptor, utilizando o coñecemento explícito da lingua e unha metalinguaxe específica.	Realizar un comentario de texto das distintas tipoloxías estudadas atendendo á súa coherencia e cohesión e á adecuación entre o propósito comunicativo e as eleccións lingüísticas.		
CA1.4 - Utilizar estratexias para a resolución dialogada dos conflitos e a procura de consensos tanto no ámbito persoal como educativo e social.	Respectar os turnos de actuación nos debates, diálogos e procurar acordos de maneira consensuada.		
CA2.1 - Identificar o sentido global, a estrutura, a información relevante en función das necesidades comunicativas e a intención do emisor en textos orais e multimodais complexos propios de diferentes ámbitos, analizando a interacción entre os diferentes códigos.	Identificar as características propias dos textos orais que permiten diferenciarlos dos textos escritos e realizar un comentario crítico de textos pertencentes a calquera de ambas as dúas modalidades.		
CA2.2 - Valorar a forma e o contido de textos orais e multimodais complexos, avaliando a súa calidade, fiabilidade e idoneidade da canle utilizada, así como a eficacia dos procedementos comunicativos empregados.	Valorar a eficacia dos procedementos comunicativos dos textos orais estudados cunha visión crítica.		
CA2.10 - Avaliar a veracidade de noticias e informacións, con especial atención ás redes sociais e outros contornos dixitais, seguindo pautas de análise, contraste e verificación, facendo uso da ferramenta adecuada e mantendo unha actitude crítica fronte ás posibles desviacións da información.	Consultar información sobre o mundo lusófono en fontes fiables e contrastadas, verificando todos os resultados obtidos.	TI	30
CA3.6 - Desenvolver proxectos de investigación que se concreten nunha exposición oral, un ensaio ou unha presentación multimodal, establecendo vínculos argumentados entre os clásicos da literatura galega e tamén da lusófona; obxecto de lectura guiada e outros textos e manifestacións artísticas clásicas ou contemporáneas, en función de temas, tópicos, estruturas, linguaxe, recursos expresivos e valores éticos e estéticos, e explicitando a implicación e a resposta persoal do lector na lectura.	Elaborar un traballo de investigación baseado nos vínculos existentes entre a literatura galega e o mundo lusófono.		
CA4.3 - Elaborar e presentar os resultados de pequenos proxectos de investigación sobre aspectos relevantes do funcionamento da lingua, formulando hipóteses e establecendo xeneralizacións, utilizando os conceptos e a terminoloxía lingüística adecuada e consultando de maneira autónoma dicionarios, manuais e gramáticas en soporte analóxico e dixital.	Presentar os resultados dun traballo de investigación baseado nas relacións entre a lingua galega e o mundo lusófono.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

## Contidos

- Estudo comparativo das principais variedades dialectais do galego e do portugués (especialmente de Portugal e do Brasil).
- Estratexias de reflexión interlingüística e sociolingüística.
- Contexto vinculado ás estratexias de comprensión, produción e análise crítica de textos orais, escritos e multimodais de diferentes ámbitos.
- Xéneros discursivos desde o punto de vista da comprensión, produción e análise crítica de textos orais, escritos e multimodais.
- Xéneros discursivos propios do ámbito social. As redes sociais e os medios de comunicación.
- Procesos de comprensión, produción e análise crítica de diversos tipos de textos orais, escritos e multimodais.
- Interacción oral e escrita de carácter formal. Tomar e deixar a palabra. Cooperación conversacional e cortesía lingüística
- Comprensión oral: sentido global do texto e relación entre as súas partes, selección e retención da información relevante. A intención do emisor. Detección dos usos discriminatorios da linguaxe verbal e non verbal. Valoración da forma e contido do texto.
- Comprensión lectora: sentido global do texto e relación entre as súas partes. A intención do emisor. Detección dos usos discriminatorios da linguaxe verbal e icónica. Valoración da forma e contido do texto.
- Produción escrita. Proceso de elaboración: planificación, redacción, revisión e edición en diferentes soportes. Corrección gramatical e ortográfica. Propiedade léxica.
- Recoñecemento e uso discursivo dos elementos lingüísticos en textos orais, escritos e multimodais.
- Formas lingüísticas para a expresión da subxectividade e da obxectividade e das súas formas de expresión nos textos.
- Conectores, marcadores discursivos e outros procedementos léxico-semánticos e gramaticais que contribúen á cohesión do texto.
- Corrección lingüística e revisión ortográfica, gramatical e tipográfica dos textos. Uso eficaz de dicionarios, manuais de consulta e de correctores ortográficos en soporte analóxico ou dixital.
- Lectura autónoma de obras relevantes contemporáneas de autoras e autores, da literatura galega e tamén do ámbito lusófono, que susciten reflexión sobre o propio itinerario lector, así como a inserción no debate interpretativo da cultura. Procesos e estratexias.
- Participación activa no circuíto literario e lector en contexto presencial e dixital. Utilización autónoma de todo tipo de bibliotecas. Acceso a outras experiencias culturais.
- Expresión argumentada dos gustos lectores persoais. Diversificación do corpus lido, atendendo aos circuítos comerciais do libro e distinguindo entre literatura canónica e de consumo, clásicos e bestsellers. O debate sobre o canon literario.
- Lectura guiada de clásicos da literatura galega desde a Idade Media ata a época das Irmandades, inscritos en itinerarios temáticos ou de xénero. Procesos e estratexias
- Construción compartida da interpretación das obras a través de discusións ou conversacións literarias.
- Análise dos elementos constitutivos do xénero literario e a súa relación co sentido da obra. Efectos na recepción dos seus recursos expresivos.
- Utilización da información sociohistórica, cultural e artística para interpretar as obras e comprender o seu lugar na tradición literaria.
- Vínculos intertextuais entre obras e outras manifestacións artísticas en función de temas, tópicos, estruturas e linguaxes. Elementos de continuidade e ruptura.
- Expresión argumentada da interpretación dos textos, integrando os diferentes aspectos analizados e atendendo aos seus valores culturais, éticos e estéticos. Lectura con perspectiva de xénero.
- Elaboración de conclusións propias sobre o funcionamento do sistema lingüístico cunha metalinguaxe específica a partir da observación, comparación e clasificación de unidades comunicativas e do contraste entre linguas.

## Contidos

- Diferenzas relevantes e interseccións entre lingua oral e lingua escrita, atendendo a aspectos sintácticos, léxicos e pragmáticos.
- A lingua como sistema interconectado con diferentes niveis: fonolóxico, morfolóxico, sintáctico e semántico.
- Uso autónomo de dicionarios, manuais de gramática e outras fontes de consulta, en soporte analóxico e dixital, para obter información gramatical de carácter xeral.

### 4.1. Concrecións metodolóxicas

Antes de comezar cada unidade trataranse de pescudar na aula os coñecementos previos do alumnado, para relacionalos progresivamente cos novos contidos que se impartan, só así se poderá conseguir unha aprendizaxe significativa e construtiva na que os novos coñecementos e o proceso de aprendizaxe estean relacionados co desenvolvemento psicolóxico, o ritmo evolutivo e as capacidades e contidos adquiridos previamente polas alumnas e alumnos. De calquera xeito, é preferible aprender poucos conceptos e facelo de xeito rigoroso e non moitos de maneira superficial, como sucede coa aprendizaxe memorística asinificativa. Tamén se proporán preguntas que supoñan un revulsivo para as/os estudantes e que incrementen a súa atención por medio da interacción co/coa docente. É moi relevante para o profesor/a a premisa de ensinar a aprender segundo a cal, a aprendizaxe é un proceso que se desenvolve ao longo da vida, por iso correspóndelle á/ao docente ir dotando o seu alumnado dunha progresiva autonomía que lle permita "aprender a aprender", a buscaren por si mesmos a información que teñen ao seu alcance para que o día de mañá saiban desenvolverse.

Os Departamento de Lingua Galega ten unha liña metodolóxica común ao longo de toda a etapa, para evitar cambios ou desaxustes bruscos na/o alumna/o ao mudar de curso. Parécenos indispensable a estreita cooperación de todos os compoñentes do Departamento e especialmente das persoas que imparten no mesmo nivel.

#### LIÑAS METODOLÓXICAS:

O principal propósito que se procura é mellorar a competencia comunicativa en lingua galega. Non esquezamos que a clase de lingua estivo tradicionalmente orientada, na meirande parte dos casos, á realización dunha serie de actividades pouco motivadoras, encamiñadas a conseguir uns contidos formais que dificilmente teñen relación co uso real da lingua.

Sabemos que o desenvolvemento intelectual pode ser acelerado mediante o emprego de determinadas estratexias didácticas, por iso, a metodoloxía de ensino en Lingua Galega e Literatura tratará de ser o máis activa posible e alternará traballos individuais con traballos cooperativos que melloren os vínculos entre o alumnado e mesmo favorezan as relacións interculturais, por suposto, incluíndo na mesma liña a ensinanza por competencias.

Outra cuestión a ter en conta é o traballo da oralidade, pois en boa parte dos casos o uso da lingua polos rapaces e rapazas queda relegado a unha práctica ritual forzada polas clases de Lingua Galega e as outras materias que se imparten obrigatoriamente en galego. Por outra parte, somos moi conscientes de que a propia actitude do profesorado inflúe na motivación e rendemento do alumnado, pois como sinalou Jurjo Torres Santomé na súa teoría sobre o currículo oculto, en moitos aspectos, os valores transmitidos informalmente dende as aulas poden ter efectos moito máis determinantes e poderosos que os contidos curriculares explícitos. Teremos isto en conta para que non se produza ningún tipo de desaxuste na conformación do autoconcepto nin na traxectoria académica do alumnado.

#### LIÑAS DE ACTUACIÓN NO PROCESO DE ENSINO E APRENDIZAXE:

-O uso de distintos métodos que teñan en conta os diferentes ritmos de aprendizaxe do alumnado, favorezan a capacidade de aprender por si mesmos e que o capaciten para acceder á formación superior ou ao futuro profesional de forma competente.

-A realización de tarefas complexas, de xeito que o alumnado teña que mobilizar un amplo conxunto de recursos e saberes para afrontar con éxito as diferentes situacións comunicativas e sexa quen de responder aos retos da sociedade do século XXI, que require persoas cultas, críticas e ben informadas.

-O deseño de proxectos significativos para o alumnado, baseados en contextos recoñecibles, que teñan en conta, se for posible, as súas vivencias particulares e o reforzo do seu compromiso co desenvolvemento sostible, a defensa dos dereitos humanos e a convivencia igualitaria, inclusiva, pacífica e democrática.

-O traballo cooperativo, coa proposta de tarefas nas que o alumnado debe regular a súa conduta e a súa capacidade para se relacionar cos demais, estimulando o respecto crítico a outros puntos de vista, o recoñecemento dos propios valores e limitacións, a adaptación ás necesidades colectivas, a asunción de responsabilidades e o respecto ás normas acordadas.

-A énfase na atención á diversidade, na atención individualizada, na prevención das dificultades de aprendizaxe e na posta en práctica de mecanismos de reforzo tan pronto como se detecten estas dificultades ou de tarefas de ampliación para aquel alumnado que precise afondar máis nos contidos.

-Uso de estratexias para traballar transversalmente a comprensión lectora, a expresión oral e escrita, a comunicación audiovisual, a competencia dixital, o fomento da creatividade, do espírito científico e do emprendemento. A adquisición destas destrezas pode acadarse a través da lectura de distintos tipos de textos, da súa comprensión e da reflexión arredor deles.

-O desenvolvemento gradual e progresivo dos obxectivos e dos contidos de maneira que, alén de incrementar a dificultade dos procesos e situacións comunicativas, tamén se vaian adquirindo habilidades máis complexas que propicien a aprendizaxe individual e autónoma.

-A potenciación da reflexión interlingüística, centrada especialmente na lingua galega e portuguesa e mais nas súas respectivas variantes. Os coñecementos básicos de portugués adquiridos na educación secundaria obrigatoria e as novas aprendizaxes sobre as súas variedades noutros territorios serán o punto de partida para desenvolver estratexias que, alén de facilitaren a intercomunicación nos dous idiomas, favorezan a adquisición doutras habilidades que, como a mediación, poden resultar moi útiles na futura traxectoria profesional da mocidade galega.

-Traballo interdisciplinario e a coordinación con outros departamentos e equipos do centro, especialmente co equipo de dinamización da lingua galega e o equipo de biblioteca como mellor vía para promover actuacións tanto de xeito presencial como virtual: saídas didácticas, exposicións, espectáculos...

-A proposta de lectura de obras que, alén de ampliar os ámbitos de coñecemento do alumnado e de melloraren o seu nivel de capacidade verbal, promovan a defensa de valores socioculturais e éticos (dereitos humanos, conciencia ambiental, benestar animal...).

-A recomendación de lecturas en soportes variados, enmarcando as obras nos xéneros literarios e evitando a memorización descontextualizada dun conxunto de características, autores e títulos de obras.

-A énfase nas estratexias que fomenten a oralidade e as competencias activas co fin de que o alumnado adquira os recursos necesarios para se expresar correctamente nunha ampla variedade de situacións comunicativas (espontáneas ou planificadas) e de contextos (formais e informais) para que, unha vez rematado o bacharelato, xa alcanzase, entre outros, o dominio do sistema fonético-fonolóxico do galego.

-O cultivo da sensibilidade estética e cultural do alumnado para que sexa quen de apreciar a beleza das obras literarias e para fomentar o enriquecemento do seu acervo cultural e das súas posibilidades de expresión, a través, por exemplo, da realización de exposicións, comentarios, adaptacións audiovisuais de relatos, etc.

-O desenvolvemento da competencia dixital en lingua galega a través das TIC e o coñecemento de recursos dixitais que faciliten a procura de información, a revisión dos textos e a súa posterior divulgación, sempre respectando os dereitos da propiedade intelectual.

## 4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
Beltrán Carballeira, Ramón X. (2019). Manual práctico de galego. A Coruña: Baía Edicións
Cunha, Celsa & Cintra, Lindley (2017). (7ª Ed.). Nova gramática do português contemporâneo de acordo com a nova ortografía. Rio de Janeiro: Lexikon Editora Digital.
Dosil, Benxamín (2021). Manual de uso da lingua galega. Vigo: Xerais.
Dosil, Benxamín (2015). Escrita doada: consellos para redactar ben. Vigo: Xerais.
Feixó Cid, Xosé G. (2021). Gramática da lingua galega. Síntese práctica (6ª Edición). Vigo: Xerais.
Fernández Rei, Francisco (2003). Dialectoloxía da lingua galega. Vigo: Xerais de Galicia.
Fernández Salgado, Benigno (Dir.) (2004). Dicionario Galaxia de usos e dificultades da Lingua Galega. Vigo: Galaxia.
Freixeiro Mato, Xosé Ramón (2020). Idioma e sociedade. Sobre normalización e planificación da lingua galega. Santiago: Laiovento.
Monteagudo, Henrique (2017). Historia social da lingua galega: idioma, sociedade e cultura a través do tempo. Vigo: Galaxia.



Pena, Xosé Ramón (2013). Historia da Literatura Galega I. Das orixes a 1853. Vigo: Xerais.
Pena, Xosé Ramón (2014). Historia da Literatura Galega II. De 1853 a 1916. O Rexurdimento. Vigo: Xerais.
Regueira, Xosé Luís (2010). Dicionario de pronuncia da lingua galega. A Coruña: Real Academia Galega.
Resende de Oliveira, António (1995) . Trobadores e xograres. Contexto histórico. Vigo: Xerais
Rosales Cereijo, Manuel (2002). A linguaxe literaria. Guía de recursos para a análise textual. Vigo: Xerais de Galicia
Sánchez Rei, Xosé Manuel (2021). O portugués esquecido. O galego e os dialectos portugueses setentrionais. Santiago: Laiovento.

As aulas e a biblioteca son os lugares en que o alumnado ten ao seu alcance a maioría dos recursos e materiais do centro (pantalla dixital, canón, computador fixo, computadores portátiles, conexión a Internet, encerado dixital e impresora 3D). A biblioteca ofrece, ademais de obras de lectura, libros de texto, mapas, revistas, xornais, recursos dixitais para consultar información, realizar traballos de investigación, etc. (computadores, impresoras, mesas e cadeiras apropiadas,...)

Tamén se deben contemplar, tal como se especifica no artigo 78 da Orde do 8 de setembro de 2021, a necesidade de materiais axeitados para a atención á diversidade. O centro dispón dunha equipación adecuada para todo o alumnado, mesmo para aquel que teña dificultades de accesibilidade ás súas instalacións (elevadores).

Se se precisa algún outro material complementario adaptado a este tipo de alumnado, será solicitado á Consellería a través dos informes correspondentes.

O alumnado dispón dunha aula virtual onde pode acceder tanto aos contidos da materia como aos materiais teóricos e prácticos que se traballarán ao longo do curso. Esta información estará tamén dispoñíbel en papel na fotocopiadora do centro.

Outros recursos didácticos:

- Aula Virtual do IES As Telleiras: <http://www.edu.xunta.gal/centros/iesastelleiras/aulavirtual/>
- Aulas Galegas: <https://aulasgalegas.org/category/linguas/galego/>
- Dicionario castelán-galego, Rinoceronte Editora: <https://rinoceronte.gal/dicionario/>
- Dicionario da Real Academia Galega: <http://www.realacademiagalega.org/dicionario#inicio.do>
- Dicionario de pronuncia da lingua galega: <http://ilg.usc.es/pronuncia/>
- Dicionario visual interactivo: [www.edu.xunta.es/contidos/dicionariovisual/dicionario.html](http://www.edu.xunta.es/contidos/dicionariovisual/dicionario.html)
- O Portal das Palabras, Real Academia Galega e Fundación Barrié: <http://www.portaldaspalabras.org/>
- Vocabulario ortográfico da lingua galega (VOLG), RAG / ILG, Galaxia: <http://www.realacademiagalega.org/recursos-volg>
- Universo Cantigas: <https://universocantigas.gal/>
- Asociación de Escritores en Lingua Galega: <https://www.aelg.gal/>
- Biblioteca Virtual Galega: <https://bvg.udc.es/>

## 5.1. Procedemento para a avaliación inicial

A avaliación inicial, cuxo fin é diagnosticar e valorar o nivel de coñecementos previos do alumnado, efectúase nas primeiras sesións do curso.

É, xunto coa información obtida a través do Departamento de Orientación e da consulta do expediente académico da alumna ou alumno no XADE, unha ferramenta esencial para que o profesorado poida coñecer o nivel académico do alumnado nas distintas competencias, co fin de poder adaptar o seu proceso de ensinanza e a súa proposta didáctica a ese nivel. Alén diso, a avaliación inicial constitúe un factor preventivo esencial na atención á diversidade, especialmente cando se trata de alumnado con necesidades específicas de apoio educativo.

Os resultados da avaliación inicial serven como referente para adoptar as decisións de tipo educativo que correspondan e, nos casos en que for necesario, para demandar da xefatura do Departamento de Orientación a realización dunha avaliación psicopedagóxica.

Realizamos dúas probas: por un lado, unha enfocada á avaliación inicial da oralidade e da competencia lingüística do alumnado neste ámbito, tanto do punto de vista da produción como da comprensión; e por outra banda, unha proba escrita, centrada na valoración da competencia lingüística do alumnado neste contexto, tanto no que respecta á

producción como no tocante á comprensión escrita.

Con respecto á primeira, o alumnado deberá expoñer oralmente e de forma planificada unha proposta sobre un tema dado pola profesora da materia. Valórase non só que se axuste ás instrucións dadas (comprensión oral), mais tamén a calidade lingüística e a fluidez do discurso (expresión oral).

Con respecto á segunda, distinguimos as seguintes partes:

- Comprensión oral. O alumnado debe compoñer un texto e responder, a partir da escoita, a preguntas sobre o seu contido.
- Comprensión escrita. O alumnado debe contestar a preguntas pechadas sobre o contido dun texto escrito.
- Producción escrita. O alumnado realiza unha pequena composición escrita sobre o contido e/ou temática do texto proposto.
- Á parte disto, a proba inclúe tamén diversas cuestións relacionadas coa reflexión (socio)lingüística.

## 5.2. Criterios de cualificación e recuperación

### Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8	UD 9	Total
<b>Peso UD/ Tipo Ins.</b>	<b>10</b>	<b>10</b>	<b>10</b>	<b>10</b>	<b>15</b>	<b>10</b>	<b>15</b>	<b>10</b>	<b>10</b>	<b>100</b>
<b>Proba escrita</b>	70	80	75	70	80	70	70	80	70	<b>74</b>
<b>Táboa de indicadores</b>	30	20	25	30	20	30	30	20	30	<b>26</b>

### Criterios de cualificación:

Coa vontade de desenvolver un proceso de ensinanza-aprendizaxe competencial nesta programación apostouse por unha didáctica que lle dese importancia ao desenvolvemento de proxectos e de actividades centradas na utilización da lingua oral, de aí que se reserve un 10% da nota para os proxectos trimestrais relacionados coa práctica da oralidade. Así, xunto co 10% da nota que se reserva para o traballo escrito do alumnado, a distribución dos instrumentos de avaliación quedaría do seguinte modo: un 20% a través táboas de indicadores e un 80% a través de probas escritas (un 70% para as probas escritas e un 10% para a proba do libro de lectura).

Por incompatibilidade cos procesos de avaliación non se pode incluír ningún mecanismo de suba de nota fóra das porcentaxes incluídas para cada criterio de avaliación, nin tampouco existe ningún criterio de avaliación nin actividade en solitario cuxa non superación impida que o alumnado supere a materia.

Utilización da lingua galega e penalizacións por incorreccións lingüísticas:

O alumnado desenvolverá as probas en lingua galega, no caso das probas de avaliación escritas, ademais dos criterios de cualificación específicos de cada proba, aplicarase unha penalización de nota por incorreccións lingüísticas que no caso de 1º de bacharelato non superará 1 punto de rebaixa. Descontaranse 0,05 por faltas leves (ex: acentos) e 0,1 por faltas máis graves (castelanismos, tempos compostos, incorrecta colocación do pronome persoal átono, b/v, h/-,...).

Nos casos de avaliación oral é a profesora do nivel a que establece os criterios de penalización por incorreccións lingüísticas que en ningún caso poderá superar 1 punto de rebaixa en 1º de bacharelato.

No Decreto 79/2010, do 20 de maio, para o plurilingüismo no ensino non universitario de Galicia, no artigo 12 establécese:

"2. Nas clases de lingua e literatura galega e lingua e literatura castelá, usarase, respectivamente, o galego e o castelán, tanto por parte do profesorado como por parte do alumnado". O incumprimento deste artigo por parte do alumnado no desenvolvemento das sesións de clase provocará un suspenso na materia en tanto que demostra falta de coñecemento ou respecto pola utilización da nosa lingua, que é o núcleo da propia materia.

Segundo o Decreto tamén, o alumnado deberá falar e escribir en galego nas súas probas e, de non facelo, a proba en cuestión será cualificada con 0 puntos. Entenderase que unha proba está noutra lingua e non en galego cando o nivel de incorreccións supere o dobre do permitido, isto é, cando a unha proba de 1º bacharelato lle corresponderían os 2 puntos de rebaixa por incorreccións lingüísticas.

#### AVALIACIÓN TRIMESTRAL

A nota de cada trimestre corresponderase coa cualificación das actividades de avaliación das unidades didácticas abrangidas nel aplicando a ponderación de nota correspondente entre elas.

Haberá dúas probas escritas por avaliación, unha de LINGUA e outra de LITERATURA, puntuadas sobre SETE puntos cada unha. A lectura do libro escollido polo alumnado, entre os propostos en cada avaliación, comprobarase a través dunha proba de control de lectura, que se puntuará ata un máximo de UN punto.

**A avaliación do traballo diario levarase a cabo tendo en conta a participación nas distintas tarefas académicas, tanto de forma oral como escrita. Para a valoración da parte escrita, teranse en conta as actividades feitas no caderno e para a parte oral, a participación na aula no seguimento da materia. Realizarase unha proba de expresión oral en cada avaliación. Para esta proba, poderán solicitarse gravacións como instrumento de avaliación.**

**A nota de cada avaliación será a media obtida entre as probas de LINGUA e de LITERATURA, á que se sumará a puntuación obtida na proba de LECTURA, a nota da proba de EXPRESIÓN ORAL e a valoración do TRABALLO DIARIO. A nota mínima que se debe acadar para aprobar a avaliación será de CINCO puntos.**

#### AVALIACIÓN ORDINARIA

Para o cálculo da cualificación ordinaria do curso, farase a media aritmética das notas medias dos tres trimestres baixo as seguintes premisas:

Ao longo do curso levarase a cabo a avaliación continua dos contidos de LINGUA. O exame da TERCEIRA avaliación incluírá contidos de LITERATURA das avaliacións anteriores. **A nota final de curso será a media das tres avaliacións, tendo en conta que a cualificación obtida na proba da TERCEIRA avaliación puntuará dobre e a esta sumaranse as notas da PRIMEIRA e SEGUNDA avaliacións. A suma resultante dividirase entre catro. Para o cálculo das notas medias terase en conta a nota real de cada avaliación e non a ponderada.**

#### AVALIACIÓN FINAL

O alumnado para superar a materia deberá ter unha media aritmética de cualificación de 5 puntos ou superior, tendo en conta o conxunto de actividades de avaliación (e recuperacións no seu caso).

#### ACLARACIÓN

As probas de lectura están incorporadas como proba escrita nas UD 2,5 e 8 cunha ponderación do 10% cada unha. As tarefas de oralidade quedan recollidas nas UD3, 4 e 7 cunha ponderación do 10% cada unha.

#### **Criterios de recuperación:**

O período abranguido entre a terceira avaliación ordinaria e a avaliación extraordinaria (para bacharelato) dedicarase a actividades de apoio, reforzo, consolidación e recuperación e non se impartirán novas unidades didácticas. Nese sentido, para o alumnado que teña contidos da materia sen superar logo de realizada a terceira avaliación ordinaria, a docente de Lingua Galega e Literatura realizará un breve informe de avaliación individualizado.

Especificacións para os mecanismos e criterios de recuperación:

1. Os proxectos orais trimestrais e o resto de probas e entregas do curso, tanto de lingua oral como de lingua escrita, poderán recuperarse no período abranguido entre a 3ª avaliación ordinaria e a avaliación final.
2. Aqueles mecanismos de avaliación que non sexan susceptibles da súa repetición serán avaliados mediante a adaptación a unha versión individual que permita comprobar a superación dos criterios de avaliación implicados mantendo os mesmos instrumentos de avaliación.

#### **5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes**

Este apartado non procede neste curso. Con todo, comprobarase que o alumnado de 1º de Bacharelato superase en 4ºESO a materia de Lingua Galega e Literatura e, en caso contrario, terase en conta esta información para planificar actividades de reforzo e de repaso que permitan ao alumnado que no curso pasado non adquiriu as aprendizaxes e as competencias necesarias superar no presente curso a materia.

#### **5.4. Procedemento para acreditar os coñecementos necesarios en determinadas materias**

Este apartado non procede neste curso.

#### **6. Medidas de atención á diversidade**

De conformidade co artigo 3 do Decreto 229/2011, do 7 de decembro, as medidas de atención á diversidade que deben atender ao principio de inclusión educativa enténdese como «o conxunto de accións que teñen como finalidade adecuar a resposta educativa ás diferentes características e necesidades, ritmos e preferencias de aprendizaxe, motivacións, intereses e situacións sociais e culturais de todo o alumnado». Estas medidas oríentanse a alcanzar os obxectivos e as competencias establecidas para a ESO e o bacharelato e réxense polos principios de equidade, calidade e igualdade de oportunidades, non discriminación, integración, accesibilidade e cooperación da comunidade educativa.

Segundo o artigo 49 da Lei Orgánica 3/2020, do 29 de decembro, pola que se modifica a Lei Orgánica 2/2006, de 3 de maio, de Educación, as Administracións educativas asegurarán os recursos necesarios para os alumnos e alumnas que requiran unha atención educativa diferente á ordinaria, por presentar necesidades educativas especiais, por atraso madurativo, por trastornos do desenvolvemento da linguaxe e a comunicación, por trastornos de atención ou de aprendizaxe, por descoñecemento grave da lingua de aprendizaxe, por atoparse en situación de vulnerabilidade socioeducativa, polas súas altas capacidades intelectuais, por terse incorporado tarde ao sistema educativo ou por condicións persoais ou de historia escolar; para que poidan acadar o máximo desenvolvemento posible das súas capacidades persoais e, en todo caso, os obxectivos establecidos con carácter xeral para todo o alumnado.

Unha vez coñecida a natureza dos alumnos e alumnas que cursarán esta materia e os resultados da avaliación inicial, e logo de analizar os informes do centro de procedencia e da información facilitada pola orientadora, contamos este curso con dous alumnos repetidores, dous alumnos con TDAH e unha alumna que se incorporou ao sistema educativo español recentemente, procedente das illas Canarias, que presenta dificultades especiais nesta materia, polo que

pedirá a exención na mesma.

Na atención ao alumnado co trastorno mencionado aplicaranse o protocolo correspondente.

No caso da alumna que se incorporou recentemente ao noso sistema educativo é de esperar que obteña a exención en Lingua Galega. Con todo, irá facendo o seguimento das clases para que progresivamente vaia logrando un mínimo de coñecemento, que pouco a pouco incrementa, para lograr posteriormente unha soltura aceptable á hora de expresarse na nosa lingua.

Respecto ao alumnado repetidor, aplicaráselle o plan específico personalizado para o alumnado que permanece un ano máis no mesmo curso, segundo o artigo 52 da Orde do 8 de setembro de 2021 de atención á diversidade. Este plan ten como finalidade adaptar as condicións curriculares ás necesidades dos alumnos para tratar de superar as dificultades detectadas. Elaborarao o equipo docente, baixo a coordinación do profesor/a titor/a, e desenvolverase ao longo de todo o curso. No que respecta á materia de Lingua e Literatura Galega este plan incluírá fundamentalmente tarefas de reforzo e de consolidación, segundo as necesidades persoais, e un seguimento específico de maneira de forma trimestral.

### 7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8
ET.1 - Comprensión lectora	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.2 - Comunicación audiovisual			X	X			X	
ET.3 - Competencia dixital		X	X	X	X		X	X
ET.4 - Emprendemento social e empresarial							X	
ET.5 - Expresión oral e escrita	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.6 - Fomento do espírito crítico e científico								
ET.7 - Educación emocional e en valores	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.8 - A igualdade de xénero	X	X				X		
ET.9 - A creatividade			X	X			X	
ET.10 - Prevención e resolución pacífica de conflitos							X	
ET.11 - Pluralidade e diversidade								X

	UD 9
ET.1 - Comprensión lectora	X
ET.2 - Comunicación audiovisual	
ET.3 - Competencia dixital	
ET.4 - Emprendemento social e empresarial	
ET.5 - Expresión oral e escrita	X
ET.6 - Fomento do espírito crítico e científico	X
ET.7 - Educación emocional e en valores	X
ET.8 - A igualdade de xénero	
ET.9 - A creatividade	
ET.10 - Prevención e resolución pacífica de conflitos	
ET.11 - Pluralidade e diversidade	X

**Observacións:**

O Decreto polo que se establece a ordenación e o currículo do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia, establece que en todas as materias e, polo tanto, en Lingua Galega e Literatura de 1º de bacharelato, se traballarán os seguintes elementos transversais:

- a comprensión lectora
- a comunicación audiovisual
- a competencia dixital
- o emprendemento social e empresarial
- a expresión oral e escrita
- o fomento do espírito crítico e científico
- a educación emocional e en valores
- a igualdade de xénero
- a creatividade

Ademais dos elementos transversais indicados anteriormente, segundo o artigo 19.2, «promoverase a aprendizaxe da prevención e resolución pacífica de conflitos en todos os ámbitos da vida persoal, familiar e social [...] e a pluralidade». Por último, atendendo ao artigo 19.3. do Anteproxecto de Decreto polo que se establece a ordenación e o currículo do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia, «evitaranse os comportamentos, os estereotipos e os contidos sexistas, así como aqueles que supoñan discriminación por razón da orientación sexual ou da identidade de xénero».

## 7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Encontros literarios con algún dos autores e autoras das obras propostas como lectura para este curso	Sempre que sexa posible, gustaríanos contar no centro con algún dos autores e autoras das obras propostas para lectura, algo que non podemos precisar no momento de elaborar esta programación por depender das posibles ofertas por parte das editoriais.		X	X

### Observacións:

Cómpre ter en conta que esta actividade ten relación directa coa materia, polo que non se considerará nin se inclúen aquí as actividades complementarias organizadas polo centro. As que se desenvolven fóra do centro, contarán co permiso por escrito da nai, do pai ou dos titores legais do alumnado.

## 8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico
9. Existiu un seguimento continuo da programación didáctica ao longo do curso e realizáronse as modificacións e adaptacións necesarias.
12. Consegúronse adecuar as unidades didácticas á temporalización indicada e desenvolvéronse as actividades propostas de acordo á súa temporalización.
13. Mantívose a coherencia entre obxectivos, contidos, criterios de avaliación e mínimos de consecución.
Metodoloxía empregada
4. Logo de realizarse a avaliación inicial e de recibir a información transmitida polo Departamento de Orientación, mantívose o seguimento personalizado de todo o alumnado ao longo do curso.
5. O alumnado foi informado detalladamente dos criterios e instrumentos de avaliación e cualificación establecidos.
6. As explicacións foron claras e amenas e as exemplificacións sinxelas e comprensibles.
14. Os procedementos, criterios e instrumentos de avaliación utilizados foron os adecuados.
15. Empregouse unha metodoloxía precisa e variada, con uso de materiais diversos.
19. Analizouse a cualificación do alumnado e valoráronse as porcentaxes de alumnado que superou e non superou a materia.
21. As probas de avaliación foron corrixidas no prazo establecido, entregadas ao alumnado, analizadas e comentadas na clase.
24. Fomentouse que o alumnado utilizase a lingua galega habitualmente na clase co profesor ou profesora e cos seus compañeiros e compañeiras.
Organización xeral da aula e o aproveitamento dos recursos
8. O profesorado mantívose actualizado tanto no que se refire a aspectos didácticos xerais e específicos da súa materia como no ámbito das novas tecnoloxías

<b>Medidas de atención á diversidade</b>
2. Respectouse o alumnado e demostrouse sensibilidade ante os seus problemas e as súas diferenzas tanto culturais, como de procedencia.
3. Atendeuse adecuadamente a diversidade do alumnado e aplicáronse os protocolos correspondentes.
16. Propuxéronse e concretáronse actividades de seguimento para atender a diversidade do alumnado: NEAE, repetidoras/es, ACS, reforzos.
<b>Clima de traballo na aula</b>
1. Propiciouse un ambiente motivador na aula.
7. Respectouse a puntualidade á hora de entrar na aula e mostrouse unha actitude entusiasta e dinámica.
20. Potenciouse a participación, o diálogo e a reflexión dentro da aula.
<b>Coordinación co resto do equipo docente e coas familias ou as persoas titoras legais</b>
10. Estableceuse unha comunicación fluída e constante con outros departamentos, equipos e grupos de traballo específicos (EDLG, a Biblioteca, Club de Ciencia, etc.)
11. Estableceuse unha comunicación continuada co alumnado imposibilitado para asistir temporalmente ao centro: atención domiciliaria, hospitalización etc., a través da aula virtual ou doutras comunicacións telemáticas.
17. Participouse no Proxecto lector do centro e en actividades programadas por outros grupos ou equipos docentes (EDLG, Equipo de Biblioteca etc.).
22. Mantívose contacto regular coas familias para seren informadas de todo o proceso de ensinoaprendizaxe das filla ou fillos.
<b>Outros</b>
18. Asistiuse ás reunións de departamento achegando ideas, información e modificacións á PD, avaliando os resultados das avaliacións do alumnado e propondo mecanismos de mellora.
23. Pasóuselle ao alumnado un cuestionario-enquisa a respecto da práctica docente do profesor ou profesora.

### Descrición:

Resulta fundamental que o profesorado posúa ferramentas e empregue procedementos útiles para avaliar o proceso do ensino e a súa práctica docente. Esta valoración efectúase, tal e como indica a normativa vixente, a través duns indicadores de logro "o profesorado avaliará tanto as aprendizaxes do alumnado como os procesos de ensino e a súa propia práctica docente, para o cal establecerá indicadores de logro nas programacións docentes".

Estes indicadores xiran arredor de tres aspectos: o referente á actitude profesional dentro da aula, ao coñecemento e á actitude a respecto do alumnado e ao cumprimento do establecido na programación didáctica. Os ditos indicadores de logro valoraranse nunha escala de 0 a 10, e os seus resultados deben ser inseridos dentro da memoria final.

Para recompilar información e elaborar os indicadores de logro utilizaranse os cuestionarios que lle serán proporcionados ao alumnado, mesmo ao final de cada trimestre e ao remate do curso. Todos estes datos formarán parte de memoria final e deben terse en conta para que se poidan corrixir as deficiencias detectadas na PD do próximo curso.

## 8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

Para a elaboración da programación didáctica partiuse do seguimento das directrices establecidas pola Comisión de Coordinación Pedagóxica (CCP). Alén diso, tivéronse en conta as propostas existentes na memoria do curso anterior.

Cumpriuse o prazo de entrega indicado normativamente. A estrutura da PD incluíu os apartados que recolle a Resolución do 26 de maio de 2022 que se expresan a seguir:

-Introdución.

-Obxectivos e a súa contribución ao desenvolvemento das competencias.



- Relación de unidades didácticas coa súa secuencia e temporalización, e que conteñen a parte do currículo da materia que se traballou e a relación dos instrumentos de avaliación.
- Metodoloxía, coas concrecións metodolóxicas e os materiais e recursos didácticos.
- A avaliación, que refire o procedemento para a avaliación inicial, os criterios de cualificación coa indicación do mínimo de consecución para a superación da materia.
- Medidas de atención á diversidade.
- A concreción dos elementos transversais .
- As actividades complementarias.
- A práctica docente, que inclúe o procedemento para avaliar o proceso de ensino e a praxe docente cos seus indicadores de logro e o procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora da propia programación didáctica.

O desenvolvemento da programación didáctica será analizado e revisado na última reunión de departamento de cada trimestre. Valorarase o grao de cumprimento da secuenciación e temporalización das respectivas unidades didácticas, e se o seu deseño se axustou aos distintos elementos do currículo. Tamén se valorará se a metodoloxía seguida e se os materiais e recursos didácticos empregados estaban dando os resultados previstos. En canto á avaliación, analizarase se o deseño das probas e os mecanismos para a súa realización foron os adecuados. Revisaranse as medidas adoptadas a respecto do alumnado NEAE presente nas aulas. Valorarase a pertinencia dos distintos elementos transversais e o grao de cumprimento e participación en actividades complementarias. Analizarase se os mecanismos de información ás familias deron os resultados previstos e se foron útiles e adecuados. Incluirase a avaliación da práctica docente e da propia PD. Para comprobar a aplicación adecuada da PD elaboráronse os indicadores de logro que se enumeran a continuación:

1. Conseguiuse acadar o grao de cumprimento dos obxectivos didácticos propostos, co correspondente desenvolvemento das competencias clave.
2. A secuenciación das UD propostas foi a axeitada, así como o número delas e a súa distribución cronolóxica.
3. As concrecións metodolóxicas e os materiais e recursos didácticos utilizados axustáronse aos fins perseguidos.
4. Os criterios de avaliación foron ben aplicados.
5. Os instrumentos de avaliación foron os adecuados.
6. Os mínimos de consecución para cada criterio de avaliación estiveron ben establecidos.
7. Atendeuse debidamente a diversidade do alumnado (seguindo os correspondentes protocolos de actuación).
8. Atendéronse suficientemente os contidos transversais e as actividades complementarias.
9. A materia contribuíu aos distintos Plans do centro: proxecto lingüístico, proxecto lector, TIC, Convivencia....
10. Realizouse un seguimento regular da PD por parte do departamento.
11. Avaliouse a PD aplicando unha escala de 1 a 5 a respecto do seu cumprimento.
12. Establecéronse propostas de mellora das deficiencias observadas na aplicación da PD. Estas propostas serán incluídas na memoria final do departamento.

Na última reunión do departamento didáctico recolleranse todas as modificacións ou adaptacións feitas ao longo do curso e, en consecuencia, a incorporación das propostas de mellora; incluíranse na memoria final do departamento para seren tidas en conta na PD do próximo curso e serán transmitidas e expostas, se for o caso, na primeira reunión que celebre a Comisión de Coordinación Pedagóxica.

Por último, hai que sinalar que tamén se fará o seguimento a través da aplicación PROENS.

## 9. Outros apartados

# PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

## Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
15025268	IES As Telleiras	Narón	2023/2024

## Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Bacharelato	Literatura Galega do SXX e da Actualidade	1º Bac.	4	140

## Réxime

Réxime xeral-ordinario

<b>Contido</b>	<b>Páxina</b>
1. Introducción	3
2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias	3
3.1. Relación de unidades didácticas	4
3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas	5
4.1. Concrecións metodolóxicas	13
4.2. Materiais e recursos didácticos	13
5.1. Procedemento para a avaliación inicial	14
5.2. Criterios de cualificación e recuperación	14
5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes	15
6. Medidas de atención á diversidade	15
7.1. Concreción dos elementos transversais	15
7.2. Actividades complementarias	16
8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a práctica docente cos seus indicadores de logro	16
8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora	17
9. Outros apartados	18

## 1. Introducción

Como complemento á de Lingua galega e literatura, esta materia pretende que o alumnado galego poida ampliar o seu coñecemento da cultura da comunidade da que forman parte, aumentar o seu coñecemento do mundo, analizar de forma crítica a realidade e, así, mellorar as súas posibilidades comunicativas e estéticas.

Nesta materia de literatura galega preséntanse contidos referentes á literatura do século XX e da actualidade por estaren próximos á sensibilidade da xuventude, proximidade que facilitará a relación coa obra literaria a nivel contextual, textual e estético.

Esta materia permitiralle ao alumnado, ademais da ampliación de coñecementos literarios, a mellora na utilización de procedementos, técnicas, habilidades e estratexias que axudarán na análise, na investigación, no desenvolvemento do xuízo crítico e na reutilización da información, aplicables non só no campo literario senón tamén noutros campos do saber e en situacións da súa vida cotiá.

A lectura será actividade fundamental nesta materia, entendida como acción complexa que implica comprender, explicar, analizar, interpretar e valorar a obra literaria, de forma que se perciba como algo vivo, creativo e lúdico, que conforme lectores/as sensibles, curiosos/as, reflexivos/as e respectuosos/as cara a todas as manifestacións literarias, artísticas e de pensamento ou opinión.

É fundamental propiciar o traballo da aula que estimule as inquiredanzas literarias do alumnado e no que se fomente o espírito crítico, a escoita e o respecto polas distintas ideas e opinións sobre unha obra, a autoría ou un tema. O desenvolvemento destas actitudes conseguirá non só que os alumnos e as alumnas afonden nos seus coñecementos literarios, senón tamén que completen a súa personalidade como persoas responsables, críticas e tolerantes, que sexan quen de expor as súas opinións de xeito argumentado e de captar e aceptar as opinións das outras persoas.

Os contidos desta materia preséntanse agrupados en bloques, similares nas tres avaliacións:

Narrativa, Poesía, Teatro e A literatura e outras artes.

## 2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1 - Realizar unha análise detallada do xénero narrativo, poético, teatral e ensaístico e estudar a relación que existe entre a literatura e outras manifestacións artísticas.	2-4	3		1	12-50			1-2-31-42
OBX2 - Ler obras da literatura galega do século XX e da actualidade pertencentes aos catro xéneros literarios (narrativa, poesía, teatro e ensaio), atendendo tanto ás relacións internas dos elementos constitutivos de cada xénero e as súas funcións nas obras como ás relacións externas das obras co seu contexto de produción e a súa inscrición na tradición cultural galega.	4	3		1-3	11	1		1-2
OBX3 - Seleccionar con criterio propio e coa consulta de recomendacións especializadas aquelas obras literarias que mellor se axustan aos gustos, intereses e necesidades persoais da xuventude para facilitar a relación coa obra literaria a nivel contextual, textual e estético.	2-3-4	3	1	1-3	11-12			1-2

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX4 - Establecer vínculos entre obras literarias da literatura galega do século XX e da actualidade coas obras literarias da tradición lusófona, española e universal para constatar a existencia de universais temáticos, tipoloxías de personaxes e canles formais recorrentes ao longo da historia, e recoñecer semellanzas e diferenzas en función dos seus respectivos contextos de produción e da interrelación entre literatura e sociedade.	2-3-4-5	1-2-3	4	1	11-50	1-2-3	1-2	41-42
OBX5 - Empregar as capacidades expresivas e creativas necesarias para a recreación ou creación de textos literarios, utilizando os elementos que configuran cada un dos catro xéneros, así como diferentes técnicas para compor a acción, o deseño de personaxes e a configuración de situacións e escenas.	1-5	1-2	3-4	3	11-12-32-50	3	3	31-32-41-42
OBX6 - Participar na construción dun canon literario galego, que integre a perspectiva de experiencia das mulleres a través da lectura para establecer contrapuntos de interese, respecto e sensibilidade face a outras voces e para desenvolver o pensamento crítico a respecto da construción discursiva do mundo e os seus imaxinarios.	2-3-4-5	3	3-4	1-3	11-32-40	1-2-3	3	1-2

**Descrición:**
**3.1. Relación de unidades didácticas**

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	A POESÍA NO 1º TERZO DO SÉCULO XX, ENTRE 1936 e 1975 E DENDE 1975 ATA A ACTUALIDADE.	Contexto político, social, cultural e lingüístico de 1900-1936: a preguerra. A poesía das Irmandades: Noriega Varela e Ramón Cabanillas. A poesía de vangarda	40	50	X	X	X
2	A PROSA NO 1º TERZO DO SÉCULO XX, ENTRE 1936 e 1975 E DENDE 1975 ATA A ACTUALIDADE.	Contexto político, social, cultural e lingüístico de 1936-1975: a guerra, a posguerra e a ditadura. A literatura do grupo Nós.	30	45	X	X	X
3	A literatura galega na actualidade	Informe de lectura profesional	30	45	X	X	X

### 3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

UD	Título da UD	Duración
1	A POESÍA NO 1º TERZO DO SÉCULO XX, ENTRE 1936 e 1975 E DENDE 1975 ATA A ACTUALIDADE.	50

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Ler e interpretar textos significativos do século XX e da actualidade, identificar neles os aspectos formais e temáticos que os individualizan e valoralos como expresión da sensibilidade autorial e da identidade cultural de Galicia.	É quen de ler e interpretar textos poéticos seguindo unhas pautas dadas e realizar un comentario literario de calquera época do século XX.	TI	100
CA1.2 - Analizar os elementos intratextuais e extratextuais que impregnan as obras literarias, así como a estrutura e técnica que os sustentan.	É quen de ler e interpretar textos poéticos seguindo unhas pautas dadas e realizar un comentario literario de calquera época do século XX.		
CA1.3 - Estudar a relación entre a obra literaria e o contexto sociocultural en que foi creada, e recoñecer as influencias literarias e non literarias presentes nela.	É quen de, a partir dun texto poético, inserir esa obra e autor ou autora no contexto sociocultural e político da época que corresponde.		
CA1.4 - Valorar a pluralidade de estéticas e temáticas literarias do século XX e da actualidade a través da análise do seu tratamento por diferentes autoras e autores e como medio de enriquecemento persoal.	É quen de ler e interpretar textos poéticos seguindo unhas pautas dadas e realizar un comentario literario de calquera época do século XX.		
CA1.5 - Analizar a relación entre textos da literatura galega do século XX e da actualidade con textos doutras literaturas (lusófona, española e universal), e explicar as conexións formais e temáticas existentes entre eles, distinguindo os trazos propios da nosa cultura literaria.	Despois de analizar un texto poético galego e inserilo no seu contexto sociocultural e político, é capaz de realizar unha comparación con textos das literaturas próximas a nós, identificando os trazos que distinguen á nosa cultura e identidade.		
CA1.6 - Estudar a relación entre a obra literaria e outras artes (cine, pintura, música etc.) e describir influencias e hibridacións.	A partir dun texto poético é capaz de inspirarse e realizar unha tarefa de creación artística propia das outras artes( música, pintura, cinema, fotografía...)		
CA1.7 - Elaborar traballos de investigación escritos, orais ou multimodais sobre algunha obra ou aspecto salientable dela, empregando as fontes de documentación necesarias, e emitir unha opinión persoal argumentada.	Unha vez seleccionada unha obra actual do ámbito poético da nosa literatura é quen de realizar un informe de lectura profesional.		
CA1.8 - Crear textos persoais ou colectivos de intención literaria nos que se teñan presentes as técnicas e os coñecementos adquiridos no estudo e na análise das obras da literatura galega do século XX e da actualidade.	A partir dun texto poético é capaz de inspirarse e realizar unha tarefa de creación artística propia das outras artes( música, pintura, cinema, fotografía...)		
CA1.9 - Participar na construción dun canon literario galego, que integre a perspectiva de experiencia das mulleres.	A partir dun texto poético é capaz de inspirarse e realizar unha tarefa de creación artística propia das outras artes( música, pintura, cinema, fotografía...)		

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA3.1 - Analizar a poesía galega do século XX e da actualidade determinando os seus paradigmas, os seus contextos e as súas influencias.	É quen de, a partir dun texto poético, inserir esa obra e autor ou autora no contexto sociocultural e político da época que corresponde.		
CA3.2 - Comentar e comparar textos poéticos da literatura galega do século XX e da actualidade con textos da tradición lusófona, española e universal e describir a coincidencia ou diverxencia temática, formal ou estilística.	É quen de ler e interpretar textos poéticos seguindo unhas pautas dadas e realizar un comentario literario de calquera época do século XX.		
CA3.3 - Estudar o fondo ou contido dos principais textos poéticos do período, determinando temas e motivos.	É quen de ler e interpretar textos poéticos seguindo unhas pautas dadas e realizar un comentario literario de calquera época do século XX.		
CA3.4 - Estudar a forma ou expresión dos principais textos poéticos do período, determinando o nivel actancial (actores e personaxes), a enunciación (voz, perspectiva e suxeito lírico), a estrutura e a figuración (tropos, figuras de dicción e figuras de pensamento).	É quen de ler e interpretar textos poéticos seguindo unhas pautas dadas e realizar un comentario literario de calquera época do século XX.		
CA3.5 - Realizar lecturas e/ou exposicións orais ou escritas sobre obras poéticas da literatura galega do século XX e actualidade	A partir dun texto poético é capaz de inspirarse e realizar unha tarefa de creación artística propia das outras artes (música, pintura, cinema, fotografía...)		
CA3.6 - Valorar a poesía como expresión estética dos sentimentos, ideas e inquietudes da persoa sobre o mundo que a rodea.	A partir dun texto poético é capaz de inspirarse e realizar unha tarefa de creación artística propia das outras artes (música, pintura, cinema, fotografía...)		
CA3.7 - Recreación e creación de textos poéticos, utilizando os elementos que configuran o xénero, así como diferentes técnicas para compor o poema.	A partir dun texto poético é capaz de inspirarse e realizar unha tarefa de creación artística propia das outras artes (música, pintura, cinema, fotografía...)		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

<b>Contidos</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Lectura e interpretación de textos significativos do século XX e da actualidade, descrición neles dos aspectos formais e temáticos que os individualizan e valoración destes como expresión da sensibilidade autorial e da identidade cultural de Galicia.</li> <li>- Análise dos elementos intratextuais e extratextuais que impregnan as obras literarias, así como da estrutura e a técnica que os sustentan.</li> <li>- Estudo da relación entre a obra literaria e o contexto sociocultural en que foi creada, e recoñecemento das influencias literarias e non literarias presentes nela.</li> <li>- Valoración da pluralidade de estéticas e temáticas literarias do século XX e da actualidade a través da análise do seu tratamento por diferentes autoras e autores. Lectura con perspectiva de xénero. Visibilización do universo feminino.</li> <li>- Análise da relación entre textos da literatura galega do século XX e da actualidade con textos doutras literaturas, e descrición das conexións formais e temáticas existentes entre eles.</li> <li>- Estudo da relación entre a obra literaria e outras artes (cinema, pintura, música etc.) e descrición de influencias e hibridacións.</li> <li>- Elaboración de traballos de investigación escritos, orais ou multimodais sobre algunha obra ou aspecto salientable dela, empregando as fontes de documentación necesarias e cunha opinión persoal argumentada.</li> </ul>

<b>Contidos</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Creación de textos de intención literaria nos que se teñan presentes as técnicas e os coñecementos adquiridos no estudo e na análise das obras da literatura galega do século XX e da actualidade.</li> <li>- Análise da poesía galega do século XX e da actualidade determinando os seus paradigmas, os seus contextos e as súas influencias.</li> <li>- Comparación dalgúns textos poéticos da literatura galega do século XX e da actualidade, describindo a converxencia ou diverxencia temática ou estilística.</li> <li>- Estudo do fondo ou contido dos principais textos poéticos do período, determinando temas e motivos.</li> <li>- Estudo da forma ou expresión dos principais textos poéticos do período, determinando o nivel actancial (actores e personaxes), a enunciación (voz, perspectiva e suxeito lírico), a estrutura e a figuración (tropos, figuras de dicción e figuras de pensament</li> <li>- Recomendación de lecturas de poemas en soportes variados, atendendo a aspectos temáticos, formais e intertextuais. Utilización das redes sociais e formatos dixitais para o fomento da poesía: o videopoema.</li> <li>- Creación de textos poéticos a partir das convencións da linguaxe literaria e en referencia a modelos dados.</li> <li>- Mobilización da experiencia persoal, lectora e cultural para establecer vínculos entre as obras lidas e aspectos da actualidade.</li> </ul>

<b>UD</b>	<b>Título da UD</b>	<b>Duración</b>
2	A PROSA NO 1º TERZO DO SÉCULO XX, ENTRE 1936 e 1975 E DENDE 1975 ATA A ACTUALIDADE.	45

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA1.1 - Ler e interpretar textos significativos do século XX e da actualidade, identificar neles os aspectos formais e temáticos que os individualizan e valoralos como expresión da sensibilidade autorial e da identidade cultural de Galicia.	É quen de ler e interpretar textos en prosa seguindo unhas pautas dadas e realizar un comentario literario de calquera época do século XX.	TI	100
CA1.2 - Analizar os elementos intratextuais e extratextuais que impregnan as obras literarias, así como a estrutura e técnica que os sustentan.	É quen de ler e interpretar textos seguindo unhas pautas dadas e realizar un comentario literario de calquera época do século XX.		
CA1.3 - Estudar a relación entre a obra literaria e o contexto sociocultural en que foi creada, e recoñecer as influencias literarias e non literarias presentes nela.	É quen de, a partir dun texto literario, inserir esa obra e autor ou autora no contexto sociocultural e político da época que corresponde.		
CA1.4 - Valorar a pluralidade de estéticas e temáticas literarias do século XX e da actualidade a través da análise do seu tratamento por diferentes autoras e autores e como medio de enriquecemento persoal.	É quen de ler e interpretar textos poéticos seguindo unhas pautas dadas e realizar un comentario literario de calquera época do século XX.		
CA1.5 - Analizar a relación entre textos da literatura galega do século XX e da actualidade con textos doutras literaturas (lusófona, española e universal), e explicar as conexións formais e temáticas existentes entre eles, distinguindo os trazos propios da nosa cultura literaria.	Despois de analizar un texto literario galego e inserilo no seu contexto sociocultural e político, é capaz de realizar unha comparación con textos das literaturas próximas a nós, identificando os trazos que distinguen á nosa cultura e identidade.		



<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA1.6 - Estudar a relación entre a obra literaria e outras artes (cine, pintura, música etc.) e describir influencias e hibridacións.	A partir dun texto literario é capaz de inspirarse e realizar unha tarefa de creación artística propia das outras artes( música, pintura, cinema, fotografía...)		
CA1.7 - Elaborar traballos de investigación escritos, orais ou multimodais sobre algunha obra ou aspecto salientable dela, empregando as fontes de documentación necesarias, e emitir unha opinión persoal argumentada.	Unha vez seleccionada unha obra actual do ámbito da prosa da nosa literatura é quen de realizar un informe de lectura profesional.		
CA1.8 - Crear textos persoais ou colectivos de intención literaria nos que se teñan presentes as técnicas e os coñecementos adquiridos no estudo e na análise das obras da literatura galega do século XX e da actualidade.	A partir dun texto literario é capaz de inspirarse e realizar unha tarefa de creación artística propia das outras artes( música, pintura, cinema, fotografía...)		
CA1.9 - Participar na construción dun canon literario galego, que integre a perspectiva de experiencia das mulleres.	A partir dun texto literario é capaz de inspirarse e realizar unha tarefa de creación artística propia das outras artes( música, pintura, cinema, fotografía...)		
CA2.1 - Analizar a narrativa galega do século XX e da actualidade determinando os seus paradigmas, os contextos e as influencias.	É quen de, a partir dun texto narrativo, inserir esa obra e autor ou autora no contexto sociocultural e político da época que corresponde.		
CA2.2 - Comentar e comparar textos narrativos da literatura galega do século XX e da actualidade, e describir a coincidencia ou diverxencia temática, formal ou estilística.	É quen de ler e interpretar textos en prosa seguindo unhas pautas dadas e realizar un comentario literario de calquera época do século XX.		
CA2.3 - Estudar o relato e sinalar as súas principais características: estrutura, técnicas e extensión.	É quen de ler e interpretar textos en prosa seguindo unhas pautas dadas e realizar un comentario literario de calquera época do século XX.		
CA2.4 - Estudar a novela e describir os seus trazos definitorios: tipo de narrador, deseño de personaxes e tratamento das categorías de espazo e tempo.	É quen de ler e interpretar textos en prosa seguindo unhas pautas dadas e realizar un comentario literario de calquera época do século XX.		
CA2.5 - Realizar exposicións orais ou escritas acerca de relatos ou novelas coa axuda de medios audiovisuais e das Tecnoloxías da Información e a Comunicación, expresando as propias opinións e seguindo un esquema preparado previamente.	A partir dun texto narrativo é capaz de inspirarse e realizar unha tarefa de creación artística propia das outras artes( música, pintura, cinema, fotografía...)		
CA2.6 - Elaborar comentarios críticos ou recensións de textos narrativos, xa sexan orais, escritos ou multimodais, participar en debates ou mesas redondas sobre lecturas, nas que se incorpore a perspectiva de xénero así como calquera outro discurso de interese na nosa sociedade.	É quen de ler e interpretar textos en prosa seguindo unhas pautas dadas e realizar un comentario literario de calquera época do século XX.		
CA2.7 - Recreación e creación de textos narrativos, utilizando os elementos que configuran o xénero, así como diferentes técnicas para compor a acción, o tempo, o deseño de personaxes e a configuración de espazos.	A partir dun texto narrativo é capaz de inspirarse e realizar unha tarefa de creación artística propia das outras artes( música, pintura, cinema, fotografía...)		

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA4.1 - Analizar o teatro galego do século XX e da actualidade determinando os seus paradigmas, os seus contextos e as súas influencias.	É quen de, a partir dun texto dramático, inserir esa obra e autor ou autora no contexto sociocultural e político da época que corresponde.		
CA4.2 - Comentar e comparar textos teatrais da literatura galega do século XX e da actualidade e describir a coincidencia ou diverxencia temática, formal ou estilística.	É quen de ler e interpretar textos teatrais seguindo unhas pautas dadas e realizar un comentario literario de calquera época do século XX.		
CA4.3 - Analizar o teatro desde a súa compoñente literaria e caracterizar a traxedia, a comedia e o drama do período.	Unha vez seleccionada unha obra actual do ámbito do teatro da nosa literatura é quen de realizar un informe de lectura profesional.		
CA4.4 - Analizar o teatro como espectáculo e describir o funcionamento dos elementos e axentes escénicos.	A partir dun texto dramático é capaz de inspirarse e realizar unha tarefa de creación artística propia das outras artes( música, pintura, cinema, fotografía...)		
CA4.5 - Valorar a especificidade do teatro como medio de comunicación colectivo e como enriquecemento cultural da sociedade.	A partir dun texto dramático é capaz de inspirarse e realizar unha tarefa de creación artística propia das outras artes( música, pintura, cinema, fotografía...)		
CA4.6 - Recreación e creación de textos narrativos, utilizando os elementos que configuran o xénero, así como diferentes técnicas para compor a acción, o deseño de personaxes e a configuración de escenas.	A partir dun texto narrativo é capaz de inspirarse e realizar unha tarefa de creación artística propia das outras artes( música, pintura, cinema, fotografía...)		
CA5.1 - Analizar o ensaio galego do século XX e da actualidade determinando os seus paradigmas, os seus contextos e as súas influencias.	É quen de, a partir dun texto ensaístico, inserir esa obra e autor ou autora no contexto sociocultural e político da época que corresponde.		
CA5.2 - Comentar e comparar textos ensaísticos da literatura galega do século XX e da actualidade e describir a coincidencia ou diverxencia temática, formal ou estilística.	É quen de ler e interpretar textos ensaísticos seguindo unhas pautas dadas e realizar un comentario literario de calquera época do século XX.		
CA5.3 - Analizar diferentes tipos de ensaios literarios: (auto)biografías, libros de viaxe, memorias, diarios e críticas literarias).	É quen de ler e interpretar textos ensaísticos seguindo unhas pautas dadas e realizar un comentario literario de calquera época do século XX.		
CA5.4 - Analizar diferentes tipos de ensaios xornalísticos: artigos de opinión, crónicas e entrevistas, diferenciando información e opinión.	É quen de ler e interpretar textos ensaísticos seguindo unhas pautas dadas e realizar un comentario literario de calquera época do século XX.		
CA5.5 - Realizar un proxecto de investigación sobre o ensaio como xénero emerxente na literatura galega no século XX.	A partir dun texto ensaístico é capaz de inspirarse e realizar unha tarefa de creación artística propia das outras artes( música, pintura, cinema, fotografía...)		
CA5.6 - Recreación e creación de textos ensaísticos, utilizando os elementos que configuran o xénero.	A partir dun texto ensaístico é capaz de inspirarse e realizar unha tarefa de creación artística propia das outras artes( música, pintura, cinema, fotografía...)		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

## Contidos

## Contidos

- Lectura e interpretación de textos significativos do século XX e da actualidade, descrición neles dos aspectos formais e temáticos que os individualizan e valoración destes como expresión da sensibilidade autorial e da identidade cultural de Galicia.
- Análise dos elementos intratextuais e extratextuais que impregnan as obras literarias, así como da estrutura e a técnica que os sustentan.
- Estudo da relación entre a obra literaria e o contexto sociocultural en que foi creada, e recoñecemento das influencias literarias e non literarias presentes nela.
- Valoración da pluralidade de estéticas e temáticas literarias do século XX e da actualidade a través da análise do seu tratamento por diferentes autoras e autores. Lectura con perspectiva de xénero. Visibilización do universo feminino.
- Análise da relación entre textos da literatura galega do século XX e da actualidade con textos doutras literaturas, e descrición das conexións formais e temáticas existentes entre eles.
- Estudo da relación entre a obra literaria e outras artes (cinema, pintura, música etc.) e descrición de influencias e hibridacións.
- Elaboración de traballos de investigación escritos, orais ou multimodais sobre algunha obra ou aspecto salientable dela, empregando as fontes de documentación necesarias e cunha opinión persoal argumentada.
- Creación de textos de intención literaria nos que se teñan presentes as técnicas e os coñecementos adquiridos no estudo e na análise das obras da literatura galega do século XX e da actualidade.
- Análise da narrativa galega do século XX e da actualidade, e descrición dos seus paradigmas, os seus contextos e as súas influencias.
- Comparación dalgúns textos narrativos da literatura galega do século XX e da actualidade, describindo a converxencia ou diverxencia temática ou estilística.
- Estudo do relato e descrición das súas principais características: estrutura, técnicas e extensión.
- Estudo da novela e descrición dos seus trazos definitorios: tipo de narrador, deseño de personaxes e tratamento das categorías de espazo e tempo.
- Recomendación de lecturas de textos narrativos en soportes variados, atendendo a aspectos temáticos, formais e intertextuais
- Creación de textos narrativos a partir das convencións da linguaxe literaria e en referencia a modelos dados.
- Análise do teatro galego do século XX e da actualidade determinando os seus paradigmas, os seus contextos e as súas influencias.
- Comparación dalgúns textos teatrais da literatura galega do século XX e da actualidade, describindo a converxencia ou diverxencia temática ou estilística.
- Análise do teatro desde a súa compoñente literaria e caracterización da traxedia, a comedia e o drama do período, destacando os trazos distintivos dos distintos subxéneros literarios.
- Análise do teatro como espectáculo e descrición do funcionamento dos elementos e axentes escénicos.
- Lectura expresiva, dramatización e recitado atendendo aos procesos de comprensión, apropiación e oralización implicados.
- Creación de textos teatrais a partir das convencións da linguaxe literaria e en referencia a modelos dados.
- Mobilización da experiencia persoal, lectora e cultural para establecer vínculos entre as obras lidas e aspectos da actualidade.
- Análise do ensaio galego do século XX e da actualidade determinando os seus paradigmas, os seus contextos e as súas influencias.
- Comparación dalgúns textos ensaísticos da literatura galega do século XX e da actualidade, describindo a converxencia ou diverxencia temática ou estilística.
- Análise de diferentes tipos de ensaios literarios: (auto)biografía, libros de viaxe, memorias, diarios e críticas literarias.
- Análise de diferentes tipos de ensaios xornalísticos: artigos de opinión, crónicas e entrevistas.

**Contidos**

- Selección de obras ensaísticas coa axuda de recomendacións especializadas.
- Estratexias de procura e selección das ideas máis relevantes en función da intención comunicativa e dos elementos da comunicación.

UD	Título da UD	Duración
3	A literatura galega na actualidade	45

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA5.1 - Analizar o ensaio galego do século XX e da actualidade determinando os seus paradigmas, os seus contextos e as súas influencias.	COMENTARIO DE TEXTOS		
CA5.2 - Comentar e comparar textos ensaísticos da literatura galega do século XX e da actualidade e describir a coincidencia ou diverxencia temática, formal ou estilística.	COMENTARIO DE TEXTOS		
CA5.3 - Analizar diferentes tipos de ensaios literarios: (auto)biografía, libros de viaxe, memorias, diarios e críticas literarias).	COMENTARIO DE TEXTOS		
CA5.4 - Analizar diferentes tipos de ensaios xornalísticos: artigos de opinión, crónicas e entrevistas, diferenciando información e opinión.	COMENTARIO DE TEXTOS		
CA5.5 - Realizar un proxecto de investigación sobre o ensaio como xénero emerxente na literatura galega no século XX.	TAREFA		
CA5.6 - Recreación e creación de textos ensaísticos, utilizando os elementos que configuran o xénero.	TAREFA		
CA6.1 - Analizar as relacións, influencias e producións hibridadas da literatura e o cinema.	A partir dun texto literario é capaz de inspirarse e realizar unha tarefa de creación artística propia do mundo do cinema	TI	100
CA6.2 - Analizar as relacións, influencias e producións hibridadas da literatura e a música.	A partir dun texto literario é capaz de inspirarse e realizar unha tarefa de creación artística propia do mundo da música		
CA6.3 - Analizar as relacións, influencias e producións hibridadas da literatura e as artes plásticas.	A partir dun texto literario é capaz de inspirarse e realizar unha tarefa de creación artística propia do mundo das artes plásticas.		
CA6.4 - Analizar as relacións, influencias e producións hibridadas da literatura e a fotografía.	A partir dun texto literario é capaz de inspirarse e realizar unha tarefa de creación artística propia do mundo da fotografía.		
CA6.5 - Analizar as relacións, influencias e producións hibridadas da literatura e a banda deseñada.	A partir dun texto literario é capaz de inspirarse e realizar unha tarefa de creación artística propia do mundo da banda deseñada.		

<b>Craterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA6.6 - Analizar as relacións, influencias e producións hibridadas da literatura e as novas tecnoloxías.	A partir dun texto literario é capaz de inspirarse e realizar unha tarefa de creación artística propia do mundo das TIC.		
CA6.7 - Establecer relacións significativas entre a literatura e o resto das artes, interpretando de maneira crítica algunhas obras ou fragmentos significativos adaptados a outras manifestacións artísticas, analizando as relacións, similitudes e diferenzas entre as diferentes linguaxes expresivas.	É quen de comparar diferentes linguaxes expresivas segundo sexa a arte a analizar..		
CA6.8 - Valorar o coñecemento das distintas artes como manifestacións de natureza social, cultural e artística posuidoras de códigos específicos e significativamente diferenciadores.	Ten capacidade para valorar a importancia do coñecemento de diferentes tipos de arte.		
CA6.9 - Desenvolver proxectos de investigación que dean lugar a unha exposición oral e a unha presentación multimodal arredor dunha cuestión que estableza vínculos argumentados entre obras dos distintos xéneros da literatura galega con outras manifestacións artísticas de onte e de hoxe, en función de temas, tópicos, estruturas, personaxes, linguaxe, recursos expresivos e valores éticos e estéticos, e que amose a implicación e a resposta persoal do lector ou lectora na obra.	IRrealiza un informe de lectura profesional de diferente tipo de obras artísticas.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

<b>Contidos</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Análise do ensaio galego do século XX e da actualidade determinando os seus paradigmas, os seus contextos e as súas influencias.</li> <li>- Comparación dalgúns textos ensaísticos da literatura galega do século XX e da actualidade, describindo a converxencia ou diverxencia temática ou estilística.</li> <li>- Análise de diferentes tipos de ensaios literarios: (auto)biografía, libros de viaxe, memorias, diarios e críticas literarias.</li> <li>- Análise de diferentes tipos de ensaios xornalísticos: artigos de opinión, crónicas e entrevistas.</li> <li>- Selección de obras ensaísticas coa axuda de recomendacións especializadas.</li> <li>- Estratexias de procura e selección das ideas máis relevantes en función da intención comunicativa e dos elementos da comunicación.</li> <li>- Análise das relacións, influencias e producións hibridadas da literatura e o cinema.</li> <li>- Análise das relacións, influencias e producións hibridadas da literatura e a música.</li> <li>- Análise das relacións, influencias e producións hibridadas da literatura e as artes plásticas.</li> <li>- Análise das relacións, influencias e producións hibridadas da literatura e a fotografía.</li> <li>- Análise das relacións, influencias e producións hibridadas da literatura e a banda deseñada.</li> <li>- Análise das relacións, influencias e producións hibridadas da literatura e as novas tecnoloxías.</li> <li>- Vínculos intertextuais entre obras e outras manifestacións artísticas en función de temas, tópicos, estruturas e linguaxes. Elementos de continuidade e ruptura.</li> </ul>

## Contidos

- Recoñecemento das principais características das distintas linguaxes artísticas.
- Mobilización da propia experiencia persoal, lectora e cultural para establecer vínculos de maneira argumentada entre as obras lidas con outros textos e manifestacións artísticas, incluídas prácticas culturais emerxentes.
- Participación activa no circuíto literario e cultural nun contexto presencial e dixital.

### 4.1. Concrecións metodolóxicas

A metodoloxía deberá ser activa e participativa, de maneira que fomente a creatividade e o espírito crítico a través da investigación, da análise e do comentario de fragmentos e obras literarias de cada modalidade ou xénero textual, tendo en conta as interrelacións existentes entre os contextos socioculturais en que se producen as ditas obras, así como as formas e os contidos destas.

A lectura será actividade fundamental, entendida como unha acción complexa que implica comprender, explicar, analizar, interpretar e valorar a obra literaria, de forma que se perciba como algo vivo, creativo e lúdico, fomentando a creatividade e a curiosidade cara a todas as manifestacións literarias, artísticas, de pensamento e de opinión.

É fundamental propiciar que o traballo da aula estimule as inquiredanzas literarias do alumnado e que, a través del, se fomente o espírito crítico, a escoita activa e o respecto polas distintas opinións e ideas que sobre unha obra, un autor/a ou un tema poidan xurdir no aula. O desenvolvemento destas actitudes conseguirá non só que o alumno/a afonde nos seus coñecementos literarios, senón tamén que completen a súa personalidade como cidadáns e cidadás críticos, responsables e tolerantes, que sexan quen de expor as súas opinións de xeito argumentado e de aceptar as opinións das outras persoas.

### 4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
AULA VIRTUAL
ORDENADORES DE AULA
MATERIAL DIVERSO PARA REALIZAR AS TAREFAS DE CREACIÓN ( PINTURA, CERÁMICA, TÉXTILES...)
DISPOSITIVOS FOTOGRÁFICOS E/OU MÓBIL
BIBLIOTECA

A motivación ao estudante cara ao estudo é unha das funcións do docente, animar ao estudante durante o proceso de aprendizaxe dará como resultado a asimilación efectiva da información dada en clase. Para lograr este nivel de motivación, o docente ten á súa disposición os materiais e recursos didácticos enumerados anteriormente que lle axudan a transmitir a información de maneira visual, auditiva e vivencial.

A base na nosa programación é a contorna dixital. A través dela lévase a cabo un proceso de intercambio de coñecementos que ten por obxectivo posibilitar unha aprendizaxe entre os usuarios que participan na aula. Noutras palabras, a aula virtual será un espazo no que compartiremos contidos profesores e alumnos, e no que se atenderán consultas, dúbidas e poderemos avaliar os participantes.

## 5.1. Procedemento para a avaliación inicial

Non se realizará avaliación inicial nesta materia, por ser unha materia optativa de Libre Configuración e por considerar válida e adecuada a que se realice na materia troncal de LGL.

## 5.2. Criterios de cualificación e recuperación

### Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	Total
Peso UD/ Tipo Ins.	40	30	30	100
Táboa de indicadores	100	100	100	100

### Criterios de cualificación:

Intervencións e traballos na aula: 50%

Traballos de investigación/ informe de lectura profesional: 20%

Creación artística: 10%

Producións textuais. Comentario literario poético: 10%

Producións textuais. Comentario literario narrativo: 10%

Criterios:

En cada avaliación os alumnos/as deberán realizar unha ou varias lecturas segundo a etapa da literatura que abordemos. A lectura será unha actividade fundamental nesta materia. O noso obxectivo é que poidan comprender, explicar, analizar, interpretar e valorar unha obra literaria.

Abordaremos a lectura de dúas maneiras: por un lado teremos as lecturas recollidas nas antoloxías de cada avaliación e que usaremos para traballar os diferentes tipos de comentarios e como base para as tarefas de creación artística; por outro lado, publicaremos na aula virtual unha selección de obras actuais. Estas obras servirán para realizar traballos de investigación, como por exemplo un informe de lectura profesional.

No que respecta ao traballo de aula e producións textuais o alumnado realizará producións textuais nas que se fomente o espírito crítico, a escoita e o respecto polas distintas ideas e opinións sobre unha obra, a autoría ou un tema. Para que sexan quen de expor as súas opinións de xeito argumentado e de captar e aceptar as opinións das outras persoas.

Os criterios de corrección deses textos serán:

\* **Expresión:** Corrección ortográfica. Corrección gramatical. Respecto polas propiedades textuais. Respecto pola estrutura segundo a tipoloxía textual. Uso dun léxico rico e apropiado.

\* **Contido:** Uso de argumentos ben desenvolvidos. Manifestación dun pensamento crítico e do coñecemento da propia realidade. Ausencia de oratoria baleira. Uso dun estilo que demostre o coñecemento de recursos literarios.

A nota de cada avaliación será a suma obtida entre as Intervencións e traballo de aula, o Traballo de investigación, a tarefa de Creación artística e as Producións textuais do alumnado, tanto de tipo poético como narrativo.

A nota mínima para aprobar a avaliación será CINCO.

A nota de final de curso será a nota media das tres avaliacións, tendo en conta a nota real e non a ponderada.

### Criterios de recuperación:

De ter que recuperar algunha parte da programación, esta consistirá en repetir a parte suspensa cambiando o modelo escollido, isto é poema, narración ou obra de lectura diferente.

### 5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes

Dado que se trata dunha materia optativa, por tanto de interese para o alumnado no momento da súa escolla, e o 50% da cualificación obtense a partir do traballo e intervencións persoais realizadas na aula, non consideramos que esta materia se poida incluír como materia pendente.

De todas formas, se for o caso, a posibilidade de recuperala sería a través dunha tarefa de creación, un comentario literario e/ou un informe de lectura profesional distinto ao realizado no curso escolar. Será o profesorado que impartiu a materia no curso anterior a ese alumno ou alumna quen determinará a puntuación das tarefas anteriores e cal será o mínimo para poder considerar que está superada.

### 6. Medidas de atención á diversidade

A atención á diversidade non reside unicamente en programas concretos, senón que está tamén na base de determinados tipos de actividades, como son as Tarefas de creación artística, que favorecen as técnicas de traballo autónomo e permiten a cada alumno/a aplicar o ritmo e a forma de traballo máis axeitada ás súas características individuais.

Igualmente os Comentarios literarios de distintos tipos de textos permite formar persoas críticas, mellorar a comprensión e a expresión e, ademais, aumentar as lecturas en función dos gustos ou intereses de cada alumno/a.

Por último, a Listaxe de Lecturas destinadas a facer o Informe de lectura profesional tamén está ao servizo da diversidade de alumnos/as que poden confluír nunha aula.

### 7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3
ET.1 - Educación para erradicar a violencia machista e para o uso non sexista da lingua.	X	X	X
ET.2 - Educación para a igualdade e a paz.	X	X	X
ET.3 - Educación na sexualidade e na saúde.	X	X	X
ET.4 - Educación ambiental.	X	X	X
ET.5 - Educación viaria.	X	X	X
ET.6 - Educación multicultural.	X	X	X

#### Observacións:

Ademais dos contidos específicos da materia de LGL, o noso Departamento contribuirá á formación integral do alumnado mediante actividades que desenvolvan aspectos transversais fundamentais para a aprendizaxe en valores esenciais como a igualdade, a responsabilidade, a solidariedade e a tolerancia.

Os temas transversais serán tratados en textos de natureza diversa que serán analizados ao longo do curso e poderán tamén servir de punto de partida para reflexións persoais expostas por escrito ou ben diálogos e debates orais durante a clase. Tamén se poderá partir doutros materiais audiovisuais que, referíndose ao currículo da nosa materia, teñan relación con algún dos temas transversais.



## 7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Asistencia a conferencias/charlas/obras de teatro	Asistencia a conferencias, charlas, mesas redondas, representacións teatrais... que teñan lugar no Centro ou fóra del e que o Departamento considere de interese para a formación do alumnado na lingua, literatura ou cultura galegas			
Encontro cun autor	Ademais da intención de que asistan ao centro os autores / autoras das obras seleccionados como lecturas obrigatorias, contamos coa posibilidade de que diversas editoriais nos ofrezan a visita dalgún autor/a que veña a presentar a súa última publicación con nós.			
Roteiro literario	A actividade consistirá nun roteiro teatralizado baseado na obra narrativa O ENIGMA DE SANTIAGO, de Xosé Neira Cruz. (Premio Raíña Lupa de Literatura Infantil e Xuvenil 2020). A actividade de teatralización correrá a cargo do actor Serafín Marcos. A información do itinerario, a duración e outras características do roteiro será facilitada pola editorial que publica a obra, Galaxia, a primeiros do vindeiro curso			

### Observacións:

As actividades complementarias deseñadas para este curso serán as programadas por parte do departamento de Lingua Galega e Literatura. Iso non implica que poidan xurdir novas actividades que serán incorporadas segundo vaian sendo deseñadas.

## 8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Programa a materia tendo en conta o tempo dispoñible para o desenvolvemento desta.
Planifica as clases de modo flexible, preparando actividades e recursos axustados á programación da aula e ás necesidades e aos intereses do alumnado.
Establece, de xeito explícito, os criterios, procedementos e instrumentos de avaliación.
Organiza os contidos dando unha visión xeral de cada tema (índices, esquemas...)
Relaciona os conceptos novos cos xa coñecidos.
Amosa predisposición para aclarar dúbidas e ofrecer asesorías dentro e fóra das clases.
Utiliza as TICs para apoiar os contidos na aula.
Promove o traballo cooperativo e mantén unha comunicación fluída co alumnado.
Desenvolve os contidos dunha forma ordenada e comprensible para os alumnos e as alumnas.

Presenta actividades de grupo e individuais.
Facilita estratexias de aprendizaxe (como buscar información, como resolver problemas, etc.)
Revisa, con frecuencia, os traballos propostos.
Proporciona a información necesaria sobre a resolución das tarefas e como pode melloralas.
Corrixe e explica de forma habitual os traballos e as actividades do alumnado e dá pautas para a mellora das súas aprendizaxes.
Utiliza suficientes criterios de avaliación que atendan de xeito equilibrado á avaliación dos diferentes contidos e das competencias clave.
Propón novas actividades de maior nivel cando os obxectivos foron alcanzados con suficiencia.
Proporciona un plan de traballo ao principio de cada tarefa.
Relaciona as aprendizaxes con aplicacións reais ou coa súa funcionalidade.
Estimula a participación activa dos estudantes na clase.
Promove a reflexión sobre os temas tratados.

### Descrición:

INDICADORES DE LOGROS CURRICULARES: Son síntomas, indicios, sinais, trazos ou conxuntos de trazos, datos e información perceptible, que ao ser confrontados co logro esperado, darnos evidencias significativas dos avances en pos de alcanzar o logro.

## 8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

O proceso de avaliación servirá para constatar o nivel de éxito á hora de acadar os obxectivos propostos. Será continuo e aberto e será esencial no proceso de corrección dunha programación que é susceptible de ser modificada a partir da experiencia real nas aulas, o que redundará no seu valor formativo. Analizará as deficiencias e logros en todo o proceso de ensinanza-aprendizaxe e aportará instrumentos útiles para a mellora da dinámica educativa en todos os seus aspectos.

O proceso de avaliación deberá ser abordado en dous niveis complementarios:

a) A avaliación da programación en si, en tanto que instrumento pedagóxico. Trátase de verificar se o dispositivo pedagóxico empregado é adecuado e cales son os aspectos en que se poderían presentar maiores conflitos: no nivel de profundidade dos contidos expostos en cada nivel educativo, na idoneidade da temporalidade dos mesmos, no nivel de complexidade, na efectividade das actividades e lecturas propostas, na idoneidade dos materiais curriculares empregados...

b) A avaliación da resposta do alumnado á programación. Trátase de avaliar o nivel de resposta do alumnado coa acción pedagóxica e a capacitación deste á hora de avanzar nas diferentes competencias educativas que poida integrar.

- Competencia en comunicación lingüística: a observación das habilidades do alumnado para empregar correctamente a linguaxe, tanto na comunicación oral como na escrita, saber interpretar mensaxes dunha certa complexidade e estar capacitado para emitir xuízos críticos, xerando ideas propias e adoptando decisións persoais.

- Tratamento da información e competencia dixital: as actividades realizadas contribuirán notablemente a desenvolver a capacidade do alumnado para obter e procesar información dos novos soportes informáticos, transmitila e transformala en coñecemento.

- Competencia social e cidadá: a participación activa do alumnado na aula, fisicamente ou a través da aula virtual, favorecerá a capacidade para valorar tanto as opinións propias como as alleas.

- Competencia cultural e artística: En boa parte, os contidos do currículo, fundamentalmente de literatura, abórdanse desde unha perspectiva interdisciplinar, vinculándose a outras expresións artísticas e culturais coas que mantén unha relación directa. Será importante avaliar a capacidade do alumnado para entender, a partir desa visión, o fenómeno da literatura como unha mostra artística integrada no conxunto das manifestacións culturais dunha sociedade

determinada. Por outro lado, avaliarase a súa competencia para empregar os recursos propios da expresión literaria en traballos de creación que se irán propoñendo ao longo do curso.

- Autonomía e iniciativa persoal: a procura individual de información, a responsabilidade persoal á hora de discriminala, a capacidade para aportar iniciativas ao grupo, servirán para avaliar esta competencia, para analizar ata que punto cada alumno/a é capaz de responder aos retos que se lle presentan á hora de tomar decisións que teñan repercusións na súa contorna pedagóxica (e por extensión, na súa vida).

Finalmente, a elaboración da Memoria Final servirá para concretar a avaliación desta programación didáctica.

## **9. Outros apartados**

# PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

## Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
15025268	IES As Telleiras	Narón	2023/2024

## Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Bacharelato	Lingua galega e literatura II	2º Bac.	3	87

## Réxime

Réxime xeral-ordinario

<b>Contido</b>	<b>Páxina</b>
1. Introducción	3
2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias	3
3.1. Relación de unidades didácticas	5
3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas	7
4.1. Concrecións metodolóxicas	20
4.2. Materiais e recursos didácticos	23
5.1. Procedemento para a avaliación inicial	25
5.2. Criterios de cualificación e recuperación	26
6. Medidas de atención á diversidade	27
7.1. Concreción dos elementos transversais	28
7.2. Actividades complementarias	30
8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro	30
8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora	31
9. Outros apartados	34

## 1. Introducción

A materia de Lingua Galega en segundo de bacharelato presenta uns fins determinados de acordo aos obxectivos desta etapa. Por unha banda, preténdese mellorar a eficacia comunicativa do alumnado na produción, recepción e interacción oral, escrita e multimodal e pola outra, favorecer un uso ético da linguaxe.

Os obxectivos de Lingua Galega e Literatura neste curso marcan unha progresión a respecto dos da etapa anterior. Hai agora unha maior conciencia teórica e metodolóxica para analizar a realidade, así como unha mobilización dun conxunto maior de coñecementos, articulados a través de instrumentos de análise que axudan a construír e a estruturar o coñecemento explícito sobre os fenómenos lingüísticos e literarios tratados. Propónse tamén favorecer unha aproximación ampla á cultura, que incida nesta etapa na relación continua entre o pasado e o presente.

Os criterios de avaliación e os contidos distribúense en catro bloques. En primeiro lugar, «As linguas e os seus falantes» recolle diferentes aspectos sociolingüísticos, facendo fincapé na diversidade lingüística subliñando os fenómenos que se producen no marco do contacto entre linguas e as diferenzas entre variedades dialectais, sociolectos e rexistros, co fin de combater de maneira argumentada prexuízos e estereotipos lingüísticos. O segundo bloque, «Comunicación» abarca os saberes implicados na comunicación oral e escrita e a alfabetización informacional e mediática, vertebrándoos ao redor da realización de tarefas de produción, recepción e análise crítica de textos, con especial atención á produción de textos académicos e á recepción crítica de textos procedentes dos medios de comunicación, así como aos procesos de investigación que han de acompañar ambos os desempeños. O terceiro bloque, «Educación literaria» procura consolidar o hábito lector do alumnado, incrementar a súa capacidade para interpretar textos literarios e realizar un achegamento ao contexto histórico-cultural comprendido entre a época das Irmandades da Fala e a actualidade. O cuarto bloque, «Reflexión sobre a lingua», pretende acometer a aprendizaxe sistemática da gramática a través de procesos de indagación, establecendo unha relación entre coñecemento gramatical explícito e uso da lingua, a partir da reflexión e da comunicación de conclusións coa metalinguaxe adecuada.

Alén dos contidos lingüísticos, sociolingüísticos e literarios que inclúe a programación da materia de Lingua Galega e Literatura deste curso, cómpre tamén salientar a incorporación de nocións básicas das linguas da Península Ibérica.

A proposta didáctica que se presenta para segundo de bacharelato está articulada arredor de nove unidades didácticas cuxos títulos gardan relación con obras literarias da época que se estuda en cada unidade, agás no caso da primeira.

Abórdanse en todas elas os catro bloques de contidos e están articuladas segundo a Orde do 3 de maio de 2023 pola que se aproba o calendario escolar para o curso 2023/24 nos centros docentes sostidos con fondos públicos na Comunidade Autónoma de Galicia.

Neste curso non podemos vivir alleos á realidade do noso alumnado que, en xuño, se terá que enfrontar a unhas probas de prelación como son as ABAU, con repercusión no seu futuro profesional, o cal condiciona que se incida máis ou menos no desenvolvemento de determinados aspectos da programación.

## 2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1 - Explicar e apreciar a diversidade lingüística do mundo a partir do coñecemento da realidade plurilingüe e pluricultural da Península Ibérica (e, máis concretamente, do portugués, catalán e éuscaro) e a riqueza dos bloques e áreas dialectais do galego, así como da reflexión sobre os fenómenos do contacto entre linguas, para favorecer a reflexión interlingüística, para combater os estereotipos e prexuízos lingüísticos e para valorar esta diversidade como fonte de patrimonio cultural.	1-5	2-3				1-2		1

<b>Obxectivos</b>	<b>CCL</b>	<b>CP</b>	<b>STEM</b>	<b>CD</b>	<b>CPSAA</b>	<b>CC</b>	<b>CE</b>	<b>CCEC</b>
OBX2 - Comprender e interpretar textos orais e multimodais, con especial atención aos textos académicos e dos medios de comunicación, recollendo o sentido xeral e a información máis relevante, identificando o punto de vista e a intención do emisor e valorando a súa fiabilidade, a súa forma e o seu contido, para construír coñecemento, para formarse opinión e para ampliar as posibilidades de gozo e lecer.	2	2	1	2-3	40	3		
OBX3 - Producir textos orais e multimodais, con atención preferente aos de carácter académico, con rigor, fluidez, coherencia, cohesión e o rexistro adecuado, atendendo ás convencións propias dos diferentes xéneros discursivos, e participar en interaccións orais con actitude cooperativa e respectuosa, tanto para construír coñecemento e establecer vínculos persoais, como para intervir de maneira activa e informada en diferentes contextos sociais.	1-3-5	2	1	2-3		2		
OBX4 - Comprender, interpretar e valorar textos escritos, con sentido crítico e diferentes propósitos de lectura con especial atención a textos académicos e dos medios de comunicación, recoñecendo o sentido global e as ideas principais e secundarias, integrando a información explícita e realizando as inferencias necesarias, identificando a intención do emisor, reflexionando sobre o contido e a forma e avaliando a súa calidade e fiabilidade, para dar resposta a necesidades e intereses comunicativos diversos e para construír coñecemento.	2-3-5	2	4	1	40	3		
OBX5 - Producir textos escritos e multimodais coherentes, cohesionados, adecuados e correctos, con especial atención aos xéneros discursivos do ámbito académico, para construír coñecemento e dar resposta de maneira informada, eficaz e creativa a demandas comunicativas concretas.	1-3-5		1	2-3	50	2		
OBX6 - Seleccionar e contrastar información procedente de diferentes fontes, avaliando a súa fiabilidade e pertinencia en función dos obxectivos de lectura e evitando os riscos de manipulación e desinformación, e integrala e transformala en coñecemento para comunicala, cun punto de vista crítico e persoal á vez que respectuoso coa propiedade intelectual, especialmente no marco da realización de traballos de investigación sobre temas do currículo ou vinculados ás obras literarias lidas.	3			1-2-3-4	40	2	3	

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX7 - Seleccionar e ler de maneira autónoma obras relevantes da literatura contemporánea como fonte de pracer e coñecemento, configurando un itinerario lector que se enriqueza progresivamente en canto á diversidade, complexidade e calidade das obras, e partillar experiencias lectoras para construír a propia identidade lectora e gozar da dimensión social da lectura.	1-4			3	11			2-31-32
OBX8 - Ler, interpretar e valorar obras relevantes do patrimonio galego, lusófono e universal, utilizando unha metalinguaxe específica e mobilizando a experiencia biográfica e os coñecementos literarios e culturais que permiten establecer vínculos entre textos diversos, para conformar un mapa cultural, para alargar as posibilidades de gozo da literatura e para crear textos de intención literaria.	1-4					1		1-2-31-32-42
OBX9 - Consolidar e afondar no coñecemento explícito e sistemático sobre a estrutura da lingua e os seus usos, e reflexionar de maneira autónoma sobre as eleccións lingüísticas e discursivas, coa terminoloxía adecuada, para desenvolver a conciencia lingüística, para aumentar o repertorio comunicativo e para mellorar as destrezas tanto de produción oral e escrita como de comprensión e interpretación crítica.	1-2	2	1-2		50			
OBX10 - Pór as prácticas comunicativas ao servizo da convivencia democrática, a resolución dialogada dos conflitos e a igualdade de dereitos de todas as persoas, utilizando unha linguaxe non discriminatoria e desterrando os abusos de poder a través da palabra, para favorecer un uso non só eficaz senón tamén ético e democrático da linguaxe.	1-5	3		3	31	1-2-3		

**Descrición:**
**3.1. Relación de unidades didácticas**

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	UNIDADE 1	Variedades dialectais do galego e aproximación ao estudo das linguas da Península Ibérica.	5	10	X		



UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	UNIDADE 1	Fonética e Fonoloxía do galego: a caracterización dos fonemas vocálicos e consonánticos. Tratamento das variedades xeográficas ou diatópicas; das variedades sociais ou diastráticas e por último, das variedades situacionais ou diafásicas.  - Estereotipos e prexuízos lingüísticoa: a súa repercusión nos usos. Tratamento dos estereotipos e prexuízos lingüísticos.	5	10	X		
2	UNIDADE 2	MORFOSINTAXE/SEMÁNTICA: Regras de acentuación. As conxuncións comparativas. As categorías gramaticais. As relacións semánticas.	10	10	X		
3	UNIDADE 3	LITERATURA: A literatura galega de 1916 a 1936. : a poesía, a prosa, o teatro.	15	9	X		
4	UNIDADE 4	Sociolingüística: Historia da normativización: a construción da variante estándar. Interferencias e desviacións da norma. O galego de finais do s.XX e comezos do XXI. O galego, lingua en vías de normalización.	10	10	X		
5	UNIDADE 5	MORFOSINTAXE: pronome persoal. (tónicos e átonos, colocación de pronomes átonos). Valores de SE.  LEXICOLOXÍA: prefixos, sufixos, segmentación.	10	10		X	
6	UNIDADE 6	COMENTARIO DE TEXTO: definición de palabras e/ou expresións, ideas principais e secundarias, resumo, tema, título e estrutura, comentario crítico.  Veranse as unidades comunicativas: texto e enunciado e tamén as propiedades textuais (coherencia, cohesión, adecuación e informatividade).	10	10		X	
7	UNIDADE 7	LITERATURA: A literatura galega de 1936 a 1976: a poesía, a prosa, o teatro.	10	9		X	
8	UNIDADE 8	MORFOSINTAXE: o verbo. ( formas verbais, segmentación, infinitivo conxugado e perífrases verbais) SINTAXE: unidades e funcións sintácticas. Recursos de cohesión.	10	10			X

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
8	UNIDADE 8		10	10			X
9	UNIDADE 9	LITERATURA: A literatura de 1975 á actualidade: poesía, prosa, teatro.	20	9			X

### 3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

UD	Título da UD	Duración
1	UNIDADE 1	10

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Recoñecer e valorar as linguas da Península Ibérica e as variedades dialectais do galego, contrastando de maneira explícita e coa metalinguaxe apropiada aspectos lingüísticos e discursivos destas linguas en manifestacións orais, escritas e multimodais, diferenciando os trazos de lingua que responden á diversidade dialectal dos que se corresponden con sociolectos ou rexistros.	Recoñece as variedades dialectais do galego.	PE	70
CA1.2 - Cuestionar e refutar prexuízos e estereotipos lingüísticos adoptando unha actitude de respecto e valoración da riqueza cultural, lingüística e dialectal, atendendo á diversidade de normas cultas e estándares que se dan nunha mesma lingua, así como analizando e valorando a relevancia actual dos medios de comunicación e das redes sociais nos procesos de normalización lingüística.	E capaz de detectar e argumenta	TI	30
CA1.3 - Identificar e desterrar os usos discriminatorios da lingua, os abusos de poder a través da palabra e os usos manipuladores da linguaxe a partir da reflexión e análise dos elementos lingüísticos, textuais e discursivos utilizados, así como dos elementos non verbais que rexen a comunicación entre as persoas.	Identifica os usos discriminatorios da lingua		
CA1.4 - Utilizar estratexias para a resolución dialogada dos conflitos e a procura de consensos tanto no ámbito persoal como educativo e social.	Utiliza estratexias para a resolución dialogada		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> <li>- As linguas da Península Ibérica e as variedades dialectais do galego.</li> <li>- Estratexias avanzadas da reflexión interlingüística e sociolingüística.</li> <li>- Diferenzas entre os trazos propios das variedades dialectais (fónicos, gramaticais e léxicos) e os relativos aos</li> </ul>

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> <li>- sociolectos e os rexistros.</li> <li>- Indagación e explicación dos conceptos de norma culta e estándar, atendendo á súa utilidade e á súa diversidade na lingua galega.</li> <li>- Os medios de comunicación e as redes sociais nos procesos de normalización lingüística.</li> <li>- Estratexias de detección de prexuízos e estereotipos lingüísticos coa finalidade de combatelos.</li> <li>- Semellanzas e diferenzas lingüísticas e discursivas máis salientables entre as linguas da Península Ibérica, contrastándoas en manifestacións orais, escritas e multimodais.</li> </ul>

UD	Título da UD	Duración
2	UNIDADE 2	10

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.5 - Elaborar textos académicos coherentes, cohesionados e co rexistro adecuado arredor de temas curriculares ou de interese social e cultural, precedidos dun proceso de planificación que atenda á situación comunicativa, destinatario, propósito e canle, e de redacción e revisión de borradores entre iguais ou utilizando outros instrumentos de consulta.	Elabora textos coherentes, cohesionados, adecuados e correctos	PE	50
CA2.6 - Incorporar procedementos para enriquecer os textos, atendendo a aspectos discursivos, lingüísticos e de estilo, con precisión léxica e corrección ortográfica e gramatical.	Os seus textos teñen precisión léxica e corrección ortográfica e gramatical		
CA2.8 - Valorar criticamente o contido e a forma de textos especializados avaliando a súa calidade e fiabilidade, así como a eficacia dos procedementos lingüísticos empregados.	Valora criticamente o contido e os procedementos lingüísticos dos textos		
CA2.1 - Identificar o sentido global, a estrutura, a información relevante en función das necesidades comunicativas e a intención do emisor en textos orais e multimodais especializados propios de diferentes ámbitos analizando a interacción entre os diferentes códigos.	Identifica o sentido global, a estrutura e a información relevante dos textos	TI	50
CA2.4 - Participar de maneira activa e adecuada en interaccións orais (formais e informais) e no traballo en equipo con actitudes de escoita activa e estratexias de cooperación conversacional e cortesía lingüística.	Amosa unha actitude activa na clase		
CA4.1 - Incorporar procedementos para enriquecer os textos, atendendo a aspectos discursivos, lingüísticos e de estilo, con precisión léxica e corrección ortográfica e gramatical.	Os seus textos teñen precisión léxica e corrección ortográfica e gramatical		

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA4.2 - Revisar os propios textos e facer propostas de mellora argumentando os cambios a partir da reflexión metalingüística e interlingüística e cunha metalinguaxe específica, e identificar e solucionar problemas de comprensión lectora utilizando os coñecementos explícitos sobre a lingua e o seu uso.	Os seus textos amosan certa revisión previa		
CA4.3 - Explicar e argumentar a interrelación entre o propósito comunicativo e as eleccións lingüísticas do emisor, así como os seus efectos no receptor, utilizando o coñecemento explícito da lingua e unha metalinguaxe específica.	Relaciona o propósito comunicativo coas eleccións lingüísticas		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

<b>Contidos</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Recoñecemento e uso discursivo dos elementos lingüísticos en textos orais, escritos e multimodais.</li> <li>- Formas lingüísticas de expresión da subxectividade e da obxectividade e das súas formas de expresión nos textos.</li> <li>- Recursos lingüísticos para adecuar o rexistro á situación de comunicación.</li> <li>- Conectores, marcadores discursivos e outros procedementos léxico semánticos e gramaticais que contribúen á cohesión do texto.</li> <li>- Relacións entre as formas verbais como procedementos de cohesión do texto con especial atención á valoración e ao uso dos tempos verbais.</li> <li>- Corrección lingüística e revisión ortográfica, gramatical e tipográfica dos textos. Uso eficaz de dicionarios, manuais de consulta e de correctores ortográficos en soporte analóxico ou dixital.</li> <li>- Os signos de puntuación como mecanismo organizador do texto escrito e a súa relación co significado.</li> <li>- Elaboración de conclusións propias sobre o funcionamento do sistema lingüístico cunha metalinguaxe específica a partir da observación, comparación e clasificación de unidades comunicativas e do contraste entre linguas.</li> <li>- Diferenzas relevantes e interseccións entre lingua oral e lingua escrita atendendo a aspectos sintácticos, léxicos e pragmáticos.</li> <li>- A lingua como sistema interconectado tendo en conta os diferentes niveis: fonolóxico, morfolóxico, sintáctico e semántico.</li> <li>- Distinción entre a forma (categoría gramatical) e a función das palabras (funcións sintácticas da oración simple e composta).</li> <li>- Relación entre a estrutura semántica (significados verbais e argumentos) e sintáctica (suxeito, predicado e complementos) da oración simple e composta en función do propósito comunicativo.</li> <li>- Procedementos de adquisición e formación de palabras e reflexión sobre as mudanzas no seu significado. As relacións semánticas entre palabras. Valores denotativos e connotativos en función da súa adecuación ao contexto e ao propósito comunicativo.</li> <li>- Uso autónomo de dicionarios, manuais de gramática e outras fontes de consulta en soporte analóxico e dixital para obter información gramatical de carácter xeral.</li> </ul>

<b>UD</b>	<b>Título da UD</b>	<b>Duración</b>
3	UNIDADE 3	9

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA3.5 - Explicar e argumentar a interpretación das obras lidas a partir da análise das relacións internas dos seus elementos constitutivos co sentido da obra e das relacións externas do texto co seu contexto sociohistórico e coa tradición literaria, utilizando unha metalinguaxe específica e incorporando xuízos de valor vinculados á apreciación estética das obras.	É capaz de argumentar e interpretar sobre o sentido e a relación entre os elementos das obras	PE	40
CA3.1 - Participar de maneira activa e adecuada en interaccións orais (formais e informais) e no traballo en equipo con actitudes de escoita activa e estratexias de cooperación conversacional e cortesía lingüística.	Participa de forma activa no traballo en equipo	TI	60
CA3.2 - Valorar criticamente o contido e a forma de textos especializados avaliando a súa calidade e fiabilidade, así como a eficacia dos procedementos lingüísticos empregados.	Valora o contido e a forma dos textos, recoñecendo a súa calidade e fiabilidade		
CA3.3 - Elixir e ler de maneira autónoma obras relevantes que se relacionen coas propostas de lectura guiada, incluíndo o ensaio literario e obras actuais que establezan conexións coa tradición, e deixar constancia do progreso do propio itinerario lector e cultural mediante a explicación argumentada dos criterios de selección das lecturas, as formas de acceso á cultura literaria e da experiencia de lectura.	Le de forma autónoma obras ensaísticas e actuais que conecten a tradición coa modernidade		
CA3.4 - Compartir a experiencia lectora utilizando unha metalinguaxe específica e elaborar unha interpretación persoal establecendo vínculos argumentados con outras obras e outras experiencias artísticas e culturais.	Realiza unha interpretación persoal establecendo vínculos con outras culturas		
CA3.6 - Desenvolver proxectos de investigación que se concreten nunha exposición oral, un ensaio ou unha presentación multimodal, establecendo vínculos argumentados entre as obras da literatura galega dos séculos XX e XXI obxecto de lectura guiada e outros textos, como algunha mostra do ámbito lusófono, e manifestacións artísticas de onte e de hoxe, en función de temas, tópicos, estruturas, linguaxe, recursos expresivos e valores éticos e estéticos, e explicitando a implicación e a resposta persoal do lector na lectura.	Expón oralmente aspectos das obras sobre as que investigou.		
CA3.7 - Revisar os propios textos e facer propostas de mellora argumentando as mudanzas a partir da reflexión metalingüística e interlingüística e cunha metalinguaxe específica, e identificar e solucionar problemas de comprensión lectora utilizando os coñecementos explícitos sobre a lingua e o seu uso.	Os seus textos denotan certa revisión previa.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

### Contidos

ˆ Lectura autónoma de obras de autoras e autores relacionadas coas propostas de lectura guiada da literatura galega dos séculos XX e XXI e tamén algunha mostra do ámbito lusófono, que susciten reflexión sobre o propio

## Contidos

- itinerario lector, así como a inserción no debate interpretativo da cultura. Procesos e estratexias.
- Selección das obras relevantes, incluíndo o ensaio literario e formas actuais de produción e consumo cultural, coa axuda de recomendacións especializadas.
- Participación activa no circuito literario e lector en contexto presencial e dixital. Utilización autónoma de todo tipo de bibliotecas. Acceso a outras experiencias culturais.
- Expresión argumentada dos gustos lectores persoais. Diversificación do corpus lido, atendendo aos circuitos comerciais do libro e distinguindo entre literatura canónica e de consumo, clásicos e bestsellers.
- Comunicación da experiencia lectora utilizando unha metalinguaxe específica e atendendo a aspectos temáticos, xénero e subxénero, elementos da estrutura e o estilo, e valores éticos e estéticos das obras.
- Mobilización da experiencia persoal, lectora e cultural para establecer vínculos entre a obra lida e aspectos da actualidade e outras manifestacións literarias ou artísticas.
- Recomendación das lecturas en soportes variados, atendendo a aspectos temáticos, formais e intertextuais. Utilización das redes sociais e dos formatos audiovisuais para o fomento da lectura.
- Lectura guiada de obras relevantes da literatura galega dos séculos XX e XXI, inscritas en itinerarios temáticos ou de xénero ao redor de tres eixos: (1) A literatura galega no primeiro terzo do século XX (1916- 1936); (2) A literatura galega entre 1936 a 1975; (3) A literatura galega de fins do século XX e comezos do XXI. Procesos e estratexias.
- Construción compartida da interpretación das obras a través de discusións ou conversas literarias.
- Análise dos elementos constitutivos do xénero literario e a súa relación co sentido da obra. Efectos na recepción dos seus recursos expresivos.
- Utilización da información sociohistórica, cultural e artística para interpretar as obras e comprender o seu lugar na tradición literaria.
- Vínculos intertextuais entre obras e outras manifestacións artísticas en función de temas, tópicos, estruturas e linguaxes. Elementos de continuidade e ruptura.
- Expresión argumentada da interpretación dos textos, integrando os diferentes aspectos analizados e atendendo aos seus valores culturais, éticos e estéticos. Lectura con perspectiva de xénero. Visibilización do universo feminino.
- Lectura expresiva, dramatización e recitado atendendo aos procesos de comprensión, apropiación e oralización implicados.
- Creación de textos de intención literaria a partir das obras lidas.

UD	Título da UD	Duración
4	UNIDADE 4	10

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.8 - Valorar criticamente o contido e a forma de textos especializados avaliando a súa calidade e fiabilidade, así como a eficacia dos procedementos lingüísticos empregados.	Identifica o contido e as ideas principais de textos especializados	PE	50

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA1.4 - Utilizar estratexias para a resolución dialogada dos conflitos e a procura de consensos tanto no ámbito persoal como educativo e social.	Resolve conflitos mediante o diálogo	TI	50
CE2.10 - Avaliar a veracidade de noticias e informacións, con especial atención ás redes sociais e outros contornos dixitais, seguindo pautas de análises, contraste e verificación, facendo uso da ferramenta adecuada e mantendo unha actitude crítica fronte aos posibles nesgos da información.	Recoñece e valora a fiabilidade de noticias presentes nas redes sociais.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

<b>Contidos</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Indagación e explicación dos conceptos de norma culta e estándar, atendendo á súa utilidade e á súa diversidade na lingua galega.</li> <li>- Os medios de comunicación e as redes sociais nos procesos de normalización lingüística.</li> <li>- Semellanzas e diferenzas lingüísticas e discursivas máis salientables entre as linguas da Península Ibérica, contrastándoas en manifestacións orais, escritas e multimodais.</li> <li>- Contexto vinculado ás estratexias de produción, comprensión e análise crítica de textos orais, escritos e multimodais de diferentes ámbitos: compoñentes do feito comunicativo.</li> <li>- Compoñentes do feito comunicativo: grao de formalidade da situación e carácter público ou privado; distancia social entre os interlocutores; propósitos comunicativos e interpretación de intencións; canle de comunicación e elementos non verbais da comunicación.</li> <li>- Procesos de comprensión, produción e análise crítica de diversos tipos de textos orais, escritos e multimodais.</li> <li>- Interacción oral e escrita de carácter formal: tomar e ceder a palabra. Cooperación conversacional e cortesía lingüística.</li> <li>- Comprensión oral: sentido global do texto e relación entre as súas partes, selección e retención da información relevante. A intención do emisor. Detección dos usos discriminatorios da linguaxe verbal e non verbal, dos abusos a través da palabra e dos usos manipuladores da linguaxe. Valoración da forma e o contido do texto.</li> <li>- Produción oral formal: planificación e procura de información, redacción e revisión. Adecuación á audiencia e ao tempo da exposición. Elementos non verbais. Trazos discursivos e lingüísticos da oralidade formal. A deliberación oral argumentada.</li> <li>- Produción escrita: elaboración: planificación, redacción, revisión e edición en diferentes soportes. Corrección gramatical e ortográfica. Propiedade léxica.</li> <li>- Alfabetización mediática e informacional: procura autónoma e selección da información con criterios de fiabilidade, calidade e pertinencia; análise, valoración, reorganización e síntese da información en esquemas pro-prios e transformación en coñecemento; comunicación e difusión da información reelaborada de maneira cre-ativa e respectuosa coa propiedade intelectual. A xestión de contidos, o almacenamento e a recuperación da información relevante. Noticias falsas e verificación de feitos.</li> </ul>

<b>UD</b>	<b>Título da UD</b>	<b>Duración</b>
5	UNIDADE 5	10

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
--------------------------------	-------------------------------	-----------	----------

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA4.1 - Incorporar procedementos para enriquecer os textos, atendendo a aspectos discursivos, lingüísticos e de estilo, con precisión léxica e corrección ortográfica e gramatical.	Enriquece os seus textos incorporando aspectos que o enriquecen lexica, ortografica e gramaticalmente.	PE	90
CA4.2 - Revisar os propios textos e facer propostas de mellora argumentando os cambios a partir da reflexión metalingüística e interlingüística e cunha metalinguaxe específica, e identificar e solucionar problemas de comprensión lectora utilizando os coñecementos explícitos sobre a lingua e o seu uso.	É quen de identificar e reflexionar sobre aspectos lingüísticos utilizando unha terminoloxía axeitada.		
CA4.3 - Explicar e argumentar a interrelación entre o propósito comunicativo e as eleccións lingüísticas do emisor, así como os seus efectos no receptor, utilizando o coñecemento explícito da lingua e unha metalinguaxe específica.	É capaz de argumentar sobre cuestións lingüísticas cunha metalinguaxe específica		
CA4.4 - Elaborar e presentar os resultados de pequenos proxectos de investigación sobre aspectos relevantes do funcionamento da lingua, formulando hipóteses e establecendo xeneralizacións, utilizando os conceptos e a terminoloxía lingüística adecuada e consultando de maneira autónoma dicionarios, manuais e gramáticas en soporte analóxico e dixital.	Formula hipóteses e xeralizacións sobre cuestións lingüísticas cunha linguaxe apropiada.	TI	10

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

<b>Contidos</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Elaboración de conclusións propias sobre o funcionamento do sistema lingüístico cunha metalinguaxe específica a partir da observación, comparación e clasificación de unidades comunicativas e do contraste entre linguas.</li> <li>- Diferenzas relevantes e interseccións entre lingua oral e lingua escrita atendendo a aspectos sintácticos, léxicos e pragmáticos.</li> <li>- A lingua como sistema interconectado tendo en conta os diferentes niveis: fonolóxico, morfolóxico, sintáctico e semántico.</li> <li>- Distinción entre a forma (categoría gramatical) e a función das palabras (funcións sintácticas da oración simple e composta).</li> <li>- Relación entre a estrutura semántica (significados verbais e argumentos) e sintáctica (suxeito, predicado e complementos) da oración simple e composta en función do propósito comunicativo.</li> <li>- Procedementos de adquisición e formación de palabras e reflexión sobre as mudanzas no seu significado. As relacións semánticas entre palabras. Valores denotativos e connotativos en función da súa adecuación ao contexto e ao propósito comunicativo.</li> <li>- Uso autónomo de dicionarios, manuais de gramática e outras fontes de consulta en soporte analóxico e dixital para obter información gramatical de carácter xeral.</li> </ul>

<b>UD</b>	<b>Título da UD</b>	<b>Duración</b>
6	UNIDADE 6	10

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
--------------------------------	-------------------------------	-----------	----------



Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.1 - Identificar o sentido global, a estrutura, a información relevante en función das necesidades comunicativas e a intención do emisor en textos orais e multimodais especializados propios de diferentes ámbitos analizando a interacción entre os diferentes códigos.	Establece a estrutura interna e o tema de textos orais, así como a intención do seu emisor		
CA2.2 - Valorar a forma e o contido de textos orais e multimodais especializados avaliando a súa calidade, fiabilidade e idoneidade da canle utilizada, así como a eficacia dos procedementos comunicativos empregados.	Recoñece e valora a fiabilidade de textos orais, así como a idoneidade da súa canle		
CA2.3 - Realizar exposicións e argumentacións orais formais extensas e nas que se recollan diferentes puntos de vista, con diferente grao de planificación sobre temas de interese científico e cultural e de relevancia académica e social axustándose ás convencións propias de cada xénero discursivo e facelo con fluidez, rigor, coherencia, cohesión e o rexistro adecuado en diferentes soportes, utilizando de maneira eficaz recursos verbais e non verbais.	Expón con fluidez textos orais de distintos xéneros		
CA2.4 - Participar de maneira activa e adecuada en interaccións orais (formais e informais) e no traballo en equipo con actitudes de escoita activa e estratexias de cooperación conversacional e cortesía lingüística.	Colabora activamente nos traballos en equipo		
CA2.5 - Elaborar textos académicos coherentes, cohesionados e co rexistro adecuado arredor de temas curriculares ou de interese social e cultural, precedidos dun proceso de planificación que atenda á situación comunicativa, destinatario, propósito e canle, e de redacción e revisión de borradores entre iguais ou utilizando outros instrumentos de consulta.	Planifica e elabora textos con cohesión e coherencia relacionados con temas do currículo	TI	100
CA2.6 - Incorporar procedementos para enriquecer os textos, atendendo a aspectos discursivos, lingüísticos e de estilo, con precisión léxica e corrección ortográfica e gramatical.	Revisa os seus textos tendo en conta aspectos como o léxico e a corrección ortográfica e gramatical		
CA2.7 - Identificar o sentido global, a estrutura, a información relevante e a intención do emisor de textos escritos e multimodais especializados, con especial atención a textos académicos e dos medios de comunicación, realizando as inferencias necesarias e con diferentes propósitos de lectura.	Establece a estrutura interna e o tema de textos escritos, así como a intención do seu emisor		
CA2.8 - Valorar criticamente o contido e a forma de textos especializados avaliando a súa calidade e fiabilidade, así como a eficacia dos procedementos lingüísticos empregados.	Recoñece e valora a fiabilidade de textos escritos, así como a idoneidade da súa canle		

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CE2.9 - Elaborar traballos de investigación de maneira autónoma, en diferentes soportes, sobre diversos temas de interese académico, persoal ou social que impliquen localizar, seleccionar e contrastar información procedente de diferentes fontes, con especial atención á xestión do seu almacenamento e recuperación, así como á avaliación da súa fiabilidade e pertinencia; organizala e integrala en esquemas propios; e reelabora e comunicala de maneira creativa, adoptando un punto de vista crítico e respectuoso coa propiedade intelectual.	Realiza un traballo de investigación onde se teña que contrastar a veracidade da información		
CE2.10 - Avaliar a veracidade de noticias e informacións, con especial atención ás redes sociais e outros contornos dixitais, seguindo pautas de análises, contraste e verificación, facendo uso da ferramenta adecuada e mantendo unha actitude crítica fronte aos posibles nesgos da información.	Recoñece e valora a fiabilidade de noticias presentes nas redes sociais.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

<b>Contidos</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Contexto vinculado ás estratexias de produción, comprensión e análise crítica de textos orais, escritos e multimodais de diferentes ámbitos: compoñentes do feito comunicativo.</li> <li>- Compoñentes do feito comunicativo: grao de formalidade da situación e carácter público ou privado; distancia social entre os interlocutores; propósitos comunicativos e interpretación de intencións; canle de comunicación e elementos non verbais da comunicación.</li> <li>- Os xéneros discursivos desde o punto de vista da comprensión, produción e análise crítica de textos orais, escritos e multimodais.</li> <li>- Propiedades textuais: coherencia, cohesión e adecuación.</li> <li>- Xéneros discursivos propios do ámbito educativo Os textos académicos.</li> <li>- Xéneros discursivos propios do ámbito social. As redes sociais e medios de comunicación.</li> <li>- Procesos de comprensión, produción e análise crítica de diversos tipos de textos orais, escritos e multimodais.</li> <li>- Interacción oral e escrita de carácter formal: tomar e ceder a palabra. Cooperación conversacional e cortesía lingüística.</li> <li>- Comprensión lectora: sentido global do texto e relación entre as súas partes. A intención do emisor. Detección dos usos discriminatorios da linguaxe verbal e icónica. Os abusos de poder e a manipulación a través da linguaxe. Valoración da forma e o contido do texto.</li> <li>- Produción escrita: elaboración: planificación, redacción, revisión e edición en diferentes soportes. Corrección gramatical e ortográfica. Propiedade léxica.</li> <li>- Recoñecemento e uso discursivo dos elementos lingüísticos en textos orais, escritos e multimodais.</li> <li>- Corrección lingüística e revisión ortográfica, gramatical e tipográfica dos textos. Uso eficaz de dicionarios, manuais de consulta e de correctores ortográficos en soporte analóxico ou dixital.</li> <li>- Os signos de puntuación como mecanismo organizador do texto escrito e a súa relación co significado.</li> </ul>

UD	Título da UD	Duración
7	UNIDADE 7	9

Cráterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.2 - Valorar criticamente o contido e a forma de textos especializados avaliando a súa calidade e fiabilidade, así como a eficacia dos procedementos lingüísticos empregados.	Recoñece e valora a fiabilidade de textos escritos, así como a idoneidade da súa canle	PE	40
CA3.5 - Explicar e argumentar a interpretación das obras lidas a partir da análise das relacións internas dos seus elementos constitutivos co sentido da obra e das relacións externas do texto co seu contexto sociohistórico e coa tradición literaria, utilizando unha metalinguaxe específica e incorporando xuízos de valor vinculados á apreciación estética das obras.	Recoñecde o argumento das obras lidas e os relaciona co contexto histórico		
CA3.1 - Participar de maneira activa e adecuada en interaccións orais (formais e informais) e no traballo en equipo con actitudes de escoita activa e estratexias de cooperación conversacional e cortesía lingüística.	Amosa un carácter participativo no emprego da lingua oral, tanto na aula como fóra dela	TI	60
CA3.3 - Elixir e ler de maneira autónoma obras relevantes que se relacionen coas propostas de lectura guiada, incluíndo o ensaio literario e obras actuais que establezan conexións coa tradición, e deixar constancia do progreso do propio itinerario lector e cultural mediante a explicación argumentada dos criterios de selección das lecturas, as formas de acceso á cultura literaria e da experiencia de lectura.	Le obras relacionadas coas 3 etapas da literatura galega do s.XX que se relacionan co currículo		
CA3.4 - Compartir a experiencia lectora utilizando unha metalinguaxe específica e elaborar unha interpretación persoal establecendo vínculos argumentados con outras obras e outras experiencias artísticas e culturais.	Elabora unha breve reseña sobre as lecturas escollidas, aportando a súa interpretación persoal		
CA3.6 - Desenvolver proxectos de investigación que se concreten nunha exposición oral, un ensaio ou unha presentación multimodal, establecendo vínculos argumentados entre as obras da literatura galega dos séculos XX e XXI obxecto de lectura guiada e outros textos, como algunha mostra do ámbito lusófono, e manifestacións artísticas de onte e de hoxe, en función de temas, tópicos, estruturas, linguaxe, recursos expresivos e valores éticos e estéticos, e explicitando a implicación e a resposta persoal do lector na lectura.	Elabora un pequeno traballo de investigación no que se conecten argumentalmente as obras da literatura galega do s.XX e XXI, con algúns autores portugueses deste período		
CA3.7 - Revisar os propios textos e facer propostas de mellora argumentando as mudanzas a partir da reflexión metalingüística e interlingüística e cunha metalinguaxe específica, e identificar e solucionar problemas de comprensión lectora utilizando os coñecementos explícitos sobre a lingua e o seu uso.	Identifica nos seus textos os erros de expresión e comprensión que ten, tendo en conta os seus propios coñecementos lingüísticos		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.8 - Identificar e evitar os usos discriminatorios da lingua, os abusos de poder a través da palabra e os usos manipuladores da linguaxe a partir da reflexión e a análise dos elementos lingüísticos, textuais e discursivos utilizados, así como dos elementos non verbais que rexen a comunicación entre as persoas.	Detecta os usos discriminatorios e as manipulacións lingüísticas que aparecen en textos		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
